



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Infraestructuras e Mobilidade

Aprobación definitiva da Ordenanza de mobilidade sostible no Concello da Coruña

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE MOBILIDADE SOSTIBLE NO CONCELLO DA CORUÑA

O pleno da corporación municipal da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o día 11 de setembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro. Estimar as reclamacións e suxestións conforme ao indicado neste informe proposta e modificar o texto da Ordenanza de Mobilidade Sostible nos artigos correspondentes e desestimar as reclamacións e suxestións conforme ao establecido neste informe proposta.

Segundo. Aprobar definitivamente a Ordenanza municipal de Mobilidade Sostible da Coruña, que consta dunha exposición de motivos, 192 artigos, repartidos en 11 títulos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria, tres finais e cinco anexos, cuxo texto ten o seguinte código CSV: 5E1P 4E60 2352 4W5X 0AX6.

Terceiro. Notificar o presente Acordo e a Ordenanza de Mobilidade Sostible aprobada definitivamente á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia en virtude do artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cuarto. Notificar o presente Acordo e a Ordenanza de Mobilidade Sostible aprobada definitivamente ás persoas físicas e xurídicas que presentaron suxestións e reclamacións no período de información ao público do texto aprobado inicialmente, coa resposta correspondente á súa suxestión ou reclamación.

Quinto. Publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Portal de Transparencia do Concello da Coruña o presente Acordo e a Ordenanza de Mobilidade Sostible aprobada definitivamente, entrando en vigor, en aplicación do establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aos q

Logo de transcorrer o prazo previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co artigo 65.2 da mesma lei, publícase integramente o citado texto normativo, que entrará en vigor aos quince días a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a disposición xeral que se transcribe poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 10.1.b da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

A Coruña, a 23 de setembro de 2025

O director da Área de Mobilidade

Luis Vázquez Rodríguez

ORDENANZA DE MOBILIDADE SOSTIBLE

PREÁMBULO

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FINALIDADE, ÁMBITO DE APLICACIÓN, PRINCIPIOS REITORES E COMPETENCIAS

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Principios informadores

Artigo 4. Distribución de competencias

TÍTULO PRIMEIRO ESPAZOS PÚBLICOS DA MOBILIDADE

Capítulo 1. Normas xerais

Artigo 5. Prioridade das persoas

Artigo 6. Xerarquía na mobilidade

Artigo 7. Coordinación nas vías e espazos públicos

Artigo 8. Usos especiais

Artigo 9. Sinalización

Artigo 10. Velocidade de circulación

Capítulo 2. Tipoloxía funcional dos espazos públicos da Mobilidade

Artigo 11. Zonas Peonís

Artigo 12. Rúas residenciais e zonas de preferencia peonil

Artigo 13. Camiño escolar seguro

Artigo 14. Carril-bici

Artigo 15. Calzada e carril

Artigo 16. Ciclo-carrís 30

Artigo 17. Uso das vía e modificacións no seu uso

Capítulo 3. Zonas de acceso restrinxido

Artigo 18. Zonas de acceso restrinxido

Capítulo 4. Zonas de baixas emisións (ZBE en adiante)

Artigo 19. Obxecto

Artigo 20. Zona de Baixas Emisións da Coruña (ZBECOR en adiante)

Artigo 21. Extensión da ZBECOR a outros sectores da cidade

Artigo 22. Implantación da ZBE e coherencia cos instrumentos de planificación

Artigo 23. Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de contaminación

Artigo 24. Sistema de control e protección de datos

Artigo 25. Atención á cidadanía na xestión da ZBE

TÍTULO SEGUNDO: A MOBILIDADE ACTIVA

Capítulo 1. Disposicións comúns

Artigo 26. Concepto de mobilidade activa

Capítulo 2. Mobilidade a pé con aparellos sen propulsión motora e de persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida

Artigo 27. Persoas que se desprazan a pé

Artigo 28. Circulación de patíns, patinetes e aparellos similares sen motor

Artigo 29. Persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida

Capítulo 3. Mobilidade en ciclo e bicicleta

Artigo 30. Obxecto, definicións e réxime xurídico

Artigo 31. Dereitos e obrigacións xerais das persoas ciclistas

Artigo 32. Velocidade de circulación

Artigo 33. Visibilidade e accesorios

Artigo 34. Normas de circulación con ciclos e bicicletas

Artigo 35. Supostos de prioridade de circulación respecto aos vehículos de motor.

Artigo 36. Servizo público de préstamo de bicicletas.

Capítulo 4. Mobilidade en VMP

Artigo 37. Definición e ámbito de aplicación

Artigo 38. Condicións xerais de circulación

Artigo 39. Velocidade de circulación

Artigo 40. Normas de circulación con VMP

Artigo 41. Rexistro de VMP

TITULO TERCEIRO: A MOBILIDADE EN TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS

Capítulo 1. Transporte Público Urbano Colectivo de Persoas

Sección 1ª. Disposicións comúns

Artigo 42. Natureza do transporte público colectivo

Artigo 43. Tipoloxía e condicións do transporte público colectivo de persoas viaxeiras

Capítulo 2. Do transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso xeral (transporte urbano regular)

Sección 1ª. Natureza e condicións xerais

Artigo 44. Natureza e condicións xerais da prestación do servizo

Sección 2ª. Tarifas do transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso xeral

Artigo 45. As tarifas e a súa revisión

Artigo 46. Procedemento para a determinación do importe das tarifas

Artigo 47. Forma de pago

Sección 3ª. Dos vehículos

Artigo 48. Características e condicións dos vehículos

Sección 4ª. Dereitos e obrigacións do persoal afecto ao servizo e das persoas viaxeiras

Artigo 49. Obrigacións da empresa concesionaria e do persoal afecto ao servizo

Artigo 50. Dereitos, obrigacións ou prohibicións das persoas viaxeiras

Capítulo 3. Transporte interurbano

Artigo 51. Do transporte interurbano

Artigo 52. Uso da estación de autobuses

Capítulo 4. Do transporte público colectivo regular de uso especial: transporte de menores e de persoas traballadoras

Sección 1ª. Do transporte escolar

Artigo 53. Transporte regular especial de escolares ou transporte escolar

Artigo 54. Solicitude de autorización e modificación

Artigo 55. Outorgamento da autorización

Artigo 56. Vixencia da autorización

Sección 2ª. Do transporte regular especial de persoas traballadoras

Artigo 57. Transporte regular especial de persoas traballadoras

Artigo 58. Autorización

Capítulo 5. Transporte público urbano de persoas en vehículos turismo por medio de taxi ou en réxime de arrendamento con persoa condutora (VTC)

Sección 1ª. Servizos de taxi

Artigo 59. Réxime xurídico

Artigo 60. Título habilitante

Artigo 61. Número de licenzas de taxi

Artigo 62. Limitacións cuantitativas por titular

Artigo 63. Visado das autorizacións para prestar o servizo municipal de taxi

Artigo 64. Inspección dos vehículos

Artigo 65. Dereitos das persoas usuarias

Artigo 66. Deberes das persoas profesionais e usuarias do taxi

Artigo 67. Capacitación profesional

Artigo 68. Imaxe dos vehículos e publicidade

Artigo 69. Réxime económico

Artigo 70. Ordenación e prestación do servizo

Artigo 71. Réxime de autorización municipal para prestar servizos de taxi a varias persoas usuarias con cobranza individual por praza

Artigo 72. Contratación por medios telemáticos e reserva previa

Sección 2ª. Actividade de arrendamento de vehículo con persoa condutora (VTC)

Artigo 73. Réxime xurídico

Capítulo 6. Ambulancias e servizos funerarios

Artigo 74. Réxime xurídico

Capítulo 7. Outros transportes

Artigo 75. Autorización para outros transportes

TÍTULO CUARTO: A MOBILIDADE EN AUTOMÓBIL PRIVADO

Artigo 76. Circulación dos vehículos de motor

Artigo 77. Restricións á circulación

Artigo 78. Protección ambiental

Artigo 79. Centros de Ensino de Persoas Conductoras (Auto-Escolas)

Artigo 80. Das motocicletas e ciclomotores

Artigo 81. Outros vehículos

TÍTULO QUINTO: A DISTRIBUCIÓN URBANA DE MERCADORÍAS

Capítulo 1. Normas Xerais

Artigo 82. Normativa vixente de aplicación

Capítulo 2. Restricións ou limitacións de circulación para transporte pesado e autorización complementaria para transporte especial e en réxime de transporte especial

Artigo 83. Restricións ou limitacións de circulación para transporte pesado

Artigo 84. Autorización complementaria de circulación (ACC) para transporte especial ou en réxime de transporte especial por superar as masas e dimensións máximas establecidas no regulamento xeral de vehículos (VERTE)

Artigo 85. Outros transportes especiais: mercadorías perigosas, produtos perecedoiros e transporte de persoas enfermas ou accidentadas e os funerarios

Capítulo 3. Distribución Urbana De Mercadorías

Artigo 86. Definicións e normas xerais

Artigo 87. Zonas de carga e descarga

Artigo 88. Distribución Urbana de Mercadorías (DUM) e zonas de carga e descarga nas ZBE

Artigo 89. Condicións de uso das zonas de carga e descarga

Artigo 90. Última milla

Artigo 91. A DUM en horario nocturno e horario val

TÍTULO SEXTO: PARADAS E ESTACIONAMENTOS

Capítulo 1. Paradas

Artigo 92. Réxime xeral

Artigo 93. Definición de parada

Artigo 94. Modo e forma de execución das paradas

Artigo 95. Paradas prohibidas

Capítulo 2. Estacionamentos

Artigo 96. Réxime xeral

Artigo 97. Definicións

Artigo 98. Modo e forma de execución do estacionamento

Artigo 99. Estacionamento prohibido

Capítulo 3. Reservas de estacionamento para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida

Artigo 100. Prazas de estacionamento para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida (PMR)

Capítulo 4. Estacionamento para vehículos diferenciados

Artigo 101. Estacionamento de ciclos e bicicletas

Artigo 102. Estacionamento de VMP e patinetes non motorizados

Artigo 103. Estacionamento de motocicletas e ciclomotores de ata tres rodas

Artigo 104. Estacionamento de vehículos de transporte de mercadorías e outros vehículos especiais

Capítulo 5. Estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravanas

Artigo 105. Estacionamentos reservados e áreas de servizo

Artigo 106. Réxime de parada e estacionamento temporal no municipio

Capítulo 6. Ordenación e regulación de aparcadoiro en superficie (ORA)

Artigo 107. Establecemento de prazas de estacionamento regulado

Artigo 108. Sinalización da zona ORA

Artigo 109. Tipoloxía de persoas usuarias

Artigo 110. Requisitos para a ocupación das prazas de estacionamento en zona ORA de uso xeral

Artigo 111. Requisitos para a ocupación das prazas de estacionamento en zona ORA residentes.

Artigo 112. Condicións de funcionamento da zona ORA

Artigo 113. Taxas

Artigo 114. Estacionamentos non permitidos en zona ORA

Artigo 115. Vehículos exentos de pago en zona ORA

Artigo 116. Contrato de prestación de servizos

TÍTULO SÉTIMO: APARCADOIROS MUNICIPAIS

Capítulo 1. Normativa común aplicable a todos os aparcadoiros municipais.

Artigo 117. Definicións

Artigo 118. Réxime xurídico

Artigo 119. Tipoloxías de uso

Artigo 120. Condicións xerais de uso

Artigo 121. Dereitos das xestoras de estacionamentos

Artigo 126. Obrigacións das xestoras de aparcadoiros

Artigo 127. Dereitos das persoas usuarias

Artigo 128. Obrigacións das persoas usuarias

Artigo 129. Prohibicións para as persoas usuarias

Artigo 130. Facultades do Concello da Coruña respecto dos aparcadoiros municipais

Artigo 131. Inspección técnica e de servizo

Artigo 132. Abonos

Artigo 133. Puntos de recarga eléctrica.

Artigo 134. Servizos complementarios e accesorios.

Artigo 135. Retribución do servizo de estacionamento rotacional municipal.

TÍTULO OITAVO: USO ESPECIAL OU PRIVATIVO DO DOMINIO PÚBLICO

Capítulo 1. Entrada e saída de vehículos a través de beirarrúas e espazos públicos (vaos).

Artigo 136. Obxecto e suxeición a autorización

Artigo 137. Tipos de vaos

Artigo 138. Vao permanente

Artigo 139. Vao laboral

Artigo 140. Vao nocturno

Artigo 141. Supostos nos que a concesión non pode ser outorgada

Artigo 142. Procedemento de autorización

Artigo 143. Suspensión das autorizacións

Artigo 144. Sinalización

Artigo 145. Elementos singulares: espellos, mini-illas ou sinalización horizontal específica

Artigo 146. Dereitos e obrigacións

Artigo 147. Revogación das autorizacións

Artigo 148. Extinción

Artigo 149. Inspección e control da legalidade

Capítulo 2. Reservas de espazo

Sección 1ª. Reservas de espazo anuais.

Artigo 150. Autorizacións

Sección 2ª. Reservas de espazo temporais

Artigo 151. Obxecto e suxeición á autorización

Artigo 152. Categorías de reserva de espazo temporal

Artigo 153. Procedemento para as reservas temporais de espazo para actividades de construción, servizos e subministracións

Artigo 154. Procedemento para as reservas temporais de espazo para actividades de promoción, información ou divulgación con casetas, carpas, ou similares

Artigo 155. Dereitos e deberes. Inspección e control da legalidade

Capítulo 3. Autorización para a instalación de valos, andamios, casetas, colectores de obra e elementos similares

Artigo 156. Obxecto

Artigo 157. Procedemento

Artigo 158. Condicións xerais das autorizacións de ocupación con valos, andamios e casetas de obra

Artigo 159. Condicións específicas de ocupación con instalacións de obra

Artigo 160. Revogación

Artigo 161. Inspección e control da legalidade

Capítulo 4. Autorización para a ocupación do dominio público con bandeirolas e prismas/tótems publicitarios de eventos de interese público ou especial impacto

Artigo 162. Obxecto de autorización

Artigo 163. Procedemento

Artigo 164. Condicións xerais das autorizacións

Artigo 165. Condicións técnicas

Artigo 166. Revogación

Artigo 167. Inspección e control da legalidade

TÍTULO NOVENO: INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS.

Capítulo 1. Inmovilización

Artigo 168. Medidas Provisionais

Artigo 169. Lugar de inmovilización e gastos pola inmovilización

Capítulo 2. Retirada

Artigo 170. Retirada de vehículos

Artigo 171. Gastos pola retirada

Artigo 172. Depósito do vehículo

Artigo 173. Disposicións específicas para a retirada de VMP, bicicletas e ciclos

TÍTULO DÉCIMO: RÉXIME XURÍDICO SANCIONADOR

Capítulo 1. Normas xerais

Artigo 174. Réxime xurídico aplicable

Artigo 175. Suxeitos responsables

Artigo 176. Adecuación da sanción coa gravidade da conduta infractora

Artigo 177. Concorrenza de sancións

Capítulo 2. Procedemento sancionador

Artigo 178. Principios

Artigo 179. Competencia.

Artigo 180. Denuncias

Artigo 181. Prescripción

Capítulo 3. Infraccións e Sancións tipificadas na presente Ordenanza

Artigo 182. Disposicións xerais

Artigo 183. Infraccións e sancións relativas a bicicletas, ciclos de transporte e VMP

Artigo 184. Infraccións e sancións relativas a patíns, patinetes, monopatíns ou dispositivos similares non motorizados

Artigo 185. Infraccións e sancións das persoas viaxeiras no autobús urbano municipal e no taxi

Artigo 186. Infraccións e sancións en materia de taxis

Artigo 187. Infraccións e sancións relativas ao transporte de mercadorías, ás restricións e limitacións á circulación de vehículos de transporte pesado e á autorización complementaria para transporte especial e en réxime de transporte especial, así como relativas á distribución urbana de mercadorías, incluída ás operacións de carga e descarga.

Artigo 188. Infraccións e sancións en materia de paradas e estacionamentos

Artigo 189. Infraccións e sancións relativas a estacionamento en zona ORA

Artigo 190. Infraccións e sancións relativas a zonas de acceso restrinxido e a zonas de baixas emisións

Artigo 191. Vaos

Artigo 192. Outros usos especiais ou privativos do dominio público

Disposición adicional única

Disposición transitoria única

Disposición derogatoria

Disposición final primeira. Entrada en vigor

Disposición final segunda. Competencia

Disposición final terceira. Modificación da normativa citada nesta Ordenanza

ANEXO I. DEFINICIÓNS, SÍMBOLOS, ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

ANEXO II. PLANO ZBE CENTRO

ANEXO III. SINALIZACIÓN ZBE CENTRO

ANEXO IV. ZONAS DE ESTUDO E MONITORAXE DO FLUXO DE TRÁFICO E EMISIÓNES CONTAMINANTES

ANEXO V. ZONAS DE PLANIFICACIÓN ORA

PREÁMBULO

I

O importante esforzo de transformación da cidade levado a cabo polo Concello da Coruña nos últimos anos permite hoxe formular novos obxectivos para continuar avanzando cara a un modelo urbano máis sostible. Preténdese promover unha mobilidade eficiente e con baixas emisións —incluída a loxística urbana—, reducir a contaminación atmosférica e acústica, mellorar o transporte público urbano e integrar, así como regular, os novos medios de transporte. Todo isto cun triplo obxectivo fundamental: sustentabilidade, seguridade e accesibilidade.

Na Coruña actual latexa unha cidade que constrúe con determinación o seu futuro, marcada por metas claras que, no ámbito da mobilidade, se materializan en grandes actuacións emblemáticas de modernización das infraestruturas ferroviarias, portuarias, aeroportuarias e viarias. Exemplos destacados son o Porto Exterior, que permitirá unha transformación histórica coa apertura da fachada marítima porto-cidade; a conexión ferroviaria co Porto Exterior, que favorecerá un transporte de mercadorías máis sostible; e a nova estación intermodal de San Cristovo, que integra a terminal de autobuses interurbanos, así como novos espazos de estacionamento e servizos para bicicletas, representando un avance decisivo na intermodalidade.

Estas grandes infraestruturas da mobilidade e do transporte contribúen a consolidar A Coruña como un nodo estratéxico e atractivo a nivel exterior, favorecendo a captación de investimentos e dando resposta ás necesidades da área metropolitana máis relevante de Galicia desde o punto de vista económico e industrial.

Porén, a cidade tamén ten centrado os seus esforzos nos últimos anos na creación de novos espazos para a convivencia, a socialización e a igualdade. Estanse a levar a cabo importantes actuacións de reurbanización en rúas de todos os barrios, de humanización de espazos degradados, e de peonalización de zonas anteriormente ocupadas polo tráfico rodado. Trabállase cada día na recuperación de novos de espazos urbanos significativos para o goce da cidadanía.

Co incremento de máis do 100% da rede ciclable nos últimos cinco anos, xunto co aumento do 150% nos investimentos municipais en transporte público nos últimos catro, e a rebaixa das tarifas de autobús e tren, estamos a contribuír de maneira decisiva á construción dunha cidade máis segura, máis verde, máis saudable e tamén máis próspera, tanto no eido económico como no social e laboral.

Esta nova realidade fai necesaria unha regulación actualizada que garanta un reparto máis xusto do espazo público, unha mellora da saúde da cidadanía sen menoscabar a actividade económica e que fomente novos consensos, compatibilizando as necesidades dos sectores público e privado e garantindo a seguridade de todos os modos de desprazamento.

A presente ordenanza ten como finalidade principal unificar e actualizar o marco normativo en materia de mobilidade no termo municipal da Coruña. Por elo, procede á refundición das ordenanzas vixentes no seu ámbito competencial, poñendo fin á actual dispersión normativa e dotando a cidade dun instrumento xurídico coherente, moderno e axeitado aos desafíos da mobilidade contemporánea.

Neste proceso de integración normativa na Ordenanza de Mobilidade Sostible da Coruña, derróganse as seguintes disposicións municipais de igual ou inferior rango: a *Ordenanza municipal de circulación*, a *Ordenanza municipal de transportes*, a *Ordenanza de ordenación e regulación do estacionamento (ORA)*, a *Instrución sobre a regulación e uso dos Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP en adiante)* e a *Ordenanza de reserva de entrada e saída de vehículos (vaos)*. Con esta medida preténdese evitar contradicións entre normativas elaboradas en distintos momentos das últimas décadas, baseadas en lexislacións sectoriais diversas nos ámbitos do tráfico, o transporte e a mobilidade, así como en marcos administrativos que lles servían de soporte regulador.

Esta ordenanza non ten como obxectivo reproducir literalmente a normativa estatal ou autonómica, senón adaptala á realidade local da Coruña, desenvolvendo especialmente aqueles aspectos que afectan directamente á ordenación do espazo público e á mobilidade urbana. Neste sentido, alinéase cos principios e obxectivos do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) e coas disposicións legais autonómicas, estatais e europeas que recoñecen aos concellos competencias claras en materia de calidade do aire, saúde pública, xestión do tráfico e mobilidade sostible.

A Ordenanza de Mobilidade Sostible presta especial atención, polo seu interese xeral, aos medios de transporte sen emisións e á protección no uso do espazo público polas persoas en situación de maior vulnerabilidade. En consecuencia, establécense criterios de prioridade que favorecen os desprazamentos das persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida, así como os realizados mediante medios non motorizados baseados na actividade física humana, como camiñar ou usar patíns sen motor.

Ademais, a ordenanza regula o conxunto dos modos de mobilidade presentes na cidade, incluíndo os desprazamentos en bicicleta ou ciclos, os realizados mediante VMP e outros modos de transporte activo, o transporte público e os desprazamentos con vehículos privados. Inclúe tamén a regulación da distribución urbana de mercadorías, dos servizos de taxi e de vehículos de arrendamento con persoa condutora (VTC), das paradas, zonas de estacionamento e aparcadoiros municipais,

do uso privativo do dominio público, así como das medidas coercitivas, da execución subsidiaria e do réxime sancionador aplicable aos incumprimentos de calquera das modalidades reguladas.

A necesidade de rexeitar, aclarar e harmonizar as ordenanzas xustifica por si soa esta nova redacción. Con todo, tamén resulta imprescindible entender que os cambios urbanísticos, ambientais e socioeconómicos producidos nas últimas décadas esixen un novo consenso social arredor de efectos considerados beneficiosos para o interese xeral: un modelo de cidade compacta e sostible, un sistema de mobilidade seguro e saudable, un novo impulso ao transporte activo, á protección dos colectivos máis vulnerables, á accesibilidade universal e a un transporte público cómodo, accesible e respectuoso co medio ambiente.

O Concello da Coruña decidiu promover con claridade e determinación un modelo de municipio máis sostible, seguro e saudable, no que se prioricen as persoas, se recupere o espazo público para os modos de transporte máis eficientes e se actúe con responsabilidade fronte aos retos climáticos actuais e futuros. Con esta visión, a Ordenanza de Mobilidade Sostible establece o marco normativo para transformar o sistema de desprazamentos urbanos, fomentando un cambio modal estrutural: dáselle prioridade á mobilidade peonil e activa, refórzase o transporte público e avánzase na pacificación do tráfico e na redución do uso do vehículo privado.

O noso municipio amosa un notable crecemento da mobilidade activa, contando con amplos espazos de prioridade peonil e cun dos paseos marítimos máis grandes do mundo. Para a mobilidade en bicicleta e ciclo, conta actualmente con máis de 53 quilómetros de infraestrutura ciclable, o que supón máis do dobre que hai cinco anos. Esta rede inclúe carrís bici exclusivos, sendas ciclables segregadas e ciclocarrís con límite de velocidade a 30 km/h.

Esta ordenanza non é allea ao crecemento exponencial dos desprazamentos realizados mediante os chamados medios de mobilidade activa (bicicletas, patíns, VMP..) nin ás friccións que este incremento está a producir na convivencia cos demais modos de transporte, polo que cómpre formar e concienciar á cidadanía a través de campañas informativas, sen esquecer que a seguridade viaria é un pilar fundamental deste texto, que debe ser garantido mediante un réxime sancionador disuasorio de condutas que poñan en perigo esa seguridade.

A Coruña conta cunha longa traxectoria na análise dos novos retos e na adopción de compromisos coa mobilidade sostible. Basta con destacar algúns acordos que marcaron camiños que hoxe debemos respectar e ampliar.

En decembro de 2013 aprobouse o Plan de Mobilidade Urbana Sostible, un documento elaborado coa participación cidadá para mellorar a calidade de vida no medio urbano e que xa recollía actuacións e medidas cara a unha mobilidade máis sostible.

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrada o 3 de outubro de 2019, realizouse a Declaración Institucional da Coruña por unha mobilidade máis sostible. O obxectivo principal desta declaración é implicar a todos os axentes e sectores, tanto públicos como privados, nunha política de mobilidade sostible, coordinada cun modelo de crecemento urbano que aposte pola compactidade fronte á dispersión, mais tamén é unha estratexia para fomentar novos consensos e construír cidade coa súa xente. Así, creouse a Mesa para a Mobilidade Sostible, como órgano participativo e de corresponsabilidade entre a administración e a cidadanía, da que forman parte os sectores sociais e económicos máis representativos.

Un dos proxectos máis destacados impulsados por esta declaración foi “A Coruña Cidade 30”, que entrou en vigor o 11 de maio de 2021. Este proxecto, baseado en rigorosos estudos internacionais e nas recomendacións da OMS, permite, entre outras estipulacións, que os carrís 30 sexan compartidos por bicicletas, VMP e transporte público. Contribuíu de forma eficaz a reducir a sinistralidade, a contaminación atmosférica e o ruído, ao tempo que promoveu a convivencia entre todos os modos de transporte.

A Coruña conta tamén, desde abril de 2022, cunha ZBE de carácter de piloto e informativo na contorna da Marina e a Cidade Vella, experiencia que permitiu levar a cabo unha monitorización ambiental singularizada nesta contorna e que servirá de base para a súa extensión e consolidación progresiva mediante un proxecto actualizado con datos precisos, financiado con fondos europeos Next Generation, e deseñado para asegurar unha transición xusta e proporcional.

A ordenanza contempla igualmente a implantación das Zonas de Baixas Emisións (ZBE), cumprindo así a Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética e do Real Decreto 1052/2022, como instrumento esencial para garantir a mellora da calidade do aire no municipio.

En definitiva, a mobilidade sostible, como eixo clave do benestar colectivo, e a súa regulación a través desta Ordenanza, constitúen unha ferramenta legal, técnica e social ao servizo da transformación do modelo urbano, un modelo orientado cara a unha cidade máis saudable, accesible, equitativa e segura, e, sobre todo, máis sostible e preparada para facer fronte aos retos ambientais, sociais e económicos do presente e do futuro.

II

A presente Ordenanza estrutúrase nun Título Preliminar e X Títulos:

O Título Preliminar establece o obxecto e finalidade, ámbito de aplicación, os principios informadores e a distribución de competencias.

O Título Primeiro encárgase de regular o espazo público de mobilidade e aborda as normas xerais en materia de mobilidade para o municipio da Coruña, nel establécese con carácter principal a xerarquía de mobilidade con prioridade para aquela que se realiza a través de medios non motorizados, é dicir, baseados na actividade física humana. Aborda a prioridade da circulación de viandantes, de forma que se protexe e controla o uso e goce das vías e espazos públicos con seguridade e coa fixación dunha serie de limitacións para os vehículos.

Establece, ademais, a tipoloxía funcional dos espazos públicos da Mobilidade e os seus usos, así como as zonas de acceso restrinxido.

Adicionalmente, sen prexuízo doutros apartados destacables, como novidade principal desenvólvese a regulación das zonas de baixas emisións do termo municipal da Coruña.

Neste sentido, o artigo 45.1 da Constitución española (CE) recoñece que todo o mundo ten o dereito a dispoñer dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo e o artigo 45.2 da CE establece que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva. Por outra banda, o artigo 43.1 da CE recoñece o dereito á protección da saúde.

No ámbito europeo, a normativa sobre calidade do aire vén representada pola Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa, e a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, ao cadmio, ao mercurio, ao níquel e aos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

No noso ordenamento xurídico interno, a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, é a que actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as que se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.

A LBRL, no seu artigo 25.2 establece que os municipios deben exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de medio ambiente urbano e, especificamente, de protección contra a contaminación atmosférica nas zonas urbanas, e de tráfico e estacionamento de vehículos e mobilidade, que inclúe a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Pero, a nivel xeral e con efectos en todas as Administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeneral de saúde pública, o que dispón que as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, co fin de despregar os servizos e as actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.

Tamén, e de maneira concreta, o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria (TRLV en adiante) outorga aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas da súa competencia por motivos medioambientais, e o artigo 18 acorda, polos mesmos motivos, a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía con carácter xeral ou para determinados vehículos, ou ao peche de determinadas vías.

Pola súa banda, o Título III da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, denominado “Sustentabilidade Medioambiental” inclúe, no seu artigo 101, a posibilidade de que os municipios elaboren o denominado Plan de Mobilidade Sostible, como “un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento máis sostibles no ámbito xeográfico que corresponda, priorizando a redución do transporte individual en beneficio dos sistemas colectivos e doutros modos non motorizados de transportes e desenvolvendo aqueles que fagan compatibles o crecemento económico, a cohesión social, a seguridade viaria e a defensa do medio ambiente, garantindo, desta forma, unha mellor calidade de vida para a cidadanía”.

Neste sentido, o Concello da Coruña conta cun Plan de Mobilidade Urbana Sostible desde decembro de 2013. Este documento estratéxico configúrase como un “marco” de obxectivos e planificación a curto, medio e longo prazo, englobando plans de actuación e propostas que deben xestionarse con criterios de mellora continua e adaptándose ás oportunidades e circunstancias de cada momento, a fin de facilitar o cumprimento dos obxectivos da mobilidade sostible na Coruña e a súa área metropolitana.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, impón aos municipios de máis de 50.000 habitantes a adopción de plans de mobilidade urbana sostible, que deben introducir medidas de mitigación para reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo polo menos o establecemento de zonas de baixas emisións (ZBE) e tamén aplicable aos municipios de máis de 20.000 habitantes cando se superen os valores límite dos contaminantes regulados no Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

O Real Decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, constitúe a normativa regulamentaria deste instrumento medioambiental e de mobilidade urbana.

O obxectivo de mellora de calidade do aire nas ZBE debe poder cuantificarse e, ademais, en caso de superacións dos valores lexislados, debe contribuír a alcanzar o seu cumprimento no menor tempo posible, establecendo un calendario e avaliando o impacto das medidas adoptadas na ZBE.

Por iso, o establecemento das ZBE é unha obriga legal desenvolvida regulamentariamente e deberá ser rexida polos concellos por medio de ordenanza municipal, que poderá estar incluída nas normas de mobilidade sostible, como sucede neste caso.

Sen prexuízo do anterior, hai que ter en conta que nun territorio a calidade do aire non só depende de variables locais, tamén se ve afectada por factores externos ao ámbito local, como o son os factores de ámbito rexional, nacional, continental e mundial, así como os propios factores meteorolóxicos que inflúen na zona e condicionan os seus aspectos ambientais.

A Coruña dispón dunha ZBE aprobada por resolución do concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade con data do 28 de decembro de 2022 pola que se acorda a declaración como zona de baixas emisións piloto a contorna da Marina e a Cidade Vella, desenvolvido a partir do Proxecto de Creación e Implantación inicial da Zona de Baixas Emisións da Coruña, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data do 27 de abril de 2022.

Este acordo permitiu, por unha banda, dar cumprimento á esixencia legal de dispoñer dunha Zona de Baixas Emisións no municipio da Coruña nos prazos previstos pola Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética e, doutra banda, dispoñer dunha actuación a modo de proba piloto e informativo, así como levar a cabo unha monitoraxe ambiental singularizada nesta contorna.

Establécese, con esta Ordenanza, unha zona de baixas emisións denominada ZBE CENTRO na contorna delimitada no Anexo II, que comprende a Cidade Vella, Avenida da Marina, Paseo do Parrote e determinadas rúas da Pescadería, permitíndose no devandito territorio a circulación exclusiva do transporte público, os servizos de emerxencia e os vehículos especialmente autorizados, así como o transporte que realiza carga e descarga de mercadorías en determinadas franxas horarias segundo o seu etiquetado ambiental.

A implantación e regulación das seguintes fases da zona de baixas emisións, requirirá da aprobación dun novo proxecto de Zona de Baixas Emisións pola Xunta de Goberno Local, que deberá cumprir as esixencias do artigo 10 do RD 1052/2022 e os obxectivos para alcanzar uns niveis de calidade do aire que garantan a saúde das persoas, tal e como recolle o dito RD 1052/2022. Para a redacción deste proxecto, contarase coas achegas do conxunto de estudos e datos que agora é posible obter grazas á complexa instrumentación instalada na cidade e financiada polos Fondos Next Generation.

A actualización do proxecto de ZBE ten que cumprir coas esixencias do artigo 10 do Real Decreto 1052/2022 do 27 de decembro e ter en conta as diferentes sentenzas ditadas nalgúns cidades en contra desta figura de protección por falta da necesaria motivación e xustificación das medidas aplicadas e a súa proporcionalidade, en relación coa situación e obxectivos a cumprir para alcanzar uns niveis de calidade do aire que garantan a saúde das persoas, tal e como recolle o propio Real Decreto 1052/2022. Ademais, deberá profundar na análise do impacto socioeconómico, xerando novos escenarios moito máis precisos para poder aplicar medidas que permitan cumprir os obxectivos de mellora da calidade ambiental e que propicien unha transición enerxética máis xusta sobre aqueles sectores da poboación máis vulnerables.

Hai que ter en conta que A Coruña se atopa nun escenario de cumprimento dos valores límite de calidade do aire vixentes, o que nos permite expor como obxectivo os novos valores límite para 2030 e as Directrices da OMS.

O Título Segundo recolle a regulación da mobilidade activa como pedra angular da mobilidade no municipio, de forma que con ela se promova o cambio modal cara a unha forma de mobilidade máis saudable, non só polo seu efecto beneficioso no medio ambiente, senón tamén para a propia cidadanía.

O Título Terceiro da presente Ordenanza regula o réxime do transporte público no termo municipal da Coruña, salientando que o fomento e a promoción do uso dos medios de transporte colectivo constitúen unha medida eficaz para a protección do medio ambiente, ao contribuír á redución do uso do vehículo privado e, consecuentemente, á diminución das emisións contaminantes.

O Título Cuarto, baixo a denominación de mobilidade en automóbil privado, xunto coa alusión de diferentes obrigacións xerais, reflicte a xerarquización das vías e espazos públicos locais e determina os límites de velocidade dos vehículos que circulan por eles en atención aos diferentes usos posibles.

O Título Quinto ten por obxecto establecer as normas relativas á distribución urbana de mercadorías, elemento esencial na actualidade como consecuencia dos cambios nos hábitos de consumo da sociedade que implican un destacable incremento da loxística urbana e, por iso, da necesidade da súa regulación e da promoción de mecanismos que a racionalicen e coordinen, de forma que non se conxestione o tráfico e non supoña un incremento prexudicial de contaminantes no aire.

O Título Sexto regula o réxime de paradas e estacionamentos na vía pública, recollendo o estacionamento para vehículos diferenciados como bicicletas, vehículos de mobilidade persoal (VMP), motocicletas e vehículos de transportes de mercadorías e outros vehículos especiais, así como as reservas de estacionamento para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida, e a ordenación e regulación de aparcadoiro en superficie (ORA).

O título Sétimo fai referencia aos aparcadoiros municipais, como espazos de titularidade ou xestión municipal baixo rasante, en superficie ou en altura, pechados perimetricamente, baixo cuberta ou sen ela, destinados ao estacionamento de vehículos e nos que poden prestarse outros servizos urbanísticamente compatibles, regulando tanto os existentes como os futuros e establecendo os dereitos e obrigas da xestora do aparcadoiro, entre as que se encontra a de adecuar ou dotar as instalacións ao esixido pola normativa sectorial aplicable en cada momento e en particular dotar ao aparcadoiro de puntos de recarga para vehículos eléctricos.

O Título Oitavo aborda o uso especial ou privativo do dominio público como elemento fundamental facilitador dunha mobilidade máis ordenada e segura. Neste título se recollen as autorizacións de vao, as reservas de espazo para actividades como mudanzas ou descargas de materiais, as ocupacións con instalacións de obra como valos e andamios así como a ocupación do voo do dominio público coa instalación de bandeirolas.

O título Noveno regula as facultades de inmovilización e retirada de vehículos cunha disposición específica para a retirada de bicicletas e vehículos de mobilidade persoal (VMP).

Por último, o Título Décimo aborda o Réxime Xurídico Sancionador e dispón as responsabilidades nas que poden incurrir as persoas infractoras dos preceptos da presente Ordenanza. A este respecto, a Ordenanza, sen prexuízo de establecer as concrecións oportunas, realiza unha remisión á regulación existente en materia de tráfico, circulación, seguridade viaria e medio ambiente, na procura da convivencia no uso dos servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos locais.

TÍTULO PRELIMINAR: OBJECTO E FINALIDADE, ÁMBITO DE APLICACIÓN, PRINCIPIOS REITORES E COMPETENCIAS

Artigo 1. Obxecto e finalidade

A presente Ordenanza ten por obxecto conciliar os usos das vías e os espazos urbanos, o de circulación e estacionamento dos vehículos, o transporte de persoas e mercadorías, así como as distintas necesidades de uso do espazo público municipal vinculadas coa mobilidade.

Do mesmo xeito, forma parte do seu obxecto coordinar as diferentes necesidades e usos de tales vías e espazos, de forma proporcionada entre as persoas usuarias, para que se garanta a accesibilidade universal e os dereitos das persoas con discapacidade ou diversidade funcional. Con este fin, tómase como criterio elemental o establecemento dunha prioridade graduada dos distintos posibles usos, en atención a circunstancias como a vulnerabilidade das persoas usuarias e os menores impactos ambientais xerados, co fin de garantir a seguridade, a saúde e a igualdade das persoas, así como a protección do medio ambiente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente Ordenanza é de aplicación en todo o termo municipal da Coruña e é de obriga para todas as persoas usuarias das vías e terreos públicos aptos para a circulación, ás das vías e terreos que, sen ter tal aptitude, sexan dun uso común e, en defecto doutras normas, ás persoas ou entidades titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias. Todo iso sen prexuízo da, no seu caso, integración e coordinación das redes de transporte e mobilidade da área de transporte metropolitana da Coruña.

Artigo 3. Principios informadores

A regulación desta Ordenanza interpretarase e aplicarse de conformidade cos seguintes principios informadores:

- a. Uso equilibrado e compatible do espazo público por todas as persoas usuarias.
- b. Cohesión social e económica: velar por que as persoas se atopen no centro da regulación municipal de mobilidade, con especial atención a quen estea en situación de vulnerabilidade.
- c. Protección do medio ambiente: velar pola protección e mellora do medio ambiente e, en particular, da calidade do aire.
- d. Sustentabilidade ambiental, social e económica: promoción da saúde das persoas como mecanismo destinado á mellora do seu benestar e calidade de vida, así como do desenvolvemento económico sostible.
- e. Igualdade e non discriminación: velar por un sistema de mobilidade que garanta a igualdade de trato das persoas e a inexistencia de discriminacións.
- f. Accesibilidade universal: garantir o acceso universal aos sistemas de transporte e mobilidade, con especial referencia ás persoas con discapacidade ou diversidade funcional.
- g. Seguridade: velar para que a mobilidade no seu conxunto sexa segura e, en particular, no que respecta á viaria.

- h. Cambio modal: impulsar o cambio modal cara a modos de transporte máis sostibles.
- i. Coordinación entre as modalidades de mobilidade: garantir a adecuada coordinación entre a mobilidade activa ou branda e a mobilidade pasiva ou motorizada, en consonancia co resto dos principios informadores.
- j. Coordinación e integración metropolitana das redes de transporte e mobilidade sostible.
- k. Incorporación da dixitalización como parte esencial do desenvolvemento urbano sostible.

Artigo 4. Distribución de competencias

1. As competencias relativas á presente Ordenanza exercitaranse de acordo co disposto no Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL en diante), sen prexuízo do que, no seu caso, estableza o resto do réxime xurídico aplicable.

2. Ao procedemento sancionador en materia de infraccións de tráfico, circulación e seguridade viaria, seralle de aplicación, así mesmo, o establecido no TRLSV ou norma que a substitúa.

TÍTULO PRIMEIRO ESPAZOS PÚBLICOS DA MOBILIDADE

Capítulo 1. Normas xerais

Artigo 5. Prioridade das persoas

Ademais das vías convencionais polas que discorre a circulación de vehículos, os espazos públicos configúranse de forma que se priorice o seu uso para as persoas, en beirarrúas, zonas peonís, zonas de plataforma única de calzada e beirarrúa, zonas de prioridade residencial e camiños escolares, entre outros.

Artigo 6. Xerarquía na mobilidade

Con respecto á liberdade de elección entre os diferentes modos de desprazamento, a xerarquización do uso do espazo público priorizará, por esta orde:

- a. Os desprazamentos a pé.
- b. Os desprazamentos en ciclo ou bicicleta, incluídas as bicicletas de pedaleo asistido así como outros medios de transporte activo non motorizados.
- c. Vehículos de mobilidade persoal (VMP en diante).
- d. Os desprazamentos mediante transporte público.
- e. Os desprazamentos mediante vehículos privados.

Artigo 7. Coordinación nas vías e espazos públicos

As vías e os espazos públicos son zonas destinados ao uso común e xeneral de persoas nos que coinciden diferentes usos, de forma que estas persoas estarán obrigadas a velar pola seguridade, e respectar e promover a convivencia entre si.

De acordo coa xerarquía na mobilidade, as persoas usuarias de vehículos de maior tamaño, perigo ou capacidade de impacto conferirán prioridade á persoa usuaria máis vulnerable, con especial referencia a viandantes, así como a quen utilice un medio de transporte que proporcione menor protección aos seus ocupantes.

Artigo 8. Usos especiais

1. Calquera uso especial ou privativo das vías ou espazos públicos requirirá, en todo caso, autorización municipal que se axustará ao disposto na normativa sectorial que resulte de aplicación.

2. A presente ordenanza regula no título oitavo o procedemento de autorización para os seguintes usos especiais ou privativos do dominio público:

- vaos
- reservas de espazo anuais.
- reservas de espazo temporais para diversas actividades de construción, servizos e subministracións e para actividades de promoción, información e divulgación con carpas, casetas e similares.
- instalación de valos, andamios, casetas, colectores de obra e elementos similares.
- instalación de bandeirolas e prismas ou tótems publicitarios de eventos declarados de interese público ou espacial impacto para a cidade da Coruña.

Artigo 9. Sinalización

1. A instalación, retirada, modificación, conservación e o mantemento da sinalización de tráfico nas vías de competencia municipal, xa sexa vertical, horizontal ou semaforica corresponde aos Servizos Municipais.

Tamén se poderán instalar polas persoas ou empresas promotoras de obras ou outras actividades realizadas na vía pública, nos termos das autorizacións municipais conferidas para aquelas.

2. Prohíbese a instalación, retirada, traslado, modificación ou alteración de calquera tipo da sinalización, sen a previa autorización do Concello da Coruña.

Prohíbese así mesmo alterar de calquera forma o contido da sinalización ou colocar sobre elas calquera elemento que poida reducir ou dificultar a súa visibilidade ou eficacia, prexudicar a circulación ou distraer a súa atención.

3. Velarase porque a sinalización ocupe o menor espazo público, sen diminuír os niveis de seguridade. As peonalizacións, a implantación de medidas de acougado de tráfico e a redución de velocidade nas vías permitirá reducir a instalación de sinalización vertical e horizontal.

4. As persoas usuarias do espazo público deberán prestar atención á sinalización, sobre todo, nas rúas residencias e zonas de preferencia peonil.

5. En todo o non previsto na presente Ordenanza, aplicaranse o TRLSV, o Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo (RXCIR en diante), así como calquera outra norma que os complementa ou substitúa.

Artigo 10. Velocidade de circulación

1. A velocidade das vías establecida nas normas xerais graduarase en función das competencias municipais para adecualas ás necesidades concretas de seguridade, especialmente das persoas que se desprazan a pé. Tamén se poderán reducir os límites de velocidade por motivos ambientais.

2. As persoas condutoras deberán adecuar a súa velocidade atendendo as circunstancias concretas, sobre todo, ante a presenza de usuarios ou usuarias vulnerables. Tamén deberán mostrar con suficiente antelación, pola súa forma de circular e pola súa moderación de velocidade, que non van poñer en perigo nin dificultar o paso das persoas usuarias con preferencia.

En todo caso, deberá circularse a velocidade moderada e deter o vehículo, se fose preciso, nos supostos previstos no artigo 46 do RXCIR.

As persoas condutoras están obrigadas a respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación, e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, a fin de adecuar a velocidade do seu vehículo a elas, de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que poida presentarse.

3. De acordo coa Declaración de Coruña Cidade 30, os límites de velocidade no termo municipal son:

- a. O límite xenérico de velocidade será de 30 km/h.
- b. As vías urbanas de dous ou máis carrís por sentido de circulación poderán ter unha limitación de 50 km/h; naquelas cuxa configuración o permitan, poderanse implantar carrís con limitación de velocidade a 30 km/h.
- c. Nas vías de plataforma única de calzada e beirarrúa, a limitación de velocidade será de 10 km/h, sinalizándose a tal efecto; no caso de que circule o transporte público de persoas viaxeiras, poderase incrementar a 20 km/h.

4. As velocidades xenéricas establecidas poderán ser rebaixadas previa sinalización específica, polo Concello da Coruña.

5. Excepcionalmente, o Concello da Coruña poderá aumentar a velocidade en vías dun único carril por sentido ata unha velocidade máxima de 50 km/h, previa sinalización específica.

6. En vías urbanas ás que se refire o apartado 3.b) e en travesías, os vehículos que transporten mercadorías perigosas circularán como máximo a 40 km/h.

7. O límite xenérico de velocidade en travesías é de 50 km/h para todo tipo de vehículos. Este límite poderá ser rebaixado por acordo do Concello da Coruña coa entidade titular da vía, previa sinalización específica.

8. O límite xenérico de velocidade en autoestradas e autovías que transcorren dentro de poboamento será de 80 km/h, con todo, poderá ser ampliado por acordo do Concello da Coruña e a entidade titular da vía, previa sinalización específica, sen pasar en ningún caso os límites xenéricos establecidos para as devanditas vías fóra de poboamento.

9. As autoridades municipais e titulares da vía poderán adoptar as medidas para lograr o acougado do tráfico e facilitar a percepción dos límites de velocidade establecidos.

10. Con independencia do límite de velocidade establecido, as persoas condutoras deberán adoptar as máximas medidas de precaución e circular a velocidade moderada cos seus vehículos, sempre que as circunstancias o aconsellen, e en especial, nos casos establecidos no artigo 46 do RXCIR.

Capítulo 2. Tipoloxía funcional dos espazos públicos da Mobilidade

Artigo 11. Zonas Peonís

1. As zonas peonís son a parte da vía, elevada ou delimitada doutra forma, reservadas á circulación de viandantes.

2. Distínguense as seguintes zonas peonís:

- a. Beirarrúas: son as zonas lonxitudinais da estrada, elevadas ou non, destinadas ao tránsito de viandantes.
- b. Rúas peonís: son rúas reservadas á mobilidade, tránsito e estancia de viandantes, estando prohibido nelas con carácter xeral o acceso, circulación, parada e estacionamento de calquera tipo de vehículo, coas excepcións seguintes:
 - i. Os vehículos que requiran o acceso exclusivamente para a prestación de servizos públicos básicos (corpos de seguridade, servizos de emerxencias, guindastre municipal, limpeza, conservación de vías públicas, etc.).
 - ii. Os vehículos que realicen labores de carga e descarga para atender as necesidades dos locais comerciais ou vivendas particulares situadas nestas rúas, nos días e horarios establecidos, e que non superen o peso máximo autorizado que determine a sinalización.
 - iii. As persoas residentes posuidoras de vehículo e propietarias ou inquilinas dunha praza de garaxe en rúa peonil. Para iso deberán contar co documento habilitante que en cada momento estableza o Concello da Coruña.
 - iv. Os vehículos autorizados que recollan ou leven a persoas con mobilidade reducida a un inmovible da rúa.
 - v. Os vehículos que contén con autorización municipal para a ocupación da vía pública.

Os vehículos contemplados nestas excepcións deberán circular á velocidade peonil respectando sempre a prioridade peonil. As persoas viandantes poderán utilizar toda a zona de circulación.

- c. Outras zonas peonís: prazas, parques, xardíns ou outros espazos asimilables. Son espazos reservados á mobilidade, tránsito e estancia de viandantes, estando prohibido neles con carácter xeral o acceso, circulación, parada e estacionamento de calquera tipo de vehículo, coas mesmas excepcións establecidas que para as rúas peonís.

3. A circulación e estacionamento de bicicletas e VMP nas zonas peonís rexerase polas condicións que se establecen na presente Ordenanza (Títulos Segundo e Sexto).

Artigo 12. Rúas residenciais e zonas de preferencia peonil

1. Son zonas especialmente deseñadas e acondicionadas para favorecer o tránsito peonil onde existe unha coexistencia no mesmo espazo de viandantes, ciclistas e vehículos de motor, estando destinadas en primeiro lugar ás persoas viandantes.

2. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 20 Km/h e as persoas condutoras deben conceder prioridade a viandantes. O Concello da Coruña poderá reducir en determinadas rúas residenciais a velocidade máxima dos vehículos a 10 Km/h, sinalizándoo debidamente, cando as circunstancias da vía así o aconsellen ou se dean as circunstancias establecidas no artigo 10.3.c.

3. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas.

4. A prioridade é peonil. As persoas poden cruzar en calquera punto, utilizar toda a rúa, de fachada a fachada, mesmo para o xogo, pero non estorbar innecesariamente ás persoas que conducen.

Artigo 13. Camiño escolar seguro

Camiño ou ruta escolar segura é o conxunto de vías acondicionadas polo Concello da Coruña para promover e facilitar que os nenos e nenas vaian camiñando ao colexio de maneira autónoma, a través dun itinerario indicado e acondicionado que faga dese desprazamento unha actividade segura, agradable e sostible.

Artigo 14. Carril-bici

1. O carril-bici é a vía ciclista que discorre pegada á calzada ou sinalizada na beirarrúa, nun só sentido ou en dobre sentido; denomínase carril-bici protexido a aquel provisto de elementos laterais que o separan fisicamente do resto da calzada, así como da beirarrúa.

2. Darase prioridade á execución de carrís-bici en calzada fronte aos sinalizados na beirarrúa. Só poderá sinalizarse carril-bici en beirarrúa cando quede garantido un ancho accesible para as persoas viandantes no resto da sección da beirarrúa.

Artigo 15. Calzada e carril

A calzada é a parte da estrada dedicada á circulación de vehículos. Componse dun certo número de carrís.

O carril é a banda lonxitudinal en que pode estar subdividida a calzada, delimitada ou non por marcas viarias lonxitudinais, sempre que teña unha anchura suficiente para permitir a circulación dunha fila de automóviles que non sexan motocicletas.

Artigo 16. Ciclo-carrís 30

Trátase de carrís convencionais da circulación nos que se visibiliza a lexitimidade da circulación das bicicletas e os VMP polo centro do carril, en convivencia cos vehículos motorizados, e fíxase unha velocidade máxima de 30 km/h, indicándose mediante sinais verticais, horizontais ou unha combinación de ambas as dúas.

Artigo 17. Uso das vías e modificacións no seu uso

O Concello da Coruña poderá habilitar unha vía ou parte desta, de forma temporal ou definitiva, para o uso exclusivo ou específico peonil ou para certos vehículos.

Capítulo 3. Zonas de acceso restrinxido

Artigo 18. Zonas de acceso restrinxido

1. Son zonas de acceso restrinxido aquelas onde a mobilidade está limitada, de forma temporal ou permanente, para determinadas tipoloxías de usos da vía, e sinalizada a tal efecto. En ningún caso se limitará o tránsito de viandantes.

2. A declaración como zonas de acceso restrinxido corresponde ao Concello da Coruña, con base nas seguintes circunstancias:

- a. Protección do patrimonio histórico e cultural.
- b. Protección do medio ambiente e evitar a contaminación do aire e acústica.
- c. Prioridade de uso das persoas residentes.
- d. Fomento do uso das vías pola mobilidade activa.
- e. Promoción económica e fomento do comercio.
- f. Outras análogas ás anteriores.

3. A declaración como zona de acceso restrinxido conterá os límites territoriais destas zonas, os accesos, as diferentes restricións que se impoñan, as persoas destinatarias, horarios, no seu caso, as medidas de control de accesos, así como o resto das circunstancias que delimiten de forma completa os usos restrinxidos.

4. En todo caso, esta declaración deberá garantir o acceso a estas zonas aos vehículos das persoas residentes, os servizos de emerxencia, servizos especiais, servizos públicos básicos, servizos de transporte urbano de mercadorías e servizos municipais, así como a outros vehículos autorizados na zona, sempre de acordo coas limitacións que se poidan establecer.

5. O Concello da Coruña poderá empregar medios técnicos para a vixilancia automatizada e denuncia de infraccións da circulación e o estacionamento nestas zonas.

Capítulo 4. Zonas de baixas emisións (ZBE en diante)

Artigo 19. Obxecto

1. A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética (LCC en diante), obriga ao establecemento de ZBE nos municipios de máis de 50.000 habitantes, a partir de proxectos adaptados ao Real Decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións (RD 1052/2022 en diante).

2. Enténdese por ZBE, conforme o artigo 14.3 da LCC, o ámbito delimitado por unha Administración pública, en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme á clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos (RXV en diante).

Artigo 20. Zona de Baixas Emisións da Coruña (ZBECOR en diante)

1. Establécese unha zona de baixas emisións denominada ZBE CENTRO na contorna delimitada no Anexo II desta Ordenanza, que comprende a Cidade Vella, Avenida da Marina, Paseo do Parrote e determinadas rúas da Pescadería, permitíndose no devandito territorio a circulación exclusiva do transporte público, os servizos de emerxencia e os vehículos

especialmente autorizados, así como o transporte que realiza carga e descarga de mercadorías en determinadas franxas horarias segundo o seu etiquetado ambiental.

2. O acceso e circulación de vehículos na ZBE unicamente estará permitido a:

- a. Transporte público colectivo de persoas viaxeiras.
- b. Taxis exclusivamente na Avenida da Marina, Avenida Montoto ata Porta Real e Cidade Vella.
- c. Vehículos autorizados.
- d. Vehículos que realicen labores de carga e descarga en horario de 6.00 a 11.00 horas para todo tipo de vehículos. Este horario ampliarase nas franxas de 5.00 a 6.00 horas e de 11.00 a 12.00 horas para vehículos con etiqueta ambiental O Emisións ou ECO segundo o RXV.
- e. Vehículos cualificados como de Servizo público, coa limitación de 8 metros de longo para a circulación no ámbito interior da Cidade Vella.
- f. Vehículos habilitados para estacionar nas reservas de espazo autorizadas.

Esta regulación poderá ser modificada por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local .

3. Poderán obter o distintivo de vehículos autorizados para acceder e circular aqueles que se axusten ás condicións establecidas no Decreto da Alcaldía de 27 de marzo de 2017 polo que se regulan as zonas peonís reguladas (ZPR) e o Decreto da Alcaldía do 1 de xuño de 2018 polo que se delimita o ámbito da Cidade Vella como área de preferencia peonil.

4. Non se poderá estacionar no ámbito da ZBE CENTRO agás das excepcións indicadas para o estacionamento nos decretos citados no punto anterior.

5. A sinalización da ZBE CENTRO será a que se indica no Anexo III desta ordenanza dispoñéndose nos límites da dita ZBE CENTRO, cos paneis complementarios que se precisen para unha maior claridade. Este Anexo III poderá ser modificado por Decreto de Alcaldía.

6. Os ciclos, as bicicletas e os VMP poden circular pola ZBE respectando en todo caso as normas de circulación establecidas na Ordenanza para as zonas peonís, onde só poderán circular os ciclos e bicicletas se a sinalización así o recolle explicitamente, e sempre a unha velocidade máxima de 10 Km/h.

Artigo 21. Extensión da ZBECOR a outros sectores da cidade

1. A implantación e regulación das seguintes fases da ZBECOR, requirirá da aprobación dun novo proxecto de Zona de Baixas Emisións pola Xunta de Goberno Local, que deberá cumprir as esixencias do artigo 10 do RD 1052/2022 e os obxectivos para alcanzar uns niveis de calidade do aire que garantan a saúde das persoas, tal e como recolle o dito RD 1052/2022.

2. No plano do Anexo IV delimítanse as zonas de estudo e monitoraxe do fluxo de tráfico, así como das emisións contaminantes que este produce, segregando os resultados por procedencia e distintivo ambiental. As achegas do conxunto de estudos e datos obtidos servirán de base para a redacción do proxecto indicado no punto anterior.

Artigo 22. Implantación da ZBE e coherencia cos instrumentos de planificación

A implantación da ZBE debe estar integrada e ser coherente cos instrumentos municipais de planificación urbana estratéxica e normativa de calidade do aire e de acción contra o ruído, así como as medidas adoptadas polo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS en adiante).

Artigo 23. Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de contaminación

Sen prexuízo da declaración de ZBE, a declaración de episodio de contaminación do aire por calquera das administracións implicadas, local ou autonómica, implicará a activación do protocolo de actuación municipal ante episodios de alta contaminación atmosférica e as medidas establecidas, no seu caso, polo Concello da Coruña no Decreto de Alcaldía aprobado para ese efecto.

Artigo 24. Sistema de control e protección de datos

1. O control de acceso ás ZBE e ás zonas de estudo indicadas no artigo 21 desta Ordenanza realizarase mediante un sistema automático e coa plataforma tecnolóxica que se designe pola autoridade municipal. Con este sistema comprobarase o acceso de vehículos, sen que sexa necesario captar a imaxe das persoas ocupantes, sen prexuízo das facultades que a Policía Local teña asignadas no control, vixilancia e sanción das infraccións e non cumprimento das normas establecidas.

2. A instalación e uso de cámaras, vídeo-cámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico efectuarase pola autoridade municipal encargada da regulación do tráfico aos fins previstos no TRLSV e demais normativa específica na materia, e con suxeición ao disposto na normativa de protección de datos.

Artigo 25. Atención á cidadanía na xestión da ZBE

Toda a información relativa á ZBE será publicada na páxina web institucional do Concello da Coruña, habilitándose as canles de comunicación coa cidadanía de consulta e xestión de trámites relativos á ZBE. Entre estas canles, dotarase obrigatoriamente a presencial, a telefónica e a telemática.

TITULO SEGUNDO: A MOBILIDADE ACTIVA**Capítulo 1. Disposicións comúns****Artigo 26. Concepto de mobilidade activa**

A mobilidade activa comprende os desprazamentos a pé, en ciclo, bicicleta ou outros medios de transporte activo.

Capítulo 2. Mobilidade a pé con aparellos sen propulsión motora e de persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida**Artigo 27. Persoas que se desprazan a pé**

1. A mobilidade das persoas que camiñan é a base da mobilidade urbana e a configuración dos espazos urbanos terá en conta esa prioridade peonil.

2. Considérase viandantes ou peóns/peoas ás persoas que transitan a pé polas vías e espazos públicos, así como ás persoas que se definan como tales na normativa xeral de tráfico. As persoas viandantes deben circular con dilixencia cumprindo as normas establecidas no TRLSV, permanecer atentos ao entorno e manter un comportamento responsable que contribúa tanto á súa seguridade como á do conxunto da poboación.

3. Pola súa maior vulnerabilidade entre as persoas viandantes, a prioridade corresponderá ás persoas con discapacidade nos termos do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aos nenos e nenas, ás persoas maiores e ás persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida.

4. En canto ao tránsito de animais de tiro, carga ou cadeira, cabezas de gando illadas, en manda ou rabaño, está prohibido en todo o termo municipal, salvo autorización municipal expresa. Prohíbese así mesmo a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbanas, excepto nos casos autorizados previamente.

Artigo 28. Circulación de patíns, patinetes e aparellos similares sen motor

1. Os patíns, patinetes ou aparellos similares non motorizados transitarán preferentemente polo carril-bici protexido. Non poderán invadir a calzada nin carrís de circulación (nin sequera os carrís con velocidade limitada a 30 km/h), salvo para cruzar polos pasos habilitados.

2. Poderán transitar por beirarrúas e resto de zonas peonís a unha velocidade adaptada ao paso de persoas, e coa dilixencia e precaución necesarias para evitar danos propios ou alleos, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo.

3. Prohíbese efectuar manobras bruscas, freadas ou derrapaxes que poñan en perigo a integridade física do resto de persoas usuarias da vía pública.

4. Tampouco se permitirá que estes dispositivos sexan arrastrados por outros vehículos nin circular levando animais suxeitos.

Artigo 29. Persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida

1. As persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida terán dereito a usar as vías e espazos públicos en condicións de accesibilidade.

2. Nas zonas peonís e rúas residenciais poderase habilitar unha zona de tránsito seguro, mediante a súa delimitación no pavimento, con elementos visuais ou táctiles.

3. Na instalación do mobiliario urbano terase en conta o seu deseño e localización para facilitar a accesibilidade das persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida, gardando a separación mínima esixida na normativa vixente de accesibilidade.

Capítulo 3. Mobilidade en ciclo e bicicleta**Artigo 30. Obxecto, definicións e réxime xurídico**

1. O obxecto do presente capítulo é regular a circulación das bicicletas e ciclos, nas vías urbanas de competencia municipal.

2. Considéranse ciclos e bicicletas aos vehículos definidos como tales na normativa de tráfico e no regulamento específico para vehículos vixente. É persoa ciclista quen circula en bicicletas e ciclos.

3. O disposto neste capítulo é igualmente aplicable ás bicicletas con pedaleo asistido que non supere a potencia de 250 W fixada na normativa da Unión Europea (UE en diante) e cuxo motor se deteña cando a velocidade alcance o 25 km/h ou se a persoa condutora deixa de pedalear.

4. Os ciclos e bicicletas deberán cumprir as dotacións e condicións técnicas establecidas na normativa vixente de tráfico e demais normas que lle resulten de aplicación.

Artigo 31. Dereitos e obrigacións xerais das persoas ciclistas

1. As persoas ciclistas deberán cumprir as normas contidas no presente capítulo e demais normativa aplicable en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria, e adoptarán as medidas adecuadas para garantir a seguridade na vía pública e a convivencia co resto dos vehículos e, especialmente, coas persoas viandantes.

2. As persoas ciclistas teñen dereito a facelo con seguridade e eficacia polas rúas do municipio, utilizando tanto as infraestruturas reservadas como os espazos compartidos cos vehículos de motor segundo estableza a sinalización viaria en cada caso.

3. Será obrigatorio o uso de casco de protección para menores de 16 anos e recomendable para o resto das persoas ciclistas.

4. Non se permite circular utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son, nin a manipulación de dispositivos de telefonía móbil ou calquera outro dispositivo ou sistema de comunicación que implique uso manual.

5. Prohíbese arrancar ou circular co vehículo apoiando unha soa roda, circular suxeitándose a outros vehículos en marcha ou efectuar manobras bruscas, freadas ou derrapaxes que poidan poñer en perigo a integridade física de quen ocupa o vehículo e do resto de persoas usuarias da vía pública. En ningún caso poderán circular levando animais atados ao ciclo ou bicicleta.

6. Prohíbese circular en ciclo ou bicicleta con taxas de alcol superiores ás que regulamentariamente se determinen ou con presenza de drogas no organismo, das que se exclúen aquelas substancias que se utilicen baixo prescrición facultativa e cunha finalidade terapéutica, sempre que se estea en condicións de utilizar o ciclo ou bicicleta.

7. Será recomendable dispoñer dun seguro de responsabilidade civil con cobertura de danos a terceiros en caso de accidente e obrigatorio no caso de que unha norma superior así o estableza.

Artigo 32. Velocidade de circulación

As persoas ciclistas circularán dentro do termo municipal á velocidade que lles permita manter o control da condución e deterse en calquera momento. Cando circulen por calzada, a velocidade máxima será a establecida para a vía, non podendo superar os 45 Km/h se a velocidade máxima da vía fora superior, coas excepcións legalmente establecidas. Nos carrís-bici, a velocidade máxima será de 20 Km/h.

Artigo 33. Visibilidade e accesorios

1. Os ciclos e bicicletas deberán ser visibles en todo momento. Os ciclos e bicicletas que circulen entre o ocaso e a saída do sol ou cando existan condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan a visibilidade deben levar acendida a iluminación que corresponda segundo o RXCIR.

Así mesmo, nestes mesmos supostos, as persoas usuarias de ciclos e bicicletas deberán facer uso de pezas reflectoras, sendo recomendable a utilización das devanditas pezas sempre, aínda que exista luz diúrna e non concorran factores que diminúan a visibilidade.

Ademais, as bicicletas estarán dotadas dos elementos reflectores e sonoros (timbre) que, debidamente homologados, determináanse no RXV.

2. Os ciclos que, por construción, non poidan ser ocupados por máis dunha persoa poderán transportar, con todo, cando á persoa condutora sexa maior de idade, un/ha menor de ata sete anos en asento adicional que terá que ser homologado.

3. Poderanse utilizar nas bicicletas remolques, semirremolques, caixa dianteira sobre dúas rodas, ou outros elementos debidamente homologados conforme a normativa de aplicación a este tipo de elementos, para o transporte de menores, animais de compañía de ata 15 kg de peso ou de carga, sempre que a persoa condutora sexa maior de idade, coas limitacións impostas pola normativa estatal de aplicación e conforme ás seguintes condicións:

- a. Que se efectúe de tal forma que a carga non poida arrastrar, caer total ou parcialmente, ou desprazarse de maneira perigosa.
- b. Que non comprometa a estabilidade do vehículo.
- c. Que a velocidade á que se circule nestas condicións quede reducida nun 10 por cento respecto ás velocidades xenéricas que, para estes vehículos, se establecen no artigo 32.

- d. Que no caso de que se transporte a menores no remolque, a circulación se realice exclusivamente no carril-bici protexido. No caso da discontinuidade do dito carril bici ou beirarrúa bici, deberá transitar a pé pola beirarrúa.
- e. Que no caso de que se transporte a menores no remolque, o número de ocupantes estará limitado ao número máximo de persoas menores para o que estea homologado o remolque.
- f. Que non se oculten os sistemas de alumeado e elementos reflectantes.

Artigo 34. Normas de circulación con ciclos e bicicletas

As persoas ciclistas deberán circular nas vías urbanas de acordo coas seguintes normas:

a. Circulación por carril-bici

Os ciclos e bicicletas circularán polos carrís- bici existentes a unha velocidade adecuada, sen superar en ningún caso os 20 km/h e a velocidade máxima marcada para a vía, evitando en todo momento manobras bruscas, e con precaución ante unha posible invasión do carril-bici por viandantes e, moi especialmente, de nenos e nenas, persoas maiores e persoas con discapacidade visual ou psíquica.

Nos carrís-bici de dobre sentido de circulación, as persoas ciclistas circularán pola súa banda dereita, podendo utilizar o sentido contrario para adiantar a outras persoas usuarias.

b. Circulación pola calzada

En caso de non existir carril-bici, as bicicletas circularán pola calzada, sempre que non o fagan a unha velocidade anormalmente reducida e non superando en ningún caso a velocidade indicada para a vía, non podendo superar os 45 Km/h se a velocidade máxima da vía fora superior, coas excepcións legalmente establecidas.

Prohíbese a súa circulación polos túneles que carezan de carril-bici protexido, salvo sinalización expresa que o autorice.

Cando as persoas ciclistas circulen pola calzada ocuparán preferentemente o centro do carril de circulación.

Para os cambios de dirección, os ciclos de dúas rodas, se non existe un carril especialmente acondicionado para o xiro á esquerda, deberán situarse á dereita, fóra da calzada sempre que sexa posible, e inicialo dende ese lugar

Naquelas vías que dispoñan de, polo menos, dous carrís de circulación por sentido, as persoas ciclistas utilizarán preferentemente o carril dereito. En caso de existir ciclo carril 30 circularán por este, de maneira compartida cos VMP e co transporte público. Poderán circular polos outros carrís cando vaian cambiar de dirección ou cando o precisen adiantar a outros vehículos.

En interseccións reguladas por semáforos e en situacións con retencións de tráfico, as persoas ciclistas poderán adiantarse ata situarse na liña de detención, pasando con precaución ao resto dos vehículos detidos. No caso de que haxa zonas avanzadas de espera, poderán avanzar nas mesmas condicións para situarse nelas. Nestes mesmos supostos, de existir un paso peonil, as persoas ciclistas respectarán en todo momento a prioridade peonil.

c. Beirarrúas e rúas peonís.

Prohíbese a circulación de bicicletas polas beirarrúas e vías peonís, excepto aos nenos e nenas menores de 12 anos a quen acompañe unha persoa adulta a pé, a velocidade similar á das persoas viandantes e respectando en todo momento a prioridade destas últimas.

Cando a persoa en bicicleta precise acceder á beirarrúa ou vía peonil, deberá facelo desmontando da bicicleta e transitando con ela en man como viandante.

d. Outras zonas peonís: prazas, parques e xardíns ou outros espazos asimilables.

Con carácter xeral, prohíbese a circulación de bicicletas no resto de zonas peonís, excepto aos nenos e nenas menores de 12 anos a quen acompañe unha persoa adulta a pé, a velocidade similar á das persoas viandantes e respectando en todo momento a prioridade destas últimas, salvo nos casos en que a vía ciclable discorra polos mesmos.

Cando a persoa en bicicleta precise acceder a estes espazos, deberá facelo desmontando da bicicleta e transitando con ela en man como viandante.

O Concello da Coruña poderá autorizar o uso compartido dalgún destes espazos para viandantes e bicicletas, sinalándoo para ese efecto. En todo caso deberase respectar a prioridade peonil e a velocidade máxima de 10 km/h.

Nestas zonas de uso compartido a que se refire o parágrafo anterior, as persoas ciclistas prestarán especial atención e adoptarán as medidas necesarias para non alterar a seguridade das persoas viandantes, baixándose do ciclo ou bicicleta se fose necesario.

e. Rúas residenciais e zonas de preferencia peonil.

Poderán circular bicicletas, respectando en todo caso a prioridade peonil conforme o artigo 12 desta ordenanza.

Artigo 35. Supostos de prioridade de circulación respecto aos vehículos de motor.

As persoas ciclistas teñen prioridade de circulación respecto aos vehículos de motor:

- a. Cando circulen por un carril-bici ou paso para ciclistas debidamente sinalizados.
- b. Cando para entrar noutra vía o vehículo de motor vire a dereita ou esquerda, nos supostos permitidos, e haxa unha persoa ciclista nas súas proximidades.
- c. Cando circulando en grupo, o primeiro iniciase xa o cruzamento ou entrase nunha glorieta.

Nos demais casos, serán aplicables as normas xerais sobre prioridade de paso entre vehículos.

Artigo 36. Servizo público de préstamo de bicicletas.

1. O Concello da Coruña, en aplicación da xerarquización do emprego do espazo público establecida no artigo 6 desta ordenanza, fomentará o uso da bicicleta como medio de transporte a través da progresiva ampliación do servizo público de préstamo de bicicletas, Bicicoruña, como medio de redución da contaminación atmosférica e acústica, fomento de hábitos saudables, de mellora da intermodalidade, a accesibilidade e a conectividade no transporte e de diminución da congestión do tráfico.

2. As normas de uso, o procedemento de alta, baixa e renovación, o establecemento do custe do servizo e o catálogo de dereitos e obrigas das persoas usuarias, incluídas as infraccións e sancións, serán as que en cada momento sexan aprobadas en función da forma de xestión que o Concello acorde para a prestación do servizo.

Capítulo 4. Mobilidade en VMP

Artigo 37. Definición e ámbito de aplicación

1. É obxecto deste capítulo regular a circulación dos VMP nas vías urbanas.

2. Enténdese por VMP o vehículo dunha ou máis rodas dotado dunha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de auto-equilibrado.

De acordo coa normativa vixente da Dirección Xeral de Tráfico diferéncianse os seguintes tipos de VMP:

- VMP para transporte persoal.
- VMP para transporte de mercadorías ou outros servizos.

Os VMP para transporte de mercadorías ou outros servizos son un tipo de VMP de polo menos 3 rodas, situándose 2 delas no eixo máis próximo á carga, e que dispoñen dunha plataforma ou caixón habilitado para este uso.

Non teñen a consideración de VMP os seguintes vehículos:

- Vehículos deseñados especificamente para circular fóra das vías públicas ou vehículos concibidos para a competición.
- Os vehículos para persoas con mobilidade reducida.
- Os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VCA.
- Os vehículos considerados xoguets.
- Vehículos deseñados e fabricados para ser utilizados exclusivamente polas Forzas Armadas.
- Os ciclos de pedais con pedaleo asistido (EPAC).
- Aqueles vehículos incluídos dentro do ámbito do Regulamento UE n.º 168/2013.

3. Os VMP, tanto os de transporte persoal como de transporte de mercadorías ou outros servizos deberán posuír as características e especificacións técnicas esixidas pola normativa aplicable e dispoñer dos certificados de uso e demais documentación que resulte esixible en base á devandita normativa.

Artigo 38. Condicións xerais de circulación

1. As persoas usuarias de VMP deberán respectar as normas desta ordenanza, así como as de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

2. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesaria para evitar riscos e/ou danos propios ou alleos, evitando poñer en perigo ás demais persoas usuarias da vía. A persoa condutora debe estar sempre en condicións de controlar o seu vehículo.

3. A idade mínima permitida para conducir un VMP polas vías e espazos públicos dentro do termo municipal é de 16 anos.

4. Será obrigatorio o uso de casco para as persoas usuarias de VMP.
5. Só está permitido o uso unipersoal do vehículo.
6. Prohíbese circular en VMP con taxas de alcol superiores ás que regulamentariamente se determinen ou con presenza de drogas no organismo, das que se exclúen aquelas substancias que se utilicen baixo prescrición facultativa e cunha finalidade terapéutica, sempre que se estea en condicións de utilizar o VMP.
7. Os VMP deberán ser visibles en todo momento. Cando circulen entre o ocase e a saída do sol ou cando existan factores ou condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan a visibilidade, levarán acendido a iluminación regulamentaria. Así mesmo, nestes mesmos supostos, as persoas usuarias de VMP deberán facer uso de pezas reflectoras, sendo recomendable a utilización das devanditas pezas sempre, aínda que exista luz diúrna e non concorran factores que diminúan a visibilidade.
8. É obrigatorio que o VMP dispoña de sistema de freado, dispositivo de advertencia acústica (timbre), luces e dispositivos reflectores traseiros e dianteiros, conforme á normativa aplicable.
9. Non se permite circular utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son, nin manipulando dispositivos de telefonía móbil ou calquera outro dispositivo ou sistema de comunicación que implique uso manual.
10. En ningún caso se permitirá que os VMP arrastren ou sexan arrastrados por outros vehículos nin que circulen levando animais atados ao VMP. Ademais, estará prohibido axustarlle accesorios non homologados que aumenten a súa capacidade. .
11. Prohíbese efectuar manobras bruscas, freadas ou derrapaxes que poidan poñer en perigo a integridade física de quen ocupa o vehículo e do resto de persoas usuarias da vía pública. As persoas condutoras de VMP deberán utilizar sempre o brazo para advertir ao resto de usuarios e usuarias da vía acerca das manobras que vaian a efectuar.
12. Será obrigatorio dispoñer dun seguro de responsabilidade civil con cobertura de danos a terceiros en caso de accidente, na forma e contía indicada na disposición adicional primeira da Lei 5/2025, do 24 de xullo, pola que se modifica o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, e a Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, ou norma que a substitúa.

Artigo 39. Velocidade de circulación

As persoas usuarias de VMP circularán no termo municipal á velocidade que lles permita manter o control do mesmo e detelo en calquera momento, independentemente da velocidade máxima permitida segundo a vía, sen que poidan superar o 25 Km/h. Nos carrís-bici a velocidade máxima é de 20 Km/h.

Artigo 40. Normas de circulación con VMP

As persoas usuarias de VMP deberán circular nas vías urbanas de acordo coas seguintes normas:

a. Circulación por carrís-bici

Autorízase aos VMP a circular polos carrís-bici existentes, no sentido sinalizado, nas mesmas condicións que as bicicletas, a unha velocidade adecuada, sen superar en ningún caso os 20 km/h, evitando en todo momento manobras bruscas, e con precaución ante unha posible invasión do carril-bici por viandantes e, moi especialmente, de nenos e nenas, persoas maiores e persoas con discapacidade visual ou psíquica.

b. Circulación pola calzada

En caso de non existir carril-bici, os VMP poderán circular pola calzada, sen superar en ningún caso os 25 km/h.

Prohíbese a súa circulación en vías interurbanas, travesías, autoestradas, autovías ou túneles urbanos que carezan de carril-bici segregado.

Naquelas vías que dispoñan de, polo menos, dous carrís de circulación por sentido, as persoas condutoras de VMP utilizarán preferentemente o carril dereito. En caso de existir carrís con limitación de velocidade a 30 km/h circularán por este, de maneira compartida coas bicicletas e transporte público. Poderán circular polos outros carrís cando vaian cambiar de dirección ou cando o precisen para pasar a outros vehículos.

En interseccións reguladas por semáforos e en situacións con retencións de tráfico, os VMP poderán adiantarse ata situarse na liña de detención, pasando con precaución ao resto dos vehículos detidos. No caso de que haxa zonas avanzadas de espera, poderán avanzar nas mesmas condicións para situarse nelas. Nestes mesmos supostos, de existir un paso peonil, as persoas ciclistas respectarán en todo momento a prioridade de peóns e peoas.

c. Beirarrúas e resto de zonas peonís: vías peonís, prazas, parques e xardíns

Prohíbese a circulación de VMP por beirarrúas e resto de zonas peonís (vías peonís, prazas, parques e xardíns), salvo nos casos en que a vía ciclable discorra polos mesmos.

Cando a persoa en VMP precise acceder a estes espazos, deberá facelo desmontando do VMP e transitando con el en man como viandante.

d. Rúas residenciais e zonas de preferencia peonil.

Poderán circular VMP, respectando en todo caso a prioridade peonil conforme o artigo 12 desta ordenanza.

Artigo 41. Rexistro de VMP

O Concello da Coruña poderá establecer un rexistro para os VMP no que constará a marca, modelo e número de bastidor/serie, para os efectos de identificación.

TÍTULO TERCEIRO: A MOBILIDADE EN TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS

Capítulo 1. Transporte Público Urbano Colectivo de Persoas

Sección 1ª. Disposicións comúns

Artigo 42. Natureza do transporte público colectivo

1. O transporte público colectivo é o eixo central da mobilidade urbana para aquelas persoas usuarias ou distancias onde se necesitan alternativas aos desprazamentos mediante medios de mobilidade activa ou micro-mobilidade, con garantía dunha accesibilidade universal e fomento de tecnoloxías de baixas ou cero emisións directas.

2. O Concello da Coruña fomentará a implantación de solucións que faciliten a intermodalidade nos desprazamentos urbanos.

Artigo 43. Tipoloxía e condicións do transporte público colectivo de persoas viaxeiras

1. O transporte público colectivo de persoas no termo municipal da Coruña poderá ser:

- a. Regular, os que se efectúan dentro de itinerarios preestablecidos, e con suxeición a calendarios e horarios prefixados, e que á súa vez pode ser:
 - i. De uso xeral, os que van dirixidos a satisfacer unha demanda xeral, sendo utilizables por calquera persoa interesada.
 - ii. De uso especial, os que están destinados a servir, exclusivamente, a un grupo específico de persoas usuarias tales como escolares, persoal laboral dunha empresa, militares, ou grupos homoxéneos similares.
- b. Discrecional, os que se levan a cabo sen suxeición a itinerario, calendario nin horario preestablecido.

2. O transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso especial e discrecional deberá contar coa previa autorización municipal, na que se determinarán os itinerarios, horarios ou lugares de parada.

3. O transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso especial deberá utilizar unicamente as paradas sinalizadas para os autobuses urbanos agás que expresamente se habiliten paradas diferentes, polo tempo mínimo imprescindible para a subida e baixada de persoas usuarias.

4. O transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso especial ou discrecional só poderá estacionar nos puntos de partida ou chegada, salvo que se determine outra cousa na autorización.

Capítulo 2. Do transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso xeral (transporte urbano regular)

Sección 1ª. Natureza e condicións xerais

Artigo 44. Natureza e condicións xerais da prestación do servizo

1. O transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras na cidade da Coruña constitúe un servizo público cuxa competencia corresponde ao Concello da Coruña, segundo o disposto no artigo 25.2 g) e 26.1 d) da LBRL, que decidirá sobre a súa forma de xestión.

2. O Concello da Coruña garantirá na prestación do servizo as seguintes condicións:

- a. O dereito ao seu uso, sen ningún tipo de restrición, nos termos das condicións do servizo.
- b. A accesibilidade universal das persoas usuarias.
- c. Un sistema de tarifas acordes co principio de capacidade económica das persoas usuarias, mediante o establecemento de abonos por recorrencia e/ou en función de perfís das persoas usuarias.
- d. O servizo no termo municipal, mediante o establecemento de diferentes itinerarios, frecuencias de servizo e número de vehículos en función da demanda e da prestación de servizo público.

- e. O uso de medios telemáticos polas persoas usuarias para o abono de tarifas, seguimento dos itinerarios e as frecuencias.

3. O Concello da Coruña regulará as concretas condicións técnicas do servizo, a través do Regulamento de funcionamento do servizo que se aprobe, incluíndo os poderes de policía para o correcto cumprimento das mesmas. Estas condicións técnicas, así como os poderes de policía, deberán facerse valer pola concesionaria do servizo, en caso de xestión indirecta.

4. En particular, o Concello da Coruña:

- a. Determinará o número de liñas, itinerarios, frecuencias, número de vehículos e paradas.
- b. Establecerá as paradas reservadas, que só poderán ser utilizadas por outros transportes con autorización específica para ese efecto.
- c. Poderá establecer carrís reservados para a circulación e parada de autobuses, onde estará prohibida a circulación doutros vehículos non autorizados. Así mesmo, poderá adoptar medidas de xestión do tráfico diferenciadas para priorizar o paso dos autobuses, tanto na programación semafórica como na autorización de movementos ou xiros exclusivos.
- d. Poderá establecer servizos de transporte público a demanda coas condicións que se establezan, para aquelas zonas onde non haxa suficiente demanda para establecer liñas regulares.

5. O funcionamento do transporte público urbano, en canto ás condicións dos vehículos, persoas condutoras e usuarias, rexerase polo disposto no Regulamento de funcionamento do Servizo e, no seu caso, polas condicións fixadas para a xestión do servizo.

Sección 2ª. Tarifas do transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso xeral

Artigo 45. As tarifas e a súa revisión

- 1. Toda persoa usuaria vén obrigada ao pago da tarifa que se estableza como prezo da viaxe.
- 2. As tarifas serán aprobadas polo Concello da Coruña e deberán cubrir os custos do servizo, incluíndo os gastos de explotación, amortización e o beneficio industrial calculado.

As tarifas, en caso de realizarse mediante xestión indirecta, terán a consideración de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4. Poderán acordarse tarifas reducidas ou subvencionadas para determinados colectivos de persoas usuarias a través dun sistema de pago co saldo de tarxeta de viaxe, coñecida actualmente como “tarxeta Coruña Millennium”.

O Concello abonará á concesionaria do servizo a diferenza entre o importe da tarifa subvencionada/bonificada e o da tarifa ordinaria.

5. O Concello da Coruña poderá subscribir convenios de financiamento para a redución de tarifas de transporte urbano colectivo con outras Administracións ou entidades do Sector Público, e acollerse ás axudas estatais para transporte.

Artigo 46. Procedemento para a determinación do importe das tarifas

1. A revisión das tarifas realizarase segundo o disposto no Regulamento de funcionamento do Servizo e axustarase á normativa estatal e autonómica aplicable. O procedemento contemplado no regulamento garantirá, en todo caso, que a cidadanía poida manifestar a súa opinión, a través do trámite de audiencia, ás asociacións locais de persoas consumidoras e usuarias.

2. Os requisitos para a obtención e utilización das tarifas subvencionadas serán aprobados polo Concello da Coruña, con periodicidade anual, e poderán ser prorrogadas automaticamente sen necesidade de resolución expresa en caso de non haber modificacións.

3. Coincidindo coa aprobación da revisión da tarifa polo Concello da Coruña, fixaranse os importes da tarifa subvencionada para os diferentes perfís de persoas beneficiarias que se establezan.

Artigo 47. Forma de pago

4. O pago efectuarase por algún dos medios que se indican a continuación:

- a. Mediante o abono do correspondente título de transporte.
- b. Mediante a utilización de calquera título válido admitido polo Concello da Coruña.

5. Para evitar demoras, as persoas usuarias deberán procurar ter preparado o medio de pago no momento de subir ao autobús e, se o pago se realiza en efectivo, procurarán levar o importe exacto, sen prexuízo de que a persoa condutora está obrigada a dar cambio, sempre que non supere o importe que se fixe como máximo polo Concello da Coruña.

Sección 3ª. Dos vehículos

Artigo 48. Características e condicións dos vehículos

1. Os vehículos destinados ao Servizo Público de Transportes Urbanos de persoas viaxeiras da Coruña, reunirán as características e condicións esixidas no Regulamento de funcionamento do Servizo, que deberá apostar polo emprego de enerxías ou combustibles non contaminantes.

2. Poderán levar publicidade no seu exterior sempre que non sexa contraria á normativa vixente sobre publicidade e ao disposto no Regulamento de funcionamento do Servizo.

3. Sen prexuízo das revisións que competen a outros organismos oficiais os servizos técnicos municipais inspeccionarán os vehículos antes de adscribilos ao servizo, co obxecto de comprobar se as súas características se axustan ás condicións do dito servizo.

4. A operadora do Servizo Público de Transportes Urbanos estará obrigada a manter os vehículos en bo estado, de tal forma que a súa utilización se produza en condicións de seguridade, salubridade e hixiene.

5. A operadora do Servizo Público de Transportes Urbanos estará obrigada a que todos os vehículos dispoñan de sistemas de climatización.

6. Os autobuses cumprirán a normativa vixente en canto a ventilación dos vehículos ao obxecto de manter unha calidade do aire óptima no interior dos mesmos.

7. Os vehículos serán obxecto de limpeza diaria, tanto interior como exterior, antes da súa entrada en servizo. De igual modo, realizarase a súa desinfección e desinsectación nos prazos establecidos pola normativa específica.

8. Todos os vehículos do Servizo Público de Transportes Urbanos serán modelos debidamente homologados, haberán de atoparse en bo estado de funcionamento, as súas condicións técnicas axustaranse ao establecido no Regulamento de funcionamento do Servizo e deberán estar ao corrente no cumprimento das Inspeccións Técnicas de Vehículos (ITV).

9. Nun lugar visible do interior do vehículo farase constar o número de prazas sentadas, o número máximo de persoas de pé e o número de prazas reservadas para persoas en cadeira de rodas e carriños de bebé.

10. Non se admitirán máis persoas viaxeiras nos vehículos que as indicadas como capacidade máxima segundo a súa ficha técnica. A persoa condutora do autobús está facultada para esixir ás persoas viaxeiras o cumprimento desta norma.

Sección 4ª. Dereitos e obrigacións do persoal afecto ao servizo e das persoas viaxeiras

Artigo 49. Obrigacións da empresa concesionaria e do persoal afecto ao servizo

1. A entidade concesionaria do servizo e o seu persoal están suxeitos ao cumprimento das obrigacións que se establezan no Regulamento de funcionamento do servizo e/ou nos Pregos da concesión, que determinarán tamén as consecuencias do seu incumprimento.

2. A persoa condutora do autobús cando termine o servizo terá a obriga de revisar o vehículo e a entregar á concesionaria os obxectos non perecedoiros das persoas viaxeiras que quedasen no vehículo. Cando devanditos obxectos non fosen reclamados polas persoas propietarias, dentro das corenta e oito horas seguintes, deberán ser depositados pola empresa nas oficinas da Policía Local.

3. A empresa concesionaria estará obrigada a ter nas súas oficinas follas de reclamación ao dispor das persoas usuarias, segundo o establecido na normativa de persoas consumidoras e usuarias, así como un apartado de reclamacións a través da súa páxina web, debendo dar traslado ao Concello da Coruña das reclamacións recibidas e da súa resolución, coa periodicidade que se dispoña no Regulamento de funcionamento do servizo, sen prexuízo de que as persoas usuarias poden optar por presentar directamente as súas reclamacións ante o Concello da Coruña.

Artigo 50. Dereitos, obrigacións ou prohibicións das persoas viaxeiras

1. Dereitos da persoa viaxeira:

- a. Toda persoa viaxeira que cumpra coas obrigacións que lle corresponden e non incorra en ningunha das prohibicións que se establecen neste artigo ten dereito á prestación do servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- b. Así mesmo, teñen dereito a que se preste o servizo con continuidade e frecuencia aceptables e en condicións dignas en canto á capacidade dos vehículos.
- c. Teñen preferencia para subir ao autobús e ocupar asento as persoas anciás, as persoas con mobilidade reducida, as mulleres embarazadas e as persoas que estean a cargo dun neno ou nena menor de 3 anos.

- d. As persoas que fagan uso de cadeira de rodas ou outros dispositivos para persoas con mobilidade reducida, poderán acceder pola porta de baixada unha vez despregada a rampla de acceso ou se bastase, empregando o sistema de axeonllamento (kneeling), tendo dereito preferente para ocupar o espazo sinalizado para ese efecto.
- e. As persoas que accedan cun carriño para bebés teñen dereito a que se lles facilite a entrada e saída empregando o sistema de axeonllamento (kneeling) tendo preferencia para ocupar o espazo sinalizado para ese efecto. Poderán acceder pola porta de baixada e se fose preciso utilizando a plataforma de accesibilidade da que dispoñen os autobuses.
- f. Poderase acceder con animais de compañía ao transporte público en transportín ou contedor adecuado e específico, non podendo o transportín ocupar asento adicional nin obstruír as portas ou zonas de paso do autobús.
- g. As persoas usuarias de cans guía ou cans de asistencia, en todo caso, poderán acceder con eles ao vehículo.
- h. Subir ao vehículo con bicicleta pregable sempre que estea pregada.

2. Obrigacións da persoa viaxeira:

- a. A persoa viaxeira estará obrigada a satisfacer o prezo da tarifa que lle corresponde.
- b. Comportarse adecuadamente.
- c. Non incorrer en ningunha das prohibicións que se establecen no seguinte apartado.
- d. Cando se viaxe con animal de compañía en transportín, a persoa viaxeira será responsable da actitude do animal e debe ter coidado para que non produza ningunha molestia polo seu comportamento, olor ou ruído ás demais persoas viaxeiras do autobús. Terá que cumprir coas obrigas da Ordenanza para a protección e tenza de animais do Concello da Coruña.

3. Prohibicións da persoa viaxeira:

- a. Subir ou baixar do vehículo sen que este se detivese completamente.
- b. Desobedecer as indicacións que realicen a persoa condutora ou encargada do transporte para a boa marcha do servizo.
- c. Increpar á persoa condutora ou a outras persoas viaxeiras.
- d. Subir ao vehículo antes de que lle corresponda por quenda na fila, a menos que teña dereito preferente.
- e. Suspenderse dos elementos do vehículo, como barras, estribos, ou permanecer en lugares non habilitados como escaleiras ou outros.
- f. Non ceder o asento nin a preferencia na fila para subir ás persoas con dereito preferente e ocupar lugares destinados a cadeiras de rodas ou carriños de bebé cando haxa persoas con dereito a estes espazos que o precisen.
- g. Obstaculizar ou entorpecer o tránsito nos lugares de paso.
- h. Subir ao vehículo, a pesar de ser advertido que non pode facelo por estar completa a capacidade do vehículo.
- i. Subir ao vehículo por outro acceso que o destinado a iso, salvo aquelas persoas con dereito a subir pola porta de saída por ir en cadeira de rodas.
- j. Levar consigo materias inflamables, explosivas ou perigosas, e tamén armas de fogo.
- k. Portar vultos, bolsas ou paquetes que, pola súa forma, contido, volume ou mal cheiro, poidan molestar ou manchar a outras persoas viaxeiras.
- l. Utilizar os sinais de aviso de parada ou de alarma inxustificadamente.
- m. Fumar, consumir drogas ou bebidas alcohólicas no vehículo.
- n. Distraer á persoa condutora ou tocar os mandos ou mecanismos do vehículo.
- o. Empregar dispositivos emisores de son con altosfalantes (teléfonos móbiles, altosfalantes ou similares).
- p. Comer no interior dos vehículos ou portar vasos ou botellas sen tapa.
- q. Subir ao vehículo con VMP.

Capítulo 3. Transporte interurbano

Artigo 51. Do transporte interurbano

1. O transporte interurbano prestarase de acordo co establecido nos plans que en cada momento aprobe a Xunta de Galicia dentro do ámbito das súas competencias.

2. O outorgamento das concesións e autorizacións para o transporte interurbano colectivo de persoas viaxeiras é competencia da Xunta de Galicia, que establecerá os horarios, itinerarios e paradas fóra do núcleo urbano, tanto do transporte regular como do discrecional.

3. As condicións dos vehículos, autorizacións de transportistas, requisitos para a súa condución, obrigas das persoas usuarias, etc., ateranse ao disposto no título III da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que establece a ordenación do sistema de transporte público regular de persoas viaxeiras de Galicia e completa a regulación do Plan de transporte público de Galicia.

4. O Concello da Coruña, en aplicación das súas competencias en materia de transporte público de persoas viaxeiras, de ordenación do tráfico de vehículos e persoas, e na protección do medio ambiente, establecerá os itinerarios e paradas no ámbito urbano das concesións e autorización existentes, salvagardando en todo momento o interese público e a calidade da circulación. Poderá, así mesmo, establecer requisitos medioambientais dos autobuses que penetren no núcleo urbano.

5. O tránsito polas vías públicas urbanas someterase ás normas contidas nesta ordenanza.

6. Ao obxecto de coordinar o enlace das rutas interurbanas coas rutas urbanas autorizadas, así como o acceso á Estación de Autobuses, o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia, acordarán os itinerarios das rutas de transporte.

Artigo 52. Uso da estación de autobuses

1. As empresas concesionarias deste transporte deberán aterse ao Regulamento de Explotación da Estación de autobuses e ao que se articule con motivo do desenvolvemento dos Convenios inter administrativos relativos á área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña.

2. O establecemento de paradas segundo o artigo 51.4 serán as establecidas para o transporte urbano, salvo as excepcións que se acorden entre as distintas administracións con competencia en materia de transporte.

3. As paradas autorizadas deberán estar correctamente identificadas e sinalizadas. En todo caso, será a administración responsable do servizo autorizado a que acometa os traballos e solicite os permisos necesarios correspondentes ás tarefas de identificación das paradas (carteleira, fito de parada, paneis de información, marquesiña, ...).

Capítulo 4. Do transporte público colectivo regular de uso especial: transporte de menores e de persoas traballadoras

Sección 1ª. Do transporte escolar

Artigo 53. Transporte regular especial de escolares ou transporte escolar

Terá a consideración de transporte escolar o transporte reiterado de estudantes, de carácter público ou privado, con orixe ou destino nun centro de ensino.

Artigo 54. Solicitud de autorización e modificación

1. As persoas interesadas en obter autorización de transporte escolar presentarán a súa solicitude ante o Concello da Coruña xunto coa documentación preceptiva, de acordo co procedemento que para ese efecto se estableza na sede electrónica.

2. Solicitarase autorización unicamente para o número de vehículos que se consideren imprescindibles para prestar correctamente o servizo en función do número de rutas e pasaxe, incluíndo para estes efectos para cada un deles, a documentación indicada no apartado anterior.

3. No caso de que sexa necesaria a modificación dos vehículos autorizados dentro do período de vixencia da autorización, a persoa física ou xurídica titular solicitará a correspondente modificación mediante a achega da documentación acreditativa de tal circunstancia, así como, no seu caso, co xustificante de abono da taxa que corresponda conforme a Ordenanza fiscal de aplicación.

Artigo 55. Outorgamento da autorización

1. Comprobado que a documentación requirida acredita o cumprimento dos requisitos esixidos na normativa de aplicación, outorgarase a mesma, na que se fará constar:

- a. Persoa física ou xurídica titular da autorización.
- b. Matrículas dos vehículos autorizados.
- c. Centro escolar ou centros aos que se vai a prestar servizo.
- d. Itinerario e paradas autorizadas.
- e. Horario de prestación do servizo.
- f. Prazo de validez da autorización.
- g. Outras condicións ás que estará sometida a autorización.

2. A persoa que conduza o vehículo autorizado deberá levar consigo a autorización municipal e o distintivo outorgado polo Concello da Coruña mentres dure a prestación do servizo.

3. O punto de parada autorizado estará situado de forma que quen o utilice suba ou baixe directamente do autobús á beirarrúa que conecte co itinerario peonil accesible próximo. Queda prohibido subir ou baixar do autobús desde a calzada de circulación.

4. Os autobuses de servizos regulares especializados poderán utilizar as paradas dos autobuses urbanos conforme a autorización municipal outorgada, nas que se deterán o mínimo imprescindible, para a toma ou baixada de persoas. En todo caso, deberán realizar as paradas conforme ao disposto no artigo 10 do Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores e demais normativa aplicable, evitando deterse en lugares nos que poidan provocar situacións de perigo ou obstaculizar de forma relevante a circulación xeral.

Artigo 56. Vixencia da autorización

1. As autorizacións terán validez por un período máximo dun ano, superado o cal deberán renovarse mediante a presentación dunha nova solicitude. Con todo, o período de validez pode ser inferior a un ano para axustarse á duración do contrato subscrito pola empresa transportista coa súa contratante.

2. As autorizacións perderán a súa validez, sen necesidade de revogación expresa, se o vehículo carecese da pertinente autorización de transporte público de persoas viaxeiras, de inspección técnica vixente ou de póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor.

3. A validez da autorización queda condicionada, así mesmo, ao cumprimento das condicións recollidas nesta Ordenanza.

Sección 2ª. Do transporte regular especial de persoas traballadoras

Artigo 57. Transporte regular especial de persoas traballadoras

Enténdese por transporte regular especial de persoas traballadoras ao transporte reiterado de persoas traballadoras con orixe ou destino nun centro de traballo, xa sexa público ou privado.

Artigo 58. Autorización

1. Para a realización deste tipo de transporte dentro do termo municipal da Coruña, será indispensable a correspondente autorización municipal, de acordo co disposto na sección relativa ao transporte escolar.

2. Poderán solicitar a autorización as persoas físicas e xurídicas que sexan titulares da autorización de transporte público de persoas viaxeiras que contempla a normativa en materia de ordenación dos transportes terrestres que resulte de aplicación.

3. O punto de parada autorizado estará situado de forma que quen o utilice suba ou baixe directamente do autobús á beirarrúa que conecte co itinerario peonil accesible próximo. Queda prohibido subir ou baixar do autobús desde a calzada de circulación.

4. Os autobuses de servizos regulares especializados poderán utilizar as paradas dos autobuses urbanos conforme a autorización municipal outorgada, nas que se deterán o mínimo imprescindible, para a toma ou baixada de persoas.

Capítulo 5. Transporte público urbano de persoas en vehículos turismo por medio de taxi ou en réxime de arrendamento con persoa condutora (VTC)

Sección 1ª. Servizos de taxi

Artigo 59. Réxime xurídico

O transporte público urbano de persoas en vehículos turismo por medio de taxi está suxeito ao previsto na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres (LOTT en diante), no Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres (RLOTT en diante), na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, no resto de normativa que os complementa ou substitúa, así como á presente Ordenanza en canto a todo aquilo cuxa regulación non estea prevista na normativa anterior e resulte de competencia municipal.

Artigo 60. Título habilitante

As licenzas de taxi serán adxudicadas e rexistradas no Rexistro de Títulos Habilitantes polo Concello da Coruña nos termos establecidos na normativa autonómica e de acordo co procedemento coordinado establecido nesta.

Artigo 61. Número de licenzas de taxi

O número máximo de licenzas de taxi no municipio da Coruña axustarase ao establecido para o efecto con carácter xeral pola normativa autonómica.

Artigo 62. Limitacións cuantitativas por titular

O número máximo de licenzas de taxi por titular no municipio da Coruña será de tres.

Artigo 63. Visado das autorizacións para prestar o servizo municipal de taxi

O visado das autorizacións para prestar o servizo municipal de taxi realizarase polo Concello da Coruña a continuación do visado cuadrienal que realiza de oficio a administración autonómica das autorizacións interurbanas ou na periodicidade que esta administración indique e co contido e requisitos que se determinen nas instrucións que aproben, ben o Concello ben a propia administración autonómica.

Artigo 64. Inspección dos vehículos

1. O Concello da Coruña inspeccionará bienalmente que os vehículos son aptos para prestar o servizo e dispoñen da documentación acreditativa necesaria conforme os requisitos establecidos na normativa autonómica, así como que o estado de conservación e limpeza dos vehículos sexa adecuado para a prestación do servizo.

2. Os vehículos que non superen a revisión non poderán prestar servizo sen unha nova inspección na que se acredite a corrección da deficiencia ou deficiencias observadas.

3. A revisión ordinaria devindicará a taxa correspondente conforme o disposto na Ordenanza fiscal reguladora.

4. O Concello da Coruña poderá determinar a realización de revisións extraordinarias de carácter obrigatorio para os vehículos que se sinalen na resolución que as convoque. Tales revisións extraordinarias non devindicarán taxa algunha.

Artigo 65. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo do taxi teñen os dereitos e deberes que lle recoñecen a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve e toda a normativa posterior que a substitúa, aclarar ou amplíe. En concreto, poderán decidir sobre o funcionamento do aire acondicionado, climatización ou calefacción no vehículo a condición de que a decisión supoña un uso eficiente do citado equipamento.

Artigo 66. Deberes das persoas profesionais e usuarias do taxi

1. As persoas profesionais do servizo do taxi teñen os dereitos e deberes que lle recoñecen a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve e toda a normativa posterior que a substitúa, aclarar ou amplíe.

En concreto, deberán coidar o seu aspecto persoal, vestir adecuadamente durante o seu horario de prestación do servizo público ao que está adscrito o taxi, coidar a súa hixiene persoal e a limpeza e olor do habitáculo.

Está expresamente prohibido fumar no interior do vehículo, mesmo cos portelos baixados.

A persoa condutora do taxi prestará toda a axuda precisa ás persoas con mobilidade reducida no embarque e desembarque, cos sistemas de ancoramento e seguridade e ao acomodar no vehículo maletas ou cadeiras de rodas.

2. As persoas usuarias do taxi terán as obrigas e prohibicións indicadas no artigo 50, con excepción das específicas do bus urbano.

Artigo 67. Capacitación profesional

1. As persoas condutoras, así como as persoas asalariadas, deberán de acreditar que reúnen os requisitos e coñecementos establecidos na normativa autonómica.

2. O Concello da Coruña regulará mediante Instrución a convocatoria, o contido das probas e a documentación acreditativa dos coñecementos esixidos, que poderá establecer requisitos distintos para a obtención do certificado de aptitude profesional ou para a súa renovación.

3. O certificado de aptitude profesional para prestar servizos de taxi perderá a súa vixencia aos cinco anos da súa emisión e deberá ser renovado nos termos establecidos na devandita Instrución.

4. As altas e baixas do persoal asalariado adscrito a cada vehículo deberán poñerse en coñecemento do Concello da Coruña con carácter previo ao inicio de prestación do servizo. Para este coñecemento, deberán presentar a alta na Seguridade Social e o contrato laboral.

Artigo 68. Imaxe dos vehículos e publicidade

1. Sen prexuízo do disposto pola normativa autonómica, os vehículos destinados ao servizo de taxi estarán pintados de cor branca, na parte central do exterior das súas portas dianteiras colocarse o escudo da cidade e, debaixo del, o número de orde da licenza, todo iso, en cor azul.

Polo que se refire ao módulo indicador luminoso exterior, este terá en todo caso fondo negro e a numeración identificativa da tarifa aplicable.

As especificacións técnicas dos elementos propios da imaxe dos vehículos destinados ao servizo de taxi recóllense no Manual de Imaxe Corporativa Municipal.

2. Autorízase ás persoas titulares das licenzas de taxi para colocar anuncios publicitarios no exterior das portas traseiras dos seus vehículos sempre que con iso se dea cumprimento ás esixencias establecidas para o efecto pola normativa autonómica, entre as que se atopa a prohibición de toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas, ou que incentive o consumo de alcol, tabaco ou drogas. A publicidade deberá cumprir, en canto a temática, coa normativa municipal sobre publicidade exterior e demais normativa aplicable.

Artigo 69. Réxime económico

A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que serán aprobadas inicialmente polo Concello da Coruña de acordo coa regulación contida na normativa autonómica. O procedemento de revisión garantirá a audiencia das asociacións profesionais do sector, sindicatos e persoas usuarias e consumidoras.

Artigo 70. Ordenación e prestación do servizo

1. O Concello da Coruña, previa audiencia aos entes aos que se refire a normativa autonómica, poderá establecer puntos específicos de parada, nos que exclusivamente os vehículos destinados ao servizo de taxi poderán estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiras, así como o resto das condicións de ordenación e prestación do servizo que a normativa autonómica lle confire, incluída a obriga de prestar servizos en certas áreas, zonas ou paradas ou en determinadas horas do día ou da noite. Para iso, en coordinación coas asociacións profesionais representativas, estableceranse regras de coordinación entre as distintas persoas titulares de licenzas que permitan asegurar a efectiva prestación de tales servizos conforme a criterios de equidade, seguridade e demanda xustificadas.

2. Nas paradas, as persoas usuarias poderán escoller o vehículo que lle preste o servizo entre os que ocupen as dúas primeiras posicións na correspondente parada, agás que polo número de persoas que pretendan subir ao taxi, ou polas condicións das persoas usuarias, necesiten un vehículo cun maior número de prazas ou adaptado. Nese caso poderán subirse ao primeiro dos que estean na parada que cumpra os requisitos.

3. Autorízase a recollida de pasaxeiros e pasaxeiras fóra das paradas, sempre que o vehículo estea a máis de 50 metros de distancia daquelas e circulen nese momento co módulo indicador luminoso exterior en situación dispoñibilidade do vehículo como libre. Esta esixencia non será aplicable ás persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida que soliciten un taxi adaptado.

4. O Concello poderá establecer regras de organización e coordinación do servizo en materia de horarios, calendarios, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións laborais, con suxeición á lexislación laboral e da seguridade social que resulte de aplicación. No procedemento que se siga, obrigatoriamente deberá outorgarse audiencia previamente ás asociacións do sector do taxi que sexan representativas no municipio e á Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo do Consello Galego de Transportes. As disposicións que se adopten nestas materias garantirán a continuidade na prestación do servizo.

5. O Concello da Coruña asegurará a dispoñibilidade de vehículos adaptados a persoas de mobilidade reducida, para o que poderá establecer calendarios, unha vez escoitadas as asociacións profesionais, cuxo obxectivo sexa a dispoñibilidade deste tipo de vehículos as 24 horas do día, os 7 días da semana, sen prexuízo dos dereitos laborais das persoas traballadoras.

6. Autorízase aos taxis para circular por vías peonís co obxectivo de prestar servizo ás persoas titulares dunha acreditación de mobilidade reducida.

Cada servizo que se realice con inicio ou fin en zona peonil deberá ser comunicado previamente á Policía Local a través do medio que en cada momento se estableza.

Artigo 71. Réxime de autorización municipal para prestar servizos de taxi a varias persoas usuarias con cobranza individual por praza

O Concello da Coruña poderá aprobar as condicións e requisitos para a autorización da prestación do servizo de taxi a varias persoas usuarias con cobranza individual por praza, de acordo co artigo 39 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Artigo 72. Contratación por medios telemáticos e reserva previa

1. O servizo do taxi poderá contratarse a través do teléfono ou doutros sistemas tecnolóxicos alternativos.

2. En todo caso, preveranse mecanismos para permitir a súa utilización por persoas con discapacidades físicas ou sensoriais.

3. O Concello da Coruña deberá autorizar previamente calquera sistema de telecomunicación que as asociacións profesionais propoñan implantar. Estes sistemas deberán cumprir o establecido na lexislación vixente e, en particular, extremarán a vixilancia dos datos persoais que se recompilen e dos medios de pago que se utilicen.

Sección 2ª. Actividade de arrendamento de vehículo con persoa condutora (VTC)

Artigo 73. Réxime xurídico

1. O transporte público urbano de persoas en vehículos turismo en réxime de arrendamento con persoa condutora está suxeito ao previsto na LOTT, no RLOTT, na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no resto de normativa que os complementa ou substitúa.

O artigo 46 da citada Lei 4/2013 dispón que nos termos que estableza a presente lei e a súa normativa de desenvolvemento, no suposto de prever o seu outorgamento nas correspondentes ordenanzas municipais, os concellos serán competentes para o outorgamento de autorizacións habilitantes para a prestación de servizos urbanos de arrendamento de vehículos con condutor a quen dispoñan previamente da correspondente autorización interurbana domiciliada en Galicia, condicionando, en todo caso, a súa vixencia ao mantemento desta última. Neste caso, a ordenanza municipal deberá establecer limitacións para o outorgamento das autorizacións por motivos de tipo ambiental ou vinculadas coa seguridade viaria, proporcionais para a garantía da sostibilidade, a calidade e a seguridade dos servizos de interese público involucrados e a consecución ou mantemento dos índices ambientais que se establezan.

2. En relación co recollido no parágrafo anterior, o outorgamento de autorizacións habilitantes para a prestación de servizos urbanos, así como o establecemento das limitacións para o outorgamento das mesmas, requirirá dunha ordenanza específica de VTC.

3. En tanto non se aprobe esta ordenanza específica non se poderán outorgar autorizacións habilitantes para a prestación de servizos urbanos VTC, ao determinar a devandita lei que só se poderán outorgar coa intermediación dunha ordenanza que canalice os presupostos fácticos e categorías conceptuais que establece con base legal da mesma, e consecuentemente, non se poderá prestar o servizo urbano.

Capítulo 6. Ambulancias e servizos funerarios

Artigo 74. Réxime xurídico

O transporte sanitario e o transporte funerario está suxeito ao previsto na LOTT, no RLOTT, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, no Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia e no resto de normativa que os complementa ou substitúa.

Capítulo 7. Outros transportes

Artigo 75. Autorización para outros transportes

1. Os transportes especiais ou discrecionais vinculados a unha actividade non descrita nos apartados anteriores deberán obter autorización. No caso de que comporten aproveitamento económico e se detecte unha demanda que poda supoñer problemas de conxestión de tráfico ou do dominio público municipal e por razóns de seguridade viaria, deberán ser obxecto de concorrencia competitiva e precisarán de licenza de actividade, ademais da autorización para circular pola cidade.

2. Os vehículos utilizados deberán estar homologados para o transporte de persoas e non poderán transportar maior número do que estableza a súa ficha técnica. Na devandita autorización establecerase o tipo de vehículo, número de persoas viaxeiras máximo, horario do servizo, rutas a realizar e toda aquela información que poida ser relevante na prestación do antedito servizo.

Os vehículos deberán ter en vigor o correspondente seguro de responsabilidade civil que cubra posibles danos e prexuízos a persoas usuarias e a terceiras persoas.

O Concello poderá esixir que os vehículos empregados estean clasificados segundo un determinado distintivo ambiental.

3. Esixirase, para a realización desta actividade, que se cumpra a normativa sectorial reguladora da materia, polo que, na fase de autorización, o Concello da Coruña poderá requirir a documentación xustificativa que estime oportuna.

4. O exercicio da actividade sen a preceptiva autorización municipal facultará á autoridade municipal para a retirada dos vehículos das vías públicas.

5. O Concello da Coruña determinará mediante Instrución o procedemento para a obtención da dita autorización, incluíndo os correspondentes procedementos de concorrencia na concesión de autorizacións.

6. As ordenanzas fiscais do Concello da Coruña poderán regular a inclusión de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público derivado da realización da actividade así como determinados beneficios fiscais para aqueles casos que favorezan unha mobilidade sostible ou un reparto máis equitativo do espazo público.

7. As persoas titulares destas actividades están obrigadas, de ser o caso de que así o decida o Concello, de compartir a información que obteñan que sexa de interese para a xestión da mobilidade na cidade ou para ofrecer os servizos a través das páxinas web e aplicacións de telefonía móbil municipais.

TÍTULO CUARTO: A MOBILIDADE EN AUTOMÓBIL PRIVADO

Artigo 76. Circulación dos vehículos de motor

A circulación de vehículos de motor no municipio da Coruña deberá respectar as normas xerais establecidas no TRLSV, o RXCIR e o RXV, así como o resto de normativa que os complementa ou substitúa.

Artigo 77. Restricións á circulación

1. Como norma xeral, non permitirá a circulación de automóbiles nas zonas peonís debidamente sinalizadas, salvo as excepcións contempladas na presente Ordenanza ou mediante a autorización municipal correspondente.

2. A circulación de automóbiles nas zonas de tráfico restrinxido estará limitada, xa sexa temporal ou permanentemente, coas excepcións que se contemplan na presente Ordenanza.

3. Non obstante o disposto nos apartados anteriores e sen prexuízo da aplicación das restricións que se establecen respecto das zonas de baixas emisións, establécense as seguintes excepcións específicas ao acceso e circulación de vehículos ás vías peonís ou zonas de tráfico restrinxido:

- a. As persoas residentes nunha vía peonil ou nunha zona de acceso restrinxido do municipio da Coruña teñen dereito a acceder en automóbil privado ata a súa praza de garaxe debidamente regulada. Así mesmo, poderán acceder ata as proximidades do seu domicilio, para efectuar a carga ou descarga de bens ou aveños, segundo a regulación específica de cada vía, ou a recollida ou descenso de persoas con problemas de mobilidade coa debida autorización.
- b. O Concello da Coruña poderá autorizar o acceso restrinxido de determinados vehículos para a realización de labores de carga e descarga de mercadorías, a repartición de paquetería ou outros labores loxísticos.
- c. Estará permitido o acceso de vehículos afectos aos servizos municipais, debidamente identificados como tales, en tanto o fagan para a prestación dun servizo público ou o mantemento das instalacións ou da urbanización ou mobiliario urbano e durante o tempo estritamente necesario para iso.
- d. Permite o acceso aos vehículos que contén con autorización ou licenza para transporte de persoas, ben porque as súas liñas regulares traspasen áreas peonís no seu itinerario autorizado ou porque resulte imprescindible para a recollida ou descenso de pasaxeiros e pasaxeiras.
- e. Permitirá o acceso ás prazas de estacionamento ou lugares especificamente destinados para o servizo a hoteis durante o tempo necesario para deixar ou recoller ás persoas e as súas equipaxes.
- f. Permite o acceso dos vehículos de motor que transporten persoas que dispoñan de tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional que presentan mobilidade reducida durante o tempo necesario para deixar ou recoller ás devanditas persoas.

Artigo 78. Protección ambiental

Para protexer o medio ambiente prohibese a emisión de calquera tipo de líquidos, gases, ruídos e perturbacións nas vías públicas que impliquen un impacto ambiental negativo conforme ao establecido na normativa medioambiental. En particular, prohibese:

- a. A circulación de vehículos cuxos niveis de emisión de ruídos, gases ou fumes excedan os límites establecidos na normativa vixente.
- b. A perda consciente de líquidos, aceites ou outros fluídos propios do vehículo que poida prexudicar ao medio ambiente ou poñer en risco a circulación.
- c. Estar estacionado co motor acendido, salvo os seguintes vehículos:
 - i. Os de emisións contaminantes directas nulas.
 - ii. Os sanitarios e os destinados á prestación e asistencia socio-sanitaria e servizos de seguridade e extinción de incendios e salvamento, durante o exercicio da súa actividade.

iii. Os de transporte público durante o exercicio da súa actividade.

d. Lavar ou reparar vehículos nas vías obxecto de esta Ordenanza.

Artigo 79. Centros de Ensino de Persoas Conductoras (Auto-Escolas)

1. A realización de prácticas de condución na vía pública por parte de autoescolas estará suxeita a autorización municipal.

2. A autorización terá vixencia de 1 ano sen prexuízo da súa renovación.

3. As autoescolas deberán solicitar autorización ao Concello da Coruña para desenvolver as prácticas de condución en vías da competencia municipal a través do procedemento que se estableza na sede electrónica. A documentación precisa para a tramitación da autorización será a que se estableza no dito procedemento e estará suxeita á taxa da Ordenanza fiscal que resulte de aplicación e á obtención da licenza de actividade.

4. O Concello da Coruña, en atención a criterios de mobilidade urbana e conforme ao artigo 23.4 do Real Decreto 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de persoas conductoras -que establece que os concellos designarán, e comunicarán á respectiva Xefatura Provincial de Tráfico, os lugares adecuados nos que, dentro dos seus respectivos núcleos urbanos, poderán efectuarse, en ou entre horas fixas tamén adecuadas, as prácticas de condución e circulación -, determinará mediante Instrución os lugares adecuados da vía pública e os horarios nos que poden efectuar as prácticas de condución, manobras e probas de aptitude os vehículos de ensino.

Artigo 80. Das motocicletas e ciclomotores

1. As motocicletas e os ciclomotores estarán suxeitos ás mesmas condicións de circulación recollidas na presente Ordenanza para os automóviles.

2. Para os cambios de dirección, os ciclomotores de dúas rodas, se non existe un carril especialmente acondicionado para o xiro á esquerda, deberán situarse á dereita, fóra da calzada sempre que sexa posible, e inicialo dende ese lugar

3.. Queda expresamente prohibido ás persoas conductoras de motocicletas ou ciclomotores arrancar ou circular co vehículo apoiando unha soa roda na calzada, así como circular con motocicletas e ciclomotores suxeitándose a outros vehículos en marcha ou efectuar manobras bruscas, freadas, derrapaxes ou actuacións análogas que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas ocupantes do vehículo e do resto de persoas usuarias da vía pública.

Artigo 81. Outros vehículos

Está prohibida a circulación polas vías urbanas de vehículos ou aparellos non aptos para circular por vías públicas segundo o disposto no TRLSV, o RXCIR, o RXV, así como o resto de normativa que a complementa ou substitúa.

TÍTULO QUINTO: A DISTRIBUCIÓN URBANA DE MERCADORÍAS

Capítulo 1. Normas Xerais

Artigo 82. Normativa vixente de aplicación

Os vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou cousas que circulen no termo municipal deberán cumprir estritamente as normas establecidas na normativa vixente sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, e demais normativa que sexa aplicable, tanto no relativo á circulación como no relativo as súas dimensións, disposición, aseguramento da carga transportada e operacións de carga e descarga.

Capítulo 2. Restricións ou limitacións de circulación para transporte pesado e autorización complementaria para transporte especial e en réxime de transporte especial

Artigo 83. Restricións ou limitacións de circulación para transporte pesado

1. Para circular en vías do termo municipal da Coruña -a excepción dos seus polígonos comerciais-industriais regulados na norma zonal de actividades económicas do Plan Xeral de Ordenación Municipal e aqueles que puideran incorporarse-, con vehículos destinados ao transporte de mercadorías cuxa masa máxima autorizada (M.M.A.) exceda de 3.500 kg será necesario obter autorización municipal, que se outorgará para cada vehículo, previo abono das taxas establecidas na correspondente ordenanza fiscal que resulte de aplicación e previa tramitación do procedemento descrito no presente capítulo.

Quedan exceptuados da necesidade desta autorización os vehículos adscritos aos servizos públicos así como os de salvamento e extinción de incendios.

2. As persoas interesadas en obter estas autorizacións presentarán un modelo de solicitude específico ante o Concello da Coruña achegando os documentos que se indiquen na sede electrónica e, en todo caso, os seguintes:

a. Permiso de circulación.

- b. Tarxeta de Inspección Técnica do Vehículo (ITV) acreditativa de superar as inspeccións regulamentarias.
- c. Póliza do seguro de responsabilidade civil do vehículo e recibo/certificado acreditativo da súa vixencia.
- d. Tarxeta de transportes en vigor.
- e. Xustificante de abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal que resulte de aplicación.

3. A autorización concedida terá validez anual, expirando o 31 de decembro de cada ano natural, e determinará as condicións ás que estará sometida a autorización. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 3 meses. Transcorrido o devandito prazo sen notificarse resolución, a persoa interesada debe entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 84. Autorización complementaria de circulación (ACC) para transporte especial ou en réxime de transporte especial por superar as masas e dimensións máximas establecidas no regulamento xeral de vehículos (VERTE)

1. A circulación polas vías de titularidade municipal daqueles vehículos ou conxuntos de vehículos que polas súas características técnicas ou pola carga indivisible que transportan, superen os límites de lonxitude, anchura, altura ou masas establecidos na lexislación en vigor estará, sometida a autorización complementaria de circulación que outorgará, no seu caso, o Concello da Coruña tras o procedemento que se describirá nos seguintes apartados e logo de comprobar que se atopan amparados pola autorización de transporte da Dirección Xeral de Tráfico (DXT en adiante).

Quedan exceptuados desta autorización os vehículos adscritos aos servizos públicos como os de salvamento e extinción de incendios.

2. A dita autorización está suxeita ao pago das taxas que resulten de aplicación.

3. A autorización outorgarase para o transporte e percorrido determinados na mesma e indicará as condicións precisas para a súa realización, así como o acompañamento policial que sexa necesario.

4. A persoa interesada terá a obriga de comunicar fidedignamente ao Concello da Coruña, cunha antelación mínima de 72 horas hábiles ao seu inicio, a data e hora concretas da realización do transporte, así como as matrículas dos vehículos e remolques que interveñan no dito transporte. O Concello comunicará a aceptación ou modificación da proposta.

5. O procedemento iníciase mediante solicitude da persoa interesada que se presentará na forma e nos lugares que establece a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. A persoa interesada terá que achegar o modelo específico de solicitude relativo a este procedemento que estará a súa disposición na sede electrónica do Concello da Coruña ou nas oficinas de Rexistro do Concello da Coruña .

Xunto coa solicitude, terase que achegar os documentos que figuren na sede electrónica e, en todo caso, os seguintes:

- a. Acreditación da representación (se se actúa mediante representante).
- b. Permiso de circulación do vehículo.
- c. Inscripción do vehículo no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola correspondente no caso dos vehículos especiais agrícolas e os seus conxuntos
- d. Tarxeta de Inspección Técnica del Vehículo/s/remolques (ITV) .
- e. Declaración responsable de técnico/a sobre estudos de viabilidade do transporte.
- f. Bosquexo fidedigno do vehículo ou conxunto de vehículos con expresión da masa total, da masa por eixe, distancia entre eixes e das dimensións máximas (alto, largo e ancho) incluída a súa carga.
- g. Xustificante de pagamento do depósito previo das taxas pola tramitación e por acompañamento policial (este último pola tarifa mínima de acompañamento, sen prexuízo de aboar a diferenza respecto ao acompañamento que sexa necesario segundo o informe técnico).
- h. Póliza de responsabilidade civil da persoa titular do vehículo e documentación acreditativa da súa vixencia.
- i. Plano co itinerario e definición de puntos críticos no seu caso, a escala 1/100.

A documentación sinalada nos apartados b, c e d poderá ser substituída pola ACC da DXT.

7. A solicitude coa documentación necesaria deberá presentarse, como mínimo, dez días hábiles antes da data estimada para realizar o itinerario solicitado.

8. Se, chegada a data proposta, a persoa solicitante non recibiu a autorización, deberá entenderse que non pode realizar o transporte.

9. Para obter a autorización, será preciso informe favorable do persoal técnico municipal.

10. En caso de ser necesarias medidas correctoras que impliquen a modificación da urbanización existente, cuxo custo será a conta da persoa interesada, interromperanse os prazos de tramitación polo tempo necesario para a súa resolución, esixindo o Concello aval pola correcta reposición do espazo público.

11. A autorización trasladarase á persoa interesada, así como, no seu caso, a liquidación complementaria da taxa de acompañamento policial, cando sexa superior ao mínimo abonado.

12. A circulación sen a correspondente autorización será sancionada conforme á normativa vixente de aplicación.

Artigo 85. Outros transportes especiais: mercadorías perigosas, produtos perecedoiros e transporte de persoas enfermas ou accidentadas e os funerarios.

1. Os vehículos que transporten mercadorías mercancías perigosas só poderán entrar na cidade e circular polas vías urbanas cando teñan que realizar operacións de carga e descarga.

Considérase transporte de mercadorías perigosas o que teña tal consideración conforme á normativa vixente na materia, e particularmente no Acordo Europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR) e nas súas actualizacións.

O transporte de mercadorías perigosas, someterase as regulamentacións que resulten de aplicación e efectuarase en vehículos que cumpran cos requisitos técnicos e de seguridade esixidos na normativa. Así mesmo, as persoas condutoras que transporten mercancías perigosas deberán ter a formación adecuada y posuír a certificación correspondente que acredite a súa capacidade para manexar este tipo de substancias e responder ante emerxencias, conforme a normativa vixente.

O Concello da Coruña poderá limitar a circulación destes vehículos a determinadas vías da cidade ou a uns horarios ou días específicos a través de sinalización específica e/ou mediante unha instrución que regule o procedemento.

2. Os vehículos de transporte de produtos perecedoiros cuxo transporte teña que ser realizado en vehículos baixo temperatura dirixida someteranse a normativa sectorial que resulte de aplicación, en particular ao Real Decreto 1202/2005 sobre o transporte de mercadorías perecedoiras e os vehículos especiais utilizados nestes transportes e no Real Decreto 237/2000 polo que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control da conformidade coas especificacións no Acordo sobre transportes internacionais de mercadorías perecedoiras e sobre as unidades especiais utilizadas nestes transportes (ATP 2024) e no resto de normativa que os complementa ou substitúa.

3. Os vehículos de transporte de persoas enfermas ou accidentadas e os funerarios, someteranse a normativa sectorial que resulte de aplicación, en particular ao previsto na LOTT, no RLTT, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, no Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia e no resto de normativa que os complementa ou substitúa.

Capítulo 3. Distribución Urbana De Mercadorías

Artigo 86. Definicións e normas xerais

1. A distribución urbana de mercadorías (DUM en adiante) é o conxunto de actividades loxísticas necesarias para transportar produtos desde os centros de produción ou almacenamento ata os puntos de consumo final en zonas urbanas e viceversa. Refírese o movemento e entrega de bens e produtos dentro de áreas urbanas, abarcando desde pequenos paquetes ata grandes envíos comerciais

2. A carga e descarga, como actividade esencial dentro do proceso de distribución urbana de mercadorías, son as operacións consistentes en trasladar unha mercadoría desde un establecemento ou domicilio a un vehículo apto para a DUM e viceversa, ou entre dous vehículos.

3. A “última milla” na distribución urbana de mercadorías refírese ao tramo final do proceso de entrega de produtos desde un centro de distribución ou un almacén ata o destino final.

4. Non teñen a consideración de DUM ou de carga e descarga dentro do proceso de DUM as actividades relacionadas con obras tales como carga e descarga de materiais de construción, andamios, instalación de colectores de obra, a retirada e transporte de residuos, mudanzas, descargas de combustible e outros usos similares do dominio público. En tales casos será necesario acudir ao procedemento establecido no Título Oitavo da presente ordenanza e obter autorización municipal para unha reserva de espazo temporal do dominio público.

5. Considérase que son vehículos aptos para a DUM os vehículos susceptibles de ser utilizados para o transporte da mercadorías de que se trate de acordo coa normativa vixente.

6. Para reducir a conxestión do tráfico, por motivos medioambientais, de seguridade viaria e outras razóns de interese público, o Concello da Coruña poderá limitar en determinadas vías ou zonas o acceso de vehículos DUM que non cumpran con certos estándares de emisións, impoñer restricións horarias para realizar as operacións de distribución, evitando as horas punta, fomentar o uso na última etapa da DUM de modos de transporte alternativos como cargobikes ou patinetes, así como outras medidas xustificadas e proporcionadas para a finalidade perseguida.

Artigo 87. Zonas de carga e descarga

1. O Concello da Coruña disporá, nas rúas do termo municipal, zonas habilitadas para que os vehículos destinados á DUM poidan realizar as operacións de carga e descarga.

2. As zonas de carga e descarga sinalizaranse, tanto vertical como horizontalmente, de acordo coa normativa vixente e con indicación dos horarios nos que estas operacións se poderán levar a cabo.

Nas zonas peonís e outras vías de circulación restrinxida unicamente contarán cunha sinal vertical que indicará o horario no que se poden realizar estas operacións.

3. A habilitación, modificación ou eliminación dunha zona ou espazo de carga e descarga, así como o horario en que se poderán levar a cabo as operacións, será determinada polo Concello da Coruña que poderá modificala ou suprimila en calquera momento, por razóns medioambientais, de seguridade, mobilidade urbana ou calquera outra razón que considere oportuna.

4. O Concello promoverá a implantación de solucións tecnolóxicas para a dixitalización das zonas de carga e descarga co obxectivo, entre outros, de controlar o correcto uso das mesmas, mellorar a planificación dos espazos e a rotación de vehículos.

Artigo 88. Distribución Urbana de Mercadorías (DUM) e zonas de carga e descarga nas ZBE

Os vehículos que realicen DUM nas ZBE estarán suxeitos ás restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos, así como aos sistemas de control aplicables, de acordo co disposto no capítulo IV, do Título I de esta Ordenanza e normativa que se dite para a implantación e regulación da ZBECOR.

Artigo 89. Condicións de uso das zonas de carga e descarga

1. A carga e descarga de mercadorías realizarase, prioritariamente, no interior dos locais comerciais e industriais, que haberán de reunir as condicións adecuadas para iso.

No seu defecto, efectuarase na vía pública, nas zonas de carga e descarga habilitadas, coas condicións que se determinan a continuación.

2. Unicamente poderán utilizar as zonas de carga e descarga de acordo coas condicións establecidas na presente ordenanza os vehículos destinados ao transporte de mercadorías que non superen 8 Tm de MMA, salvo que o panel vertical que sinalice a zona de carga e descarga permita unha maior tonelaxe ou ben conste o vehículo como autorizado.

Os vehículos que debido a súa MMA non estean habilitados nin autorizados para utilizar as zonas de carga e descarga próximas ao punto de entrega, deberán descargar exclusivamente no interior dos locais comerciais e industriais, e cando, por razóns xustificadas, non poidan facelo así, terán que pedir unha reserva temporal de espazo da vía pública conforme ao disposto no Título Oitavo.

Excepcionalmente e sempre que estea presente a persoa condutora, as zonas de carga e descarga tamén poderán ser utilizadas por turismos para cargar ou descargar aveños ou outros obxectos sempre que estas operacións non excedan de 15 minutos.

3. O horario xenérico de carga e descarga nas zonas reservadas será, de 8.00 a 20.00 horas, de luns a venres e sábados de 08.00 a 14.00, excepto festivos. Salvo que se indique outro horario na sinalización da zona de carga e descarga ou exista autorización expresa.

O horario de carga e descarga nas vías de circulación restrinxida, incluídas as peonís, será o que expresamente recolla a súa sinalización específica.

O Concello da Coruña poderá implantar horarios de carga e descarga nocturnos, conforme ao establecido no artigo 90.

4. As operacións de carga e descarga deberán realizarse con suxeición ás seguintes condicións.

- a. Os vehículos autorizados só poderán permanecer na zona de carga e descarga o tempo imprescindible para efectuar tales operacións, non podendo superar un máximo de 30 minutos de permanencia, salvo tempo superior indicado no panel de sinalización da zona de carga e descarga ou que conste o vehículo como autorizado para exceder ese tempo.
- b. As operacións de carga e descarga deberán realizarse con suxeición á normativa que sexa aplicable á clase de mercadoría transportada, especialmente cando se trate de mercadorías molestas, nocivas, insalubres o perigosas, así como as que comporten especialidades no seu manexo ou estiba, garantindo en todo momento a seguridade das persoas.
- c. As mercadorías, os materiais ou as cousas que sexan obxecto da carga ou descarga non se depositarán na vía pública, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa, salvo en casos excepcio-

nais que deberán ser expresamente autorizados para a ocupación da vía ou o espazo público, mediante reserva temporal de espazo, reguladas no Título Oitavo.

- d. A carga e descarga realizarase evitando o deterioro do pavimento e/ou o mobiliario urbano, sendo a conta do infractor ou infractora a corrección das deficiencias que puidesen ocasionarse pola actividade.
- e. As operacións de carga e descarga levaranse a cabo con medios suficientes para conseguir a máxima celeridade e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias, e, en ningún caso poderán superar o límite de ruído fixado pola Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.
- f. As persoas encargadas destas operacións están obrigadas a deixar limpa a beirarrúa e o espazo público ocupado.
- g. A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse polo lado do vehículo máis próximo á zona de estacionamento ou beirarrúa, coa maior celeridade posible e procurando non dificultar a circulación tanto das persoas como dos vehículos.
- h. Non se permite efectuar operacións de elevación nin descenso de materiais, mediante poleas, guindastres ou outro tipo de maquinaria, que poñan en perigo a integridade física de viandantes e do resto de persoas usuarias da vía ou o espazo público. No caso de que sexa imprescindible realizar estas operacións, deberá sinalizarse e balizarse debidamente mentres se realice a carga ou descarga, ou tratándose de zonas peonís e de acceso restrinxido, será obrigación da persoa solicitante o establecemento dunha protección dun perímetro suficiente para realízalas con seguridade, establecendo corredores seguros e de dimensións suficientes para viandantes.
- i. Nas zonas peonís e demais vías de acceso restrinxido, as persoas viandantes terán prioridade con respecto ás operacións de carga e descarga; e nestas zonas queda prohibido obstaculizar o espazo destinado ao acceso a vivendas e comercios.

5. O Concello da Coruña poderá establecer un rexistro de vehículos autorizados para a ocupación das zonas de carga e descarga cunha maior tonelaxe ca indicada no punto 2 deste artigo, ou ben, excedendo o máximo tempo de ocupación da dita zona establecido no punto 3 deste artigo, por razóns loxísticas que deberán ser debidamente xustificadas pola empresa transportista. O Concello habilitará un procedemento na sede electrónica municipal para a tramitación deste tipo de autorizacións, que serán anuais, e promoverá o seu control e xestión polos medios tecnolóxicos indicados no artigo 87 desta Ordenanza.

Artigo 90. Última milla

1. O Concello da Coruña velará polo impulso da distribución de última milla no municipio a través de medios e vehículos sostibles e eficientes co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, a calidade do aire e de reducir a conxestión do tráfico.

Entre outras, poderán adoptarse medidas como establecer centros de distribución urbanos no municipio para que a última fase da distribución se realice con vehículos lixeiros e pouco contaminantes, flexibilidade no uso do dominio público local, formación dos e das profesionais do sector, fomento dos puntos de recollida ou potenciación da infraestrutura de recarga de vehículos.

Ademais, outros centros de titularidade pública como mercados, centros cívicos, bibliotecas, etc. poderán dispoñer tamén de espazos para actuar como plataforma de distribución de mercadorías do comercio electrónico a través da cesión de espazos para a entrega/recollida de pequena paquetería.

Os aparcadoiros subterráneos de titularidade pública poderán tamén dispoñer de espazos para actuar como plataforma de distribución de mercadorías na última milla.

2. O Concello facilitará a carga e descarga de última milla con bicicleta e VMP coa disposición de zonas de carga e descarga para este tipo de vehículos.

3. O impulso da distribución de última milla ao que se refire o apartado anterior polo Concello da Coruña poderá realizarse coa colaboración e participación das entidades representativas do sector loxístico, do pequeno comercio e das grandes superficies, así como calquera outra cuxa participación se entenda conveniente polo ente local para o desenvolvemento ou adopción destas medidas.

Artigo 91. A DUM en horario nocturno e horario val

1. Co fin de facer máis fluída a circulación e reducir os tempos de carga e descarga en horario diúrno, o Concello da Coruña poderá establecer sistemas de fomento da DUM en horario nocturno, ben sexa asistida ou sen asistencia. A autorización destas operacións está supeditada ao emprego de vehículos e ferramentas para a carga e descarga adaptadas con medidas de redución de ruído que eviten molestias á cidadanía e que en todo caso se axusten aos límites establecidos na Ordenanza de protección contra a contaminación acústica

2. Do mesmo xeito, poderán acordarse entre o Concello e as distribuidoras, a distribución de mercadorías nun horario determinado polo Concello da Coruña que entorpeza no mínimo posible a circulación (horario val), establecendo horarios e itinerarios en zonas concretas da cidade, co obxectivo de conseguir un uso máis eficiente do espazo público.

3. De maneira excepcional, para a DUM en horario nocturno e previa autorización expresa, o vehículo poderá estacionarse no carril máis próximo ao estacionamento ou beirarrúa, dispoñendo da sinalización correspondente na calzada que indique a Policía Local.

4. As ordenanzas fiscais poderán incluír beneficios para as empresas de distribución ou titulares dos establecementos que se acollan a esta modalidade, destinadas á implantación de medidas encamiñadas a non perturbar o descanso das persoas.

TÍTULO SEXTO: PARADAS E ESTACIONAMENTOS

Capítulo 1. Paradas

Artigo 92. Réxime xeral

O réxime xeral aplicable ás paradas de vehículos no municipio da Coruña será o establecido na normativa estatal, sen prexuízo doutras especialidades, limitacións ou prohibicións establecidas nesta Ordenanza.

Artigo 93. Definición de parada

1. Considerarase parada a inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que a persoa condutora poida abandonalo.

2. Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea, motivada por necesidades da circulación, emerxencia ou porque fose ordenada por un/ha axente da autoridade.

Artigo 94. Modo e forma de execución das paradas

1. A parada de vehículos realizarase de conformidade coas disposicións de carácter xeral establecidas na lexislación estatal vixente e as normas establecidas no presente artigo. Poderase realizar só por 2 minutos, como norma xeral.

2. Nas vías públicas ou rúas sen beirarrúas a parada deberá efectuarse deixando unha distancia mínima de 1,80 metros entre o vehículo e a fachada máis próxima, de maneira que permitan os accesos a vivendas e locais, a condición de que as características da vía o permitan, sen invadir o carril de circulación.

3. Os vehículos destinados ao servizo de taxi realizarán as paradas conforme a normativa que regula o seu servizo e, na súa falta, con estrita suxeición ás normas que, con carácter xeral, se establecen na presente Ordenanza para regular as paradas e estacionamentos. Poderán parar para subir e baixar persoas viaxeiras nas vías da cidade, salvo nos lugares onde resulte perigoso ou obstaculicen gravemente o tráfico de viandantes ou vehículos.

4. Os autobuses de servizos regulares urbanos só poderán deixar e tomar persoas viaxeiras nas paradas expresamente autorizadas e sinalizadas para o efecto no termo municipal da Coruña, estando prohibida calquera parada fóra delas.

5. Os autobuses de servizos regulares de uso especial utilizarán as paradas dos autobuses urbanos conforme a autorización municipal outorgada, nas que se deterán o mínimo imprescindible, para a toma ou baixada de pasaxeiros e pasaxeiras, conforme ao establecido no capítulo 4 do título III desta Ordenanza.

6. Os autobuses de liñas interurbanas e discrecionais só poderán deixar e tomar persoas viaxeiras na estación de autobuses, así como nas paradas habilitadas para o efecto e autorizadas polo Concello da Coruña, de acordo co capítulo 3 do Título III desta Ordenanza.

7. Os vehículos de servizo discrecional deberán deterse naqueles lugares da vía pública que fosen autorizados para o efecto polo órgano municipal competente.

8. Consideraranse paradas autorizadas, conforme a definición do punto 1 deste artigo, sen necesidade de resolución expresa:

- a. As paradas que deban realizar os vehículos para a subida e baixada das persoas de idade avanzada ou con discapacidade.
- b. As paradas que deban realizar os servizos de transporte adaptado para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida polo tempo necesario para efectuar en condicións de seguridade a subida e baixada destas.
- c. As paradas que deban realizar os servizos de transporte de persoas viaxeiras durante o tempo mínimo imprescindible para a subida e baixada das mesmas.

- d. As paradas dos vehículos encargados de realizar as seguintes subministracións, durante o tempo mínimo imprescindible para garantir o seu abastecemento e sempre que a persoa condutora non abandone o vehículo e a subministración sexa realizada por outra persoa:
- Subministración de produtos farmacéuticos e de laboratorio a farmacias.
 - Subministración de produtos de xoiería.
 - Subministración de prensa a quioscos situados en espazos públicos, durante o tempo mínimo imprescindible para garantir o seu abastecemento.
 - Subministración a entidades bancarias.

Artigo 95. Paradas prohibidas

Prohíbense as paradas nos casos, lugares e supostos contemplados como paradas en lugares perigosos ou paradas prohibidas na lexislación estatal vixente e, ademais, nos seguintes:

- En todos aqueles lugares nos que así o estableza a sinalización existente.
- Naqueles lugares nos que se entorpeza a circulación dos vehículos, peonil ou ciclista.
- Nas zonas de puntos de recarga exclusivos para vehículos eléctricos.
- A unha distancia inferior a cinco metros dun paso peonil, cruzamento ou bifurcación, salvo sinalización en contrario.
- En calquera outro lugar no que se prexudique a circulación e a visibilidade de viandantes e outros vehículos, constituíndo un risco para o resto das persoas usuarias da vía pública.

Capítulo 2. Estacionamentos

Artigo 96. Réxime xeral

O réxime de parada e estacionamento en vías urbanas se regulará nesta Ordenanza municipal, segundo o RXCIR.

Artigo 97. Definicións

- Considerarase estacionamento toda inmovilización dun vehículo que non se atope en situación de detención ou parada.
- Denomínase estacionamento en liña, fila ou cordón aquel no que os vehículos se sitúan un detrás do outro e en paralelo ao eixo da calzada. Denomínase estacionamento en batería a aquel no que os vehículos se sitúan de forma perpendicular ou inclinados con respecto ao bordo da calzada, un á beira do outro.

Artigo 98. Modo e forma de execución do estacionamento

O estacionamento de vehículos realizarase de conformidade coas disposicións de carácter xeral establecidas na normativa estatal en materia de tráfico e circulación e coas normas seguintes:

- Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento, cando non estivese prohibido, efectuarase no lado dereito do sentido de marcha. Nas vías dun só sentido de circulación, e sempre que non houber sinalización en contra, o estacionamento efectuarase a ambos os dous lados da calzada, sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior á dun carril de 3 metros. Salvo sinalización en contra, o estacionamento efectuarase en liña, fila ou cordón, en función das marcas viarias de estacionamento ou sinalización vertical correspondente.
- Nos estacionamentos con sinalización horizontal no pavimento, os vehículos situaranse dentro do perímetro marcado polas marcas delimitadoras para cada praza de estacionamento. O estacionamento efectuarase de forma tal que permita a execución das manobras de entrada e saída dos demais vehículos, entendendo que se permiten esas manobras cando deixe polo menos 30 cm do seguinte vehículo no estacionamento en liña e polo menos 40 cm doutro vehículo no estacionamento en batería. Así mesmo deberá permitir unha óptima utilización do espazo restante para os demais vehículos, entendendo que isto se produce cando non se deixan mais de 50 cm de separación entre vehículos.
- Nas vías públicas ou rúas sen beirarrúas o estacionamento efectuarase deixando unha distancia mínima de 1,80 metros entre o vehículo e a fachada máis próxima, de maneira que permitan os accesos a vivendas e locais.
- Os autobuses de liñas regulares e discrecionais só poderán estacionar nos lugares expresamente determinados pola autoridade competente, estando prohibido efectuar calquera estacionamento fóra deles.
- O estacionamento dos vehículos de transporte escolar ou transporte ao traballo, nas vías públicas, nos puntos de partida ou chegada unicamente permitirá para a realización da toma ou baixada, agás se os centros escolares ou de traballo reúnen un espazo adecuado para iso, sen perturbar o tránsito de persoas ou vehículos.

- f. Os autobuses turísticos de servizo discrecional deberán estacionarse, mentres se realizan as visitas, nos lugares permitidos polo órgano municipal competente.

Artigo 99. Estacionamento prohibido

Prohíbese o estacionamento nos casos, lugares e supostos contemplados como estacionamentos en lugares perigosos ou estacionamentos prohibidos en normativa estatal en materia de tráfico e circulación e, ademais, nos seguintes:

- a. En todos os descritos na presente Ordenanza nos que está prohibida a parada.
- b. Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público, nos espazos sinalizados como aparcadoiro de motocicletas, organismos oficiais, consulados, prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida e outras reservas debidamente sinalizadas.
- c. Nos lugares que vaian ser ocupados temporalmente para outros usos ou actividades e se atopen sinalizados adecuadamente polo menos con dous días de antelación.
- d. Nos lugares que impidan a retirada ou baleirado de colectores.
- e. Nas zonas peonís salvo as excepcións indicadas no artigo 11 desta Ordenanza.
- f. Nas zonas de acceso restrinxido durante o tempo e zonas en que estea prohibido, de conformidade co establecido no artigo 18 desta Ordenanza.
- g. Nas rúas residenciais nas excepcións indicadas no artigo 12 desta Ordenanza.

Capítulo 3. Reservas de estacionamento para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida

Artigo 100. Prazas de estacionamento para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida (PMR)

1. O Concello da Coruña habilitará espazos na calzada destinados especificamente para o estacionamento de vehículos de persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida. Estes espazos estarán debidamente sinalizados tanto vertical como horizontalmente segundo a normativa de accesibilidade vixente.

2. A utilización destes espazos está restrinxida a aquelas persoas que estean en posesión da denominada tarxeta para estacionamento en lugares reservados para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida e o seu uso deberá ser exclusivamente para o servizo de transporte para a persoa titular do distintivo. O uso para un fin distinto será sancionable de acordo á lexislación vixente.

A tarxeta será outorgada polo Concello da Coruña a aquelas persoas que se atopen nalgún dos supostos previstos na normativa en vigor. Serán válidas as tarxetas emitidas por outras administracións dentro do ámbito da UE.

En todo caso, aplicárase a normativa vixente en cada momento en materia de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, así como a normativa que regula a emisión e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.

3. O dereito ás prazas reservadas deberase acreditar mediante a exhibición do orixinal da tarxeta correspondente no parabrisas do vehículo, colocada de forma que poida ser visible e lexible de forma íntegra desde o exterior.

Capítulo 4. Estacionamento para vehículos diferenciados

Artigo 101. Estacionamento de ciclos e bicicletas

1. Os ciclos e bicicletas estacionaranse nos espazos reservados para ese efecto, dotados de dispositivo aparcabicis, e nos aparcabicicletas seguros. No caso de que non existisen espazos reservados para as mesmas a menos de 100 metros, poderán estacionar no espazo destinado ás bandas de estacionamento en batería, cun ángulo tal que, en ningún caso, ocupen máis de 1,50 metros ao longo da calzada, de forma que non se impida o acceso a outros vehículos ou o paso desde a beirarrúa á calzada.

2. As reservas de espazo para ciclos e bicicletas poderán situarse nas beirarrúas, sempre que estean sinalizados. Nestes casos, as persoas ciclistas deberán portar os ciclos e bicicletas na man pola beirarrúa ata o lugar de estacionamento.

3. Queda prohibido o estacionamento entre outros vehículos de tal maneira que impidan o acceso aos mesmos ou obstaculicen as manobras de estacionamento, así como estacionar en mobiliario urbano ou árbores.

Artigo 102. Estacionamento de VMP e patinetes non motorizados

Os VMP e patinetes non motorizados poderán estacionarse nos espazos habilitados e destinados ao estacionamento de ciclos e bicicletas, excepto nos aparcabicicletas seguros, e, igualmente, poderán estacionarse nas mesmas condicións que as establecidas para o estacionamento de ciclos e bicicletas na presente Ordenanza.

Artigo 103. Estacionamento de motocicletas e ciclomotores de ata tres rodas

1. As motocicletas e ciclomotores de ata tres rodas estacionarán nos espazos reservados para ese efecto e debidamente sinalizados. No caso de que non existisen espazos reservados para este tipo de vehículos a menos de 100 metros, deberán estacionar en batería cun ángulo tal que, en ningún caso, ocupen máis de 1,50 metros ao longo da calzada nos lugares de libre estacionamento.

2. Límites ao estacionamento de motocicletas e ciclomotores de ata tres rodas.

- a. Queda prohibido o estacionamento entre outros vehículos de tal maneira que impidan o acceso aos mesmos ou obstaculicen as manobras de estacionamento.
- b. Queda prohibido o estacionamento de forma que estes vehículos queden encadeados ou atados entre si ou a calquera outro elemento non destinado a tal fin, ou causar molestias ás demais persoas usuarias da vía.
- c. Queda prohibido estacionar nas zonas peonís ou rúas residenciais salvo sinalización expresa que o autorice.
- d. Queda prohibido o estacionamento de ciclomotores e motocicletas en estacionamentos específicos para ciclos e bicicletas ou sobre os carrís- bici.

3. Os estacionamentos dos ciclomotores ou motocicletas de máis de tres rodas, así como os motocarros rexeranse polas normas xerais de estacionamento, non podendo estacionar nos estacionamentos reservados exclusivamente para motocicletas e ciclomotores de ata tres rodas.

Artigo 104. Estacionamento de vehículos de transporte de mercadorías e outros vehículos especiais

Prohíbese o estacionamento de autobuses, remolques, caravanas sen cabeza tractora, tractores, vehículos especiais e aos camións de masa máxima autorizada (MMA) superior a 3.500 Kg, en todo o termo municipal, salvo nos lugares destinados para ese efecto, así como os furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen prexuízo da súa MMA, oculten as fachadas de edificios ou poidan facilitar o escalamento ao interior dos ditos edificios, ou diminúan o espazo de calzada para circular.

Capítulo 5. Estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravanas**Artigo 105. Estacionamentos reservados e áreas de servizo**

1. O Concello disporá de zonas de estacionamento e áreas de servizo exclusivas para o estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper ou vehículos con caravanas, que só poderán ser ocupadas por vehículos destas características, sinalándoas adecuadamente, e con observancia da normativa urbanística e medioambiental.

Poderán estar dotadas de infraestrutura necesaria para o enchido e valeirado de augas, o que se indicará co sinal correspondente.

No caso de esixirse prezo, contraprestación o compensación para a utilización das ditas zonas de estacionamento ou áreas de servizo, os ocupantes do vehículo deberán facilitar ao Concello os datos precisos para cumprir coas obrigacións de rexistro documental e comunicación que lle sexan esixibles conforme o Real Decreto 933/2021, de 26 de outubro, polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas ou xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e aluguer de vehículos a motor.

2. A localización das zonas de estacionamento reservado e áreas de servizo deberá evitar o entorpecemento do tráfico, facendo compatible a equitativa distribución dos estacionamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado.

3. O estacionamento nestas zonas reservadas de estacionamento e áreas de servizo realizarase de acordo co disposto no artigo 106, e con suxeición as seguintes limitacións:

- Queda expresamente prohibido sacar toldos, patas estabilizadoras ou niveladoras, mesas, cadeiras ou calquera outro mobiliario doméstico ao exterior, así como despregar calquera outro elemento que amplíe o perímetro do vehículo en marcha.
- Queda expresamente prohibido sacar tendedeiras de roupa ao exterior da autocaravana, vehículo tipo camper ou caravana.
- Queda expresamente prohibido verter líquidos ou lixo de calquera clase e/ou natureza salvo que a zona conte coa infraestrutura necesaria.

Artigo 106. Réxime de parada e estacionamento temporal no municipio

1. As autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravanas, poderán efectuar manobras de parada e estacionamento nas vías urbanas sempre e cando non se realicen actividades que se consideren acampada e nas mesmas condicións e coas mesmas limitacións que calquera outro vehículo, con observancia do establecido na lexislación estatal

sobre tráfico e circulación de vehículos e na presente Ordenanza Municipal para as vías urbanas, así como do especial réxime xurídico establecido para os espazos naturais protexidos, áreas protexidas por instrumentos internacionais, os terreos forestais, os terreos clasificados como solo rústico de especial protección polo planeamento urbanístico en xeral, calquera outro espazo especialmente protexido pola lexislación sectorial que se localicen dentro do municipio.

En todo caso, a parada e o estacionamento deberán efectuarse de tal maneira que non se obstaculice a circulación ni constitúa un risco para o resto das persoas usuarias da vía, coidando especialmente a colocación do vehículo e evitando que poidan poñerse en movemento en ausencia da persoa condutora.

2. A efectos simplemente indicativos e con carácter xeral, considerarase que unha autocaravana, un vehículo con caravana e un vehículo camper están aparcados ou estacionados nas vías ou espazos públicos cando:

- a. Só está en contacto co chan a través das rodas e non estean baixadas as patas estabilizadoras nin calquera outro dispositivo manual ou mecánico.
- b. Non ocupa máis espazo que o do vehículo en marcha, é dicir, non hai xanelas abertas proxectables que poidan invadir un espazo maior que o perímetro do vehículo en marcha, nin despregamento de cadeiras, mesas, toldos estendidos ou outros artigos domésticos ou útiles.
- c. Non se produce ningunha emisión de calquera tipo de fluído, a salvo os propios da combustión do motor a través do tubo de escape ou do sistema de quecemento do vehículo.
- d. Non emite ruídos molestos para a veciñanza ou as persoas usuarias das zonas de estacionamento.

3. O estacionamento das autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravanas réxese polas seguintes normas:

- a. Os vehículos poderán estacionar segundo o establecido en cada zona permitida polo concello.
- b. O estacionamento efectuarase de forma tal que permita a execución das manobras de entrada e saída e permita a mellor utilización do espazo restante para outros vehículos ou persoas usuarias.
- c. O estacionamento realizarase sen sobrepasar as marcas viais de delimitación da zona de estacionamento sen invadir, en ningún momento, o carril de circulación e deberá respectarse a limitación temporal correspondente a cada zona de estacionamento se a houbese.
- d. A persoa condutora inmovilizará o vehículo de maneira que non poida desprazarse espontaneamente nin ser movido por terceiras persoas..

Capítulo 6. Ordenación e regulación de aparcadoiro en superficie (ORA)

Artigo 107. Establecemento de prazas de estacionamento regulado

1. Co fin de favorecer a mobilidade, evitar a conxestión do tráfico, favorecer a rotación e facer compatible a equitativa distribución dos estacionamentos entre todas as persoas usuarias, o Concello da Coruña poderá establecer, motivadamente, prazas de aparcadoiro regulado na calzada coas limitacións temporais e espaciais que se determinen (zona ORA). A ocupación destas prazas de estacionamento estará suxeita á taxa que estableza a Ordenanza fiscal reguladora vixente en cada momento, e recadarase mediante parquímetros, aplicacións móbiles ou outros procedementos que se establezan.

A zona ORA poderá establecerse en todas as vías de competencia municipal con circulación rodada que contén con dotación de estacionamentos en superficie para vehículos de tracción mecánica dentro dos límites máximos que se contemplan no plano que recolle o Anexo V.

2. As modalidades de prazas de estacionamento na zona ORA son as seguintes:

- a. Prazas de estacionamento de uso xeral. Son prazas destinadas ao estacionamento de rotación nas que calquera persoa pode estacionar o seu vehículo mediante a satisfacción dun prezo. En función do tempo de estacionamento máximo permitido, as prazas de uso xeral poderán ser de:
 - i. Rotación (zona azul): durante un tempo máximo de dúas horas.
 - ii. Alta rotación (zona vermella): durante un tempo máximo dunha hora.
 - iii. Exprés (zona laranxa): durante un tempo máximo de vinte minutos.
- b. Prazas de estacionamento para residentes (zona verde). Son prazas destinadas ao estacionamento de persoas que obteñan título ou autorización de residente do sector correspondente.

A implantación dunha ou outra modalidade das prazas de estacionamento na zona ORA realizarase en función das necesidades de cada barrio, distrito ou zona tras os informes técnicos pertinentes, e requirirá a aprobación polo órgano municipal competente, así como a súa posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3. As prazas de estacionamento para residentes distribúense en diferentes sectores segundo as zonas da cidade.

4. As prazas de estacionamento en zona ORA, en calquera das súas modalidades, poderanse modificar ou suprimir temporalmente, alterar o seu número ou localización por razóns de novas ordenacións de tráfico, execución de obras na vía pública, reservas provisionais por razóns de interese público, ocupacións de vía pública con valos, andamios, terrazas, etc... ou cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade ou impidan a súa utilización actividades cun interese público superior.

5. Corresponde a Alcaldía ou, no seu caso, á Concellería que teña delegadas as competencias en materia de Circulación, a fixación e distribución dos espazos de Uso Xeral e os de Residentes, e a distribución en Sectores. Estas competencias non terán efecto ata a súa completa e íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia e a correspondente actualización da sinalización, co fin de garantir en cada momento o coñecemento dos Usos e Sectores en vigor e facer efectivo o seu cumprimento.

Artigo 108. Sinalización da zona ORA

1. Co fin de facilitar ás persoas usuarias o seu coñecemento, as prazas de estacionamento da zona ORA, serán debidamente sinalizadas, tanto horizontal como verticalmente, segundo determina a normativa estatal vixente e a presente Ordenanza.

2. No caso das prazas de zona ORA de uso xeral, acoutarase o espazo reservado na calzada, mediante unha liña descontinua de cor azul a de rotación, vermella a de alta rotación, e laranxa a exprés, no seu caso. No caso das prazas de residentes, farase mediante unha liña descontinua de cor verde.

3. Na zona ORA habilitaranse prazas para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida, de acordo co indicado na presente Ordenanza.

Artigo 109. Tipoloxía de persoas usuarias

Dentro da zona ORA diferenciaranse os seguintes tipos de persoas usuarias:

- a. Persoas usuarias en xeral: Poderán estacionar abonando a taxa correspondente por horas ou fraccións con límite temporal na zona regulada correspondente.
- b. Residentes: Poderán estacionar con distintivo que acredite a autorización para estacionar sen límite de tempo na zona regulada correspondente.

Artigo 110. Requisitos para a ocupación das prazas de estacionamento en zona ORA de uso xeral

Para poder estacionar nas prazas de estacionamento en zona ORA de uso xeral será preciso abonar previamente a taxa regulada na ordenanza fiscal de aplicación para obter o billete correspondente na máquina expendedora ou realizar o pago mediante aplicacións telemáticas ou outros medios habilitados para o efecto. A taxa abonada estará asociada a matrícula do vehículo estacionado.

A avaría ou funcionamento deficiente dunha máquina non eximirá da obriga de adquirir o billete correspondente, debendo a persoa usuaria acudir a outra máquina expendedora que estivera en funcionamento, ou ben realizar o pago mediante aplicacións telemáticas ou outros medios habilitados para o efecto.

Artigo 111. Requisitos para a ocupación das prazas de estacionamento en zona ORA residentes.

1. Terán a condición de residentes para os efectos da concesión do distintivo de estacionamento en espazos de uso de residentes, as persoas con domicilio en zona ORA segundo o Padrón Municipal de Habitantes que se atopen nalgún dos supostos seguintes:

- a. Residente con vehículo en propiedade con domicilio fiscal do dito vehículo no Concello da Coruña.
- b. Residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting).
- c. Residente usuario/a de vehículo de empresa coa que mantén unha relación laboral contractual.
- d. Residente con vehículo que, temporalmente, substitúa a calquera dos apartados anteriores, exclusivamente polo tempo que dure a substitución con un máximo de dous meses.

Será condición preceptiva para a concesión do distintivo, estar ao corrente de pago do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e non ter pendente de pago en vía executiva sancións de circulación co Concello da Coruña no momento de efectuar a solicitude.

2. Poderase obter como máximo un distintivo por persoa residente.

3. Na solicitude da autorización de uso das prazas de residente, que poderá facerse en calquera momento do ano polos meses que resten para a finalización do dito ano, indicarse a matrícula do vehículo e acompañarse cos documentos seguintes ou facultarse a consulta dos mesmos, de ser o caso:

- 1º.-Copia do documento de identidade da persoa solicitante.

2º.-Copia do permiso de circulación do vehículo, acompañada da documentación acreditativa da relación da persoa residente co vehículo nos casos b, c e d do apartado 1 deste artigo.

4. A obtención da autorización de uso das prazas de residentes, está supeditada ao cumprimento dos requisitos mencionados no apartado 1 deste artigo e ao pago da taxa correspondente. O Concello establecerá un rexistro de vehículos autorizados para uso das prazas de residentes, o que permitirá o control do estacionamento por medios telemáticos.

5. O período de vixencia da autorización será anual e estará referida á matrícula do vehículo para a que se concede e o sector no que ten validez o estacionamento, salvo que este poida ser modificado polas mesmas razóns polas que se modifiquen ou supriman temporalmente as prazas de estacionamento regulado (ORA). A persoa autorizada deberá renovar no prazo dun mes anterior ao fin de ano achegando a tal efecto unha declaración responsable de non modificarse as circunstancias que motivaron a autorización inicial e o xustificante do aboamento da taxa correspondente.

6. A autorización para estacionar en zona de residentes non terá validez nas prazas de uso xeral nin en prazas de residente dun sector diferente ao que lle corresponde na súa autorización.

7. As persoas autorizadas para o estacionamento en zonas de residentes están obrigadas a comunicar ao Concello ou, no seu caso, á empresa que xestione o servizo, no prazo de 15 días, calquera modificación relativa á titularidade dos vehículos residencia e demais datos e circunstancias tidas en conta no momento da autorización.

O incumprimento desta obrigaón determinará a revogación da autorización.

Artigo 112. Condicións de funcionamento da zona ORA

1. As condicións de funcionamento da zona ORA virán determinadas polo Concello da Coruña en función das características de cada zona.

Con carácter xeral, o horario de funcionamento da zona ORA tanto de uso xeral como de residentes se establece nas franxas de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas de luns a venres, e de 10:00 a 14:00 horas os sábados.

O Concello da Coruña poderá establecer en determinados ámbitos da zona ORA de residentes nos que se observe dificultade de acceso ás prazas por parte dos residentes outros horarios adicionais aos que se establecen con carácter xeral, como o establecemento dun horario nocturno, en franxa de 14:00 a 16:00 horas, ou en todo o horario do fin de semana.

2. Durante o horario de estacionamento na zona ORA, as prazas da zona azul poderán ser utilizadas polas persoas usuarias durante os tempos máximos permitidos indicados no artigo 107.2.a. Unha vez transcorrido o tempo máximo autorizado, o vehículo terá que rotar non podendo estacionar no mesmo lugar.

Fóra dos horarios de estacionamento regulado establecidos polo órgano municipal competente, as prazas serán de acceso libre.

3. O control do estacionamento en zona ORA de residentes realizarase mediante a comprobación de que a matrícula consta na base de datos dos vehículos con dereito a estacionar na zona de residentes para a que se emitiu a autorización.

4. O tempo máximo que un mesmo vehículo pode permanecer estacionado de forma continuada nunha mesma praza para residentes será de sete días naturais.

5. O control do estacionamento en zona ORA de uso xeral realizarase mediante a comprobación de que con esa matrícula abonouse a correspondente tarifa.

O control do estacionamento regulado terá en conta os horarios de carga e descarga das zonas sinalizadas como tal dentro da zona ORA, onde non será de aplicación o funcionamento da zona ORA para aqueles vehículos habilitados para utilizar a devandita zona de carga e descarga.

6. O Concello, no caso de que se detecte descompensación no número de prazas para residentes entre os distintos sectores, poderá modificalos, establecer prazas para máis dun sector ou calquera outro mecanismo conducente a unha repartición máis equilibrada do espazo público. En todo caso, a nova regulación deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e nas canles municipais de información.

7. A información sobre as condicións de funcionamento das zonas de estacionamento regulado, estará permanentemente accesible para a cidadanía, nos parquímetros, nas aplicacións móbiles e a través da súa publicación nas canles municipais de información, manténdose en todo momento actualizada.

Artigo 113. Taxas

O estacionamento en zona ORA regulado nesta Ordenanza virá suxeito ao pago da taxa establecida na correspondente Ordenanza fiscal, na que se establecen as seguintes tarifas:

- a. Tarifa por estacionamento en prazas de uso xeral.
- b. Tarifa por estacionamento sen título habilitante.

- c. Tarifa por exceso do tempo sinalado no título habilitante.
- d. Tarifa por estacionamento en prazas de residentes.

Artigo 114. Estacionamentos non permitidos en zona ORA

Non poderán estacionar na zona ORA:

- a. As flotillas de ciclos, ciclomotores ou motocicletas. Para estes efectos considérase flotilla á adscrición de máis de 3 destes vehículos a unha mesma actividade económica. As persoas titulares destas actividades poderán solicitar a correspondente autorización municipal de reserva de espazo..
- b. Os vehículos incurso en calquera das causas de inmovilización recollidas nesta Ordenanza, que será causa suficiente para proceder ao seu traslado ao depósito municipal.
- c. Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, salvo que estas operacións se realicen nos lugares expresamente habilitados a tal fin ou que se realicen coa oportuna autorización municipal.
- d. Os ciclos, ciclomotores e motocicletas, que deberán aparcar nas zonas habilitadas para este tipo de vehículos.
- e. Os vehículos de MMA superior a 3.500 kg ou que superen coas súas dimensións a sinalización das prazas da zona ORA, salvo autorización expresa.

Artigo 115. Vehículos exentos de pago en zona ORA

Non necesitan distintivo de estacionamento en zona ORA:

- a. Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello da Coruña.
- b. Os vehículos que dispoñan de autorización municipal para a realización de actividades específicas de ocupación da vía pública.
- c. Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entes Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- d. Os vehículos de servizos de urxencia e as ambulancias, cando se atopen cumprindo estes servizos.
- e. Os vehículos que dispoñan do distintivo de uso compartido do Anexo XI do RXV (V-26 Distintivo de Uso Compartido), no caso de que así o estableza a Ordenanza Fiscal reguladora.
- f. Calquera outro establecido no resto de Ordenanzas do municipio, incluídas as Ordenanzas fiscais.
- g. Estarán exentos durante unha hora ao día do pago da taxa por estacionar na zona ORA de uso xeral (zona azul) os vehículos que transporten a persoas titulares da tarxeta para estacionamento en lugares reservados para persoas con mobilidade reducida. Para ese efecto deberán solicitar a incorporación da matrícula do vehículo na base de datos correspondente, acreditando que este vehículo garda relación con persoa titular da referida tarxeta de persoa con mobilidade reducida, sendo posible vincular un só vehículo por cada tarxeta. Mentres se estea facendo uso desta exención será obrigatoria a exhibición do orixinal da tarxeta correspondente no cadro de mandos do vehículo, colocada de forma que poida ser visible e lexible de forma íntegra. Para o adecuado control deste estacionamento, deberase obter o documento que acredite o inicio do estacionamento na máquina expendedora ou mediante aplicacións telemáticas ou outros medios habilitados para o efecto.

Artigo 116. Contrato de prestación de servizos

O Concello da Coruña, a través dos Pregos polos que se rexa o contrato da ORA, poderá vincular ao control da ordenación do estacionamento regulado ORA á prestación de determinados servizos como: instalación e explotación de electrolineras, sensorización ou vixilancia de zonas de carga e descarga e de PMR, sensorización para o control de infraccións ou para a xestión e optimización de prazas libres ou outros servizos dirixidos a implementar unha xestión e mobilidade máis sostible.

TÍTULO SÉTIMO: APARCADOIROS MUNICIPAIS

Capítulo 1. Normativa común aplicable a todos os aparcadoiros municipais.

Artigo 117. Definicións

1. A efectos do previsto na presente Ordenanza defínense os seguintes conceptos:

- a. Aparcadoiro municipal: espazo de titularidade ou xestión municipal baixo rasante, en superficie ou en altura, pechado perimetralmente, baixo cuberta ou sen ela, destinado ao estacionamento de vehículos e no que poden prestarse outros servizos urbanísticamente compatibles. Ditos espazos poderán ser xestionados por unha empresa pública municipal á que o Concello da Coruña asigne a xestión directa, ou ben, en réxime de xestión indirecta a través dunha concesionaria do servizo ou da obra pública.

- b. Xestora do estacionamento: suxeito encargado de xestionar, manter, conservar e prestar os servizos do estacionamento.

Artigo 118. Réxime xurídico

1. Os aparcadoiros municipais existentes rexeranse polo respectivo contrato, os seus pregos reguladores e a presente Ordenanza.

2. Os novos aparcadoiros municipais rexeranse polo disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, polo respectivo contrato de concesión de obra pública ou servizo público e os seus pregos reguladores, polo resto de normativa aplicable e polas resolucións municipais adoptadas en exercicio das súas competencias.

3. Será de aplicación aos aparcadoiros municipais o réxime xurídico previsto na Lei 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos e o resto de normativa que a complementa ou substitúa.

4. As normas deste Título son de obriga nos aparcadoiros existentes e que se vaian construír, tanto para ás xestoras dos aparcadoiros como para ás persoas usuarias do servizo ou que se atopasen no interior dos aparcadoiros, nas súas instalacións ou accesos.

Artigo 119. Tipoloxías de uso

Os aparcadoiros municipais destinaranse a un ou varios dos seguintes usos:

- Estacionamento para residentes: para uso de quen resida na área de influencia da infraestrutura, xa sexa mediante cesión de uso ou abono temporal.
- Estacionamento por alugueiro horario, para uso público rotacional: por calquera persoa usuaria que abone o prezo polo servizo temporal prestado segundo a tarifa municipal aplicable.
- Mixto: cando dispoña de prazas residenciais e rotacionais.

Artigo 120. Condicións xerais de uso

As condicións xerais de uso dos aparcadoiros municipais virán definidas no Regulamento de funcionamento interno do estacionamento, que deberá aprobar o Concello da Coruña, ou no seu defecto, nos pregos da concesión e contrato correspondentes. O contido deste Regulamento fará referencia, como mínimo, aos seguintes aspectos:

- Dereitos e obrigacións das persoas usuarias do estacionamento distinguindo, no seu caso, entre usuarias de prazas en rotación e cesionarias.
- Sistemas de control físico ou telemático de accesos/saídas.
- Velocidade máxima permitida e normas de circulación no interior do estacionamento.
- Réxime das zonas comúns e normas de estacionamento nas prazas de estacionamento.
- Protocolo de avarías, condicións de seguridade e salubridade no uso das prazas de estacionamento.
- Réxime de acceso e uso a prazas accesibles por parte de persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida.
- Condicións específicas de uso de prazas rotacionais e prazas en réxime de cesión.
- Réxime de acceso, goce e extinción respecto ao sistema de abonos, residentes e réxime de cesión de uso.
- Prohibicións expresas en relación co uso xeral do estacionamento.

Artigo 121. Dereitos das xestoras de estacionamentos

Sen prexuízo do establecido no resto de normativa aplicable, nos Pregos reguladores da concesión nos estacionamentos en xestión indirecta vixentes no momento de entrada en vigor desta Ordenanza e nas condicións de organización e funcionamento nos estacionamentos de xestión directa, a xestora do estacionamento ten os seguintes dereitos:

- Ditar Instrucións dentro do marco da normativa vixente aplicable para garantir as condicións de seguridade, salubridade, circulación e prestación do servizo e adecualo ás circunstancias, e informar a quen o utilice sobre o funcionamento do estacionamento, o uso das instalacións e as condicións de prestación do servizo, conforme o Regulamento de funcionamento interno aprobado.
- Recibir de quen o utilice:
 - Nas prazas rotacionais, o prezo pola prestación do servizo de estacionamento conforme a tarifa ou abono aplicable.
 - Nas prazas de uso residencial: na cesión de uso, o prezo da cesión e os gastos repercutibles; nos abonos residenciais, o prezo do abono.

- iii. En calquera praza dotada de sistemas de recarga eléctrica, o prezo do servizo, sempre que este fose autorizado polo Concello da Coruña.
- iv. En calquera estacionamento: o prezo dos servizos asociados distintos do servizo principal de estacionamento, sempre que aqueles fosen autorizados polo Concello da Coruña.
- c. Limitar o acceso a determinadas prazas ou modificar as condicións de tráfico de forma xustificada e con carácter temporal, cando estas modificacións ou limitacións fosen autorizadas previamente polo Concello da Coruña.

Artigo 126. Obrigações das xestoras de aparcadoiros

Sen prexuízo do establecido no resto de normativa aplicable, nos Pregos reguladores da concesión nos estacionamentos en xestión indirecta vixentes no momento de entrada en vigor desta Ordenanza e nas condicións de organización e funcionamento nos estacionamentos de xestión directa, a xestora do estacionamento ten as seguintes obrigacións:

- a. Prestar directamente o servizo nas condicións establecidas na presente Ordenanza e no resto de normativa aplicable de maneira continuada e ininterrompida durante as 24 horas do día, todos os días do ano, non podendo ceder a súa xestión a unha terceira persoa salvo nos supostos previstos e polos procedementos sinalados na normativa aplicable e previa autorización municipal do órgano competente en materia de estacionamentos municipais.
- b. Suspende ou limitar a prestación do servizo cando así o acordase expresa e motivadamente o órgano competente por razóns de seguridade, seguridade viaria, contaminación atmosférica ou outras causas medioambientais urxentes, grave perigo, sinistro, execución de obras, mal funcionamento de sistemas esenciais do estacionamento para a prestación do servizo ou outras causas xustificadas de interese xeral.
- c. Cumprir e velar polo cumprimento das obrigacións normativas vixentes en cada momento, desta Ordenanza, os Pregos, condicións de organización e funcionamento establecidas no Regulamento de funcionamento interno do estacionamento, así como as instrucións e ordes que a Administración dite en exercicio das súas potestades, evitando a infracción activa ou omisiva das mesmas.
- d. Asumir cantos gastos e custos xere a explotación, mantemento, conservación e adaptación do estacionamento e a prestación do servizo, incluíndo cantos tributos graven os bens e instalacións e a xestión dos servizos.
- e. Velar polo cumprimento das condicións técnicas de seguridade do estacionamento e as súas instalacións, absterse de executar obras ou alteracións que modifiquen os bens ou a prestación do servizo sen autorización expresa do Concello da Coruña, así como elaborar e manter actualizado o Plan de Autoprotección do estacionamento nos termos establecidos na Norma Básica de Autoprotección vixente, Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, ou normativa que a complementa ou substitúa.
- f. No caso de instalación de carpas, casetas ou similares, documentación que acredite o cumprimento dos requisitos da Ordenanza municipal de protección contra incendios da Coruña (BOP núm. 79 do 26/04/2018) ou norma que a substitúa e demais normativa vixente en materia de seguridade e prevención de incendios que resulte aplicable.

Á vista da actuación concreta a desenvolver, poderá requirirse documentación adicional por parte dos servizos municipais se se xustifica necesario para garantir a seguridade e o cumprimento da normativa.

3. Comprobada a documentación e o cumprimento dos requisitos, así como a dispoñibilidade do espazo, outorgarase, no seu caso, a autorización polo órgano municipal competente mediante resolución expresa e notificarase á persoa interesada.

4. Nos casos en que corresponda ao Concello da Coruña sinalizar a reserva, os sinais serán colocados con polo menos dous días de antelación á data do inicio da ocupación. Deixarase constancia dos vehículos que estivesen estacionados na zona da reserva antes da colocación dos sinais, por se continuasen alí na data de inicio da ocupación, nese caso habería que movelos sen consecuencias sancionadoras para as persoas titulares dos mesmos.

Artigo 155. Dereitos e deberes. Inspección e control da legalidade

1. O permiso concedido para a reserva de espazo temporal de vía pública dará dereito á persoa titular para realizar un aproveitamento especial ou privativo do espazo público nos termos daquel.

2. Deberán adoptarse todas as medidas que sexan necesarias para evitar danos ás persoas ou ás cousas, acoutando o perímetro en que puidese existir calquera perigo para viandantes, canalizando, neste caso, o seu tránsito de forma que este sexa accesible.

3. O exercicio das funcións de inspección corresponderalle aos e ás axentes da Policía Local, así como ao persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia.

4. Os e as axentes da Policía Local poderán ordenar a inmediata retirada de todas aquelas ocupacións non autorizadas ou que, contando coa autorización, se excedesen ou realizasen contra a mesma, así como aquelas que, sobre a base de criterios circunstanciais de oportunidade e conveniencia pública, houbesen de retirarse.

No caso de que o incumprimento da orde de retirada e cando a ocupación se realice mediante un vehículo que obstaculice, dificulte ou supoña un perigo para a circulación, a Policía Local poderá proceder á retirada do mesmo da vía pública, de acordo co disposto no artigo 171 desta Ordenanza. No resto dos casos, poderá actuarse de acordo co disposto no artigo 149 desta Ordenanza.

Capítulo 3. Autorización para a instalación de valos, andamios, casetas, colectores de obra e elementos similares

Artigo 156. Obxecto

1. Está suxeito a autorización municipal, a solicitude da persoa interesada, o aproveitamento especial ou privativo do dominio público mediante a súa ocupación con valos, andamios, casetas, colectores e outros elementos de obra similares.

2. Rexeranse polo disposto neste Capítulo as ocupacións con colectores de obra que vaian permanecer no espazo público máis de cinco días naturais consecutivos, debendo de dispoñer nese caso dun valado no seu perímetro. Para duracións inferiores rexeranse polo disposto na sección desta ordenanza reguladora das reservas de espazos temporais.

3. O citado aproveitamento estará suxeito ao pago das taxas reguladas nas correspondentes ordenanzas fiscais. Coa solicitude deberá practicarse pola persoa interesada a autoliquidación das ditas taxas como depósito previo.

O Concello impondrá unha taxa máis gravosa no caso de dispoñerse publicidade na lona da instalación ou no caso de que se anuncie nela a empresa construtora ou instaladora, segundo a Ordenanza fiscal correspondente ao dito aproveitamento.

Artigo 157. Procedemento

1. As persoas interesadas en obter estas autorizacións presentarán a súa solicitude ante o Concello da Coruña, que a resolverá no prazo máximo de dous meses desde a presentación da totalidade da documentación necesaria para a súa tramitación. En caso contrario, o silencio administrativo terá efecto desestimatorio.

Con carácter xeral e salvo que expresamente se resolva noutro sentido, o inicio do período de ocupación autorizado computarase desde a notificación da autorización.

2. A duración da ocupación solicitada deberá ser acorde coa natureza e envergadura da obra a executar e, en todo caso, deberá enmarcarse dentro do prazo de execución da licenza de obra ou comunicación previa segundo os casos.

3. Á solicitude deberá acompañarse da documentación que conste na sede electrónica para este procedemento, e en todo caso:

- a. Solicitude específica debidamente cumprimentada.
- b. Documentos de autoliquidación das taxas correspondentes, xunto cos xustificantes de pago.
- c. Licenza de obras ou no seu caso comunicación previa ou referencia ao seu expediente de outorgamento. Nos casos de ruína ou de establecemento de medidas de seguridade, presentarase a comunicación previa da execución de medidas seguridade ou inspección debidamente tramitada ante o Servizo de Urbanismo ou referencia á orde emitida pola Sección de Conservación da Edificación e Ruínas.
- d. Plano ou bosquejo en planta debidamente acoutado da implantación na vía pública das instalacións pretendidas. No caso de instalacións en altura deberá achegarse ademais plano ou bosquejo en alzado e sección debidamente acoutados.
- e. Declaración responsable na que se faga constar que a instalación se axusta ás condicións de accesibilidade e seguridade establecidas na normativa para este tipo de instalacións, así como ás condicións xerais establecidas nesta ordenanza.
- f. Póliza de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a persoas ou cousas con motivo da montaxe e desmonte da instalación, así como durante o período de tempo que permaneza instalada, coa contía mínima de cobertura que se estableza polo Concello e xustificante ou acreditación da súa vixencia.
- g. En caso de andamios/instalacións en altura, declaración responsable da dirección para o montaxe, utilización e desmonte do andamio ou instalación en altura segundo a normativa de aplicación de accesibilidade e para traballos en altura.

4. A autorización outorgarase polo órgano municipal competente, previo informe técnico favorable nos casos en que sexa necesario e en todo caso cando as características da vía non permitan o cumprimento das condicións xerais establecidas na presente ordenanza.

5. A autorización que se conceda recollerá, en todo caso, o seguinte:

- a. Persoa física ou xurídica titular da autorización.
- b. Prazo de validez da autorización, instalacións autorizadas e espazo físico que comprende a ocupación.
- c. Outras condicións ás que estará sometida a autorización.

6. Excepcionalmente e por causas tecnicamente xustificadas, a solicitude da persoa interesada, poderá concederse unha prórroga que non poderá exceder do período de ocupación inicialmente autorizado e do prazo de execución da licenza ou comunicación previa de obra. A prórroga deberá solicitarse por escrito con 15 días de antelación á finalización do prazo autorizado, con indicación expresa das instalacións/superficies e período concreto de prórroga, debendo constituírse un novo depósito das taxas polo dito período de prórroga que se solicita. A solicitude de prórroga que se axuste aos requisitos anteriores, salvo requirimento de emenda, entenderase tacitamente autorizada mantendo as condicións da autorización inicial outorgada.

Artigo 158. Condicións xerais das autorizacións de ocupación con valos, andamios e casetas de obra

1. A autorización entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiras persoas.
2. A autorización terá vixencia temporal, que se indicará na parte dispositiva da resolución pola que se outorga, sen prexuízo da posibilidade de prórroga a que se refire o apartado 6 do artigo anterior.
3. Todas as ocupacións deberán ter exposto na instalación o documento informativo da autorización outorgada, segundo modelo oficial facilitado polo Concello.
4. A persoa titular da autorización vén obrigada a exhibir a resolución de autorización a pedimento do persoal funcionario municipal ou da Policía Local.
5. A titular da autorización será responsable dos danos que puidesen ocasionarse ás persoas ou cousas con motivo da colocación, retirada e durante o período de vixencia da autorización. Igualmente responderá dos danos derivados do incumprimento da cláusula relativa á obrigação de manter o pavimento en perfecto estado de conservación.
6. A autorización deixará de estar vixente, sen necesidade de revogación expresa, no caso de que a póliza de responsabilidade civil non estea en vigor, debendo a persoa interesada renovar ou manter en vigor esta póliza durante todo o prazo da autorización da ocupación e a súa posible prórroga.

Artigo 159. Condicións específicas de ocupación con instalacións de obra

1. Condicións xerais para todo tipo de instalacións:

- a. As obras e intervencións que se realicen nos espazos públicos urbanizados deberán garantir as condicións xerais de accesibilidade nos itinerarios peonís. Cando as obras non permitan manter as condicións do itinerario peonil accesible habitual, dispoñerase dun itinerario peonil accesible alternativo, debidamente sinalizado, que persiga o maior grao de adecuación efectiva ás condicións establecidas no artigo 39 da Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados (Orde TMA en adiante), ou normativa que a complementa ou substitúa.
- b. Adoptaranse as medidas necesarias para asegurar que a circulación peonil a través deste itinerario se realiza nas adecuadas condicións de seguridade, de acordo á lexislación de prevención de riscos laborais, accesibilidade e seguridade viaria en vigor.
- c. En caso de habilitar o itinerario peonil accesible pola zona de estacionamento, este paso deberá estar dotado de elementos de protección continuos, preferiblemente varandas metálicas, os cales deberán prolongarse ata a beirarrúa, de modo que as persoas viandantes a abandonen e se reincorporen a esta nas adecuadas condicións de seguridade. Deberá garantirse a continuidade nos encontros entre este e o itinerario peonil habitual, sen resaltes. En ambos os extremos colocaranse ramplas de formigón para salvar o desnivel beirarrúa-calzada, de pendente máxima do 10%, as cales deberán permitir o paso das augas pluviais por baixo. Todos estes elementos (proteccións, ramplas...) deberán ser retirados en canto finalice a ocupación.
- d. En todo momento garantirase un carril de circulación cun ancho libre non inferior a 3,00 m.
- e. Naqueles casos nos que a ocupación deixe menos de 3,00 m libres no carril de circulación, autorizarase a supresión de estacionamento na beirarrúa de en fronte mediante sinalización vertical R-308 e liña amarela

pintada na calzada, nunca no bordo. No momento en que finalice a ocupación deberá retirarse esta sinalización, comunicándoo para que poida realizarse a correspondente inspección.

No caso de que a instalación invada parcialmente a calzada, deberá situarse a 1m do chan un panel direccional reflectante (TB-2) que sinalice o estreitamento no sentido da circulación.

- e. En rúas peonís, como norma xeral, garantirase un ancho libre de calzada non inferior a 3,50 m cun gálibo mínimo de 4,50 m para permitir a correcta circulación de vehículos de carga e descarga no horario autorizado e, en todo caso, o acceso dos vehículos de emerxencia, recollida de R.S.U., etc. Adoptaranse as medidas necesarias para asegurarse de que a circulación (peonil e de vehículos autorizados) a través deste itinerario se realice nas adecuadas condicións de seguridade.

A instalación garantirá un itinerario peonil libre de obstáculos de 1,80 m de ancho e 2,20 m de gálibo. Adoptaranse as medidas necesarias para asegurar que a circulación peonil por este itinerario se realiza nas adecuadas condicións de seguridade.

- f. A instalación permitirá, en todo momento, o correcto acceso ás vivendas e/ou locais lindeiros, así como, no seu caso, aos garaxes, prazas PMR, paradas de taxis, paradas de bus, vaos e aos pasos de peonís próximos (incluídas as súas ramplas de acceso). Este acceso garantirase nas adecuadas condicións de seguridade e coa visibilidade necesaria.
- g. A instalación non poderá impedir ou dificultar o acceso e utilización de servizos públicos, así como de equipamentos e/ou mobiliario urbano.
- h. Os sinais de tráfico que se visen afectados pola instalación recolocaranse na mesma, provisionalmente, de modo perfectamente visible.
- i. A instalación estará en todo momento en condicións de limpeza e ornato e non poderá sobresaír ao exterior ningún elemento que determine un risco de accidente aos demais usuarios e usuarias da vía,
- j. Non poderán amontoarse na vía pública nin apoiarse nos valos ou andamios ningún tipo de materiais.
- k. Nos lugares de escasa iluminación deberán dispoñerse luces de situación, que serán sempre obrigatorias cando se invade unha porción de calzada.
- l. As zonas de obras situadas en vía pública quedarán rigorosamente delimitadas con valos ou elementos estables, ríxidos, sen arestas vivas e facilmente detectables. Dispoñerán dunha sinalización luminosa ou de advertencia ao comezo e ao final do valado e cada 50 m ou fracción. Os valos terán unha altura mínima de 2m e as súas bases de apoio en ningún caso poderán invadir o itinerario peonil accesible. A súa cor deberá contrastar coa contorna e facilitar a súa identificación.
- m. Os elementos de acceso e peche da obra, como portas e portóns destinados a entrada e saída de persoas, materiais e vehículos, non invadirán o itinerario peonil accesible.
- n. Cando na contorna existan colectores de R.S.U., garantirase en todo momento que, tanto estes como as súas suxeicións, quedan accesibles para permitir os labores de recollida diaria. Cando isto non sexa posible, deberán presentar autorización emitida polo servizo municipal correspondente.
- o. Cando a instalación afecta a árbores ou zonas verdes, será necesario protexelas segundo as indicacións do departamento de Parques e Xardíns do Servizo de Infraestruturas. Por este motivo, a ocupación efectiva debe-rase coordinar co devandito departamento, para que realicen as tarefas que consideren necesarias previas á instalación.

A zona verde terá que reintegrarse nas mesmas condicións nas que estaba antes da ocupación.

Non está permitido cravar nin situar encima del ningún obxecto de peso, polo perigo que supón para a deterioración da instalación de rega. Neste caso, será necesario colocar dormentes (xeralmente, táboas de madeira) para o apoio das patas do andamio na zona axardinada, de maneira que se amplíe a superficie de repartición de cargas.

2. Condicións relativas á protección dos servizos existentes:

- a. Durante a ocupación e ao finalizar a mesma, debe realizarse o mantemento e a limpeza do pavimento sobre o que se asinta a instalación e deixalo en perfectas condicións.
- b. Para a debida protección do pavimento, colocaranse bases, preferiblemente de polipropileno, polietileno ou material similar, nos pés da instalación, de forma que estes non se apoién directamente sobre o pavimento evitando, así, a súa deterioración.

- c. A persoa titular da autorización deixará a calzada, beirarrúa e bordos no seu estado anterior, debendo pavimentala cando non o estivese ou fose insuficiente.
- d. A titular da licenza deberá adoptar todas as medidas necesarias para protexer os elementos colocados en vía pública (farois, mobiliario urbano, sinalización, árbores e alcove, colectores de residuos sólidos urbanos (R.S.U.) e os seus soportes, etc.) debendo facerse cargo dos posibles danos producidos como consecuencia da instalación.

3. Condicións xerais para valos e casetas de obra:

- a. Os valos de obra serán de madeira pintada ou de chapa galvanizada. En caso de utilizar valos móbiles, estes serán de malla galvanizada con bases de formigón ou caucho e lonas de ocultación tupidas. Os valados deberán estar pechados en todo o seu perímetro.
- b. As casetas de obra serán prefabricadas, robustas, seguras e facilmente transportables, e tratarse propiamente dunha caseta de obra, non podendo instalarse na vía pública un colector marítimo ou doutra tipoloxía que non estea relacionada coas obras.
- c. Os valos e casetas de obra instalaranse preferentemente en zonas de estacionamento, sen invadir o carril de circulación e a súa xeometría adaptarse á das prazas de estacionamento.
- d. Naqueles casos en que, debido ás características particulares da obra ou da vía pública sexa necesario instalar o valado ou as casetas na beirarrúa, atenderase ao disposto no apartado 1 deste artigo.
- e. No caso de que o valado se instale en zonas de paso peonil dispoñerá dunha guía ou elemento horizontal inferior que poida ser detectada polas persoas con discapacidade visual e un pasamáns continuo instalado a 0,90 metros de altura.
- f. Con carácter xeral, o valado de obra utilizarase para albergar no seu interior exclusivamente materiais, maquinaria e/ou outros elementos auxiliares destinados á execución da mesma.

4. Condicións xerais para andamios metálicos:

- a. Os andamios metálicos tubulares instalaranse na beirarrúa, sen invadir en ningún momento o carril de circulación. Así mesmo garantirase un itinerario peonil accesible libre de obstáculos conforme ao establecido no art.39 da Orde TMA/851/2021. Adoptaranse as medidas necesarias para asegurar que a circulación peonil a través deste itinerario realízase nas adecuadas condicións de seguridade, de acordo coa lexislación de prevención de riscos laborais, accesibilidade e seguridade viaria en vigor
- b. Cando o itinerario peonil accesible discorra por baixo dun andamio ou estrutura provisional dispoñerá de elementos de protección e sinalización específicas. Todos os montantes verticais ou horizontais que delimiten o itinerario estarán recubertos por materiais protectores fronte a golpes e a súa visibilidade estará garantida mediante cores de alto contraste, segundo art. 39 da Orde TMA.851//2021.
- c. Cando o itinerario peonil accesible alternativo discorra polo exterior dun andamio ou estrutura provisional, este dispoñerá de pasamáns continuo, instalado a 90 cm de altura, e unha guía ou elemento inferior, ou colocarse unha franxa-guía de pavimento táctil indicador, de acordo cos parámetros establecidos nos artigos 45 e 46, que poidan ser detectados polas persoas con discapacidade visual.
- d. Os andamios dispoñerán de lona de ocultación tupida. Adoptaranse todas as medidas de protección necesarias para impedir a caída de calquera obxecto ou material á vía pública (viseira, rede de protección, etc.), así como para garantir que non se produzan afeccións ou molestias aos demais usuarios e usuarias da vía durante a execución dos traballos.

Para a instalación de publicidade na lona será precisa a tramitación do oportuno título urbanístico habilitante.

- e. Evitaranse elementos que sobresaian das estruturas; en caso da súa existencia protexeranse con materiais seguros e de cor contrastada, desde o chan ata unha altura de 2,20 m.
- f. Evitarase a existencia de acceso desde o chan ata o nivel de primeira planta mediante patas ou escaleiras fixas por motivos de seguridade.
- g. En caso de afectar a farois, estableceranse as proteccións necesarias contra contactos directos e indirectos con respecto do andamio, de acordo ao establecido na Instrución técnica complementaria do REBT (ITC BT 09). Se debido á colocación do andamio, se producise escasa iluminación do espazo público, deberá dispoñerse iluminación complementaria segundo condicións do Servizo de Infraestruturas.

5. Condicións xerais para plataformas elevadoras e guindastres:

- a. En caso de instalación de montacargas, plataformas elevadoras ou guindastres, estas instalacións deberán estar valadas perimetralmente, de acordo coas condicións establecidas nos apartados anteriores.
- b. Así mesmo, deberán garantir un itinerario peonil accesible e protexido, polo que no caso de que o itinerario peonil discorra por baixo das devanditas plataformas ou de cargas suspendidas, deberá instalarse un túnel de protección peonil na beirarrúa, á altura do devandito elemento, cun ancho mínimo de 1,80 m, protexendo as súas patas e saíntes con materiais protectores fronte a golpes e cun gálibo mínimo de 2,20 m, que permita a circulación peonil en condicións de seguridade.
- c. Como norma xeral non permite a instalación de guindastres torre en vía pública, salvo excepcións debidamente xustificadas. Por tanto, en caso de solicitar a ocupación de vía pública con guindastre torre, deberán presentar a correspondente xustificación técnica da necesidade de instalación de guindastre torre na vía pública ante a imposibilidade de instalación do guindastre dentro do solar e/ou terreos lindeiros de titularidade privada e/ou por outros medios de elevación.

6. Informe técnico municipal.

Cando, as características particulares da vía pública ou da instalación non permitan manter as condicións mencionadas neste artigo, as persoas interesadas deberán expor unha alternativa técnica que procure o maior grao de adecuación efectiva á normativa, que será valorada polos servizos técnicos municipais previamente á autorización da ocupación.

Artigo 160. Revogación

O incumprimento das obrigacións establecidas nesta Ordenanza, así como as condicións establecidas na autorización da ocupación, poderá dar lugar á perda da vixencia da dita autorización, sen necesidade de revogación expresa, sen que a persoa titular teña dereito a indemnización.

Igualmente poderán ser revogadas as autorizacións cando desaparecesen as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou cando sobreviñesen outras que, de existir, xustificarlían a súa denegación, sen que a persoa titular teña dereito a indemnización por tal revogación, trala tramitación do correspondente expediente.

A declaración da perda da vixencia da autorización ou a resolución pola que se declare a revogación da autorización levará aparellada a orde de retirada da instalación da vía pública.

Artigo 161. Inspección e control da legalidade

1. O exercicio das funcións de inspección corresponderá aos e ás axentes da Policía Local, así como ao persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia.

2. O incumprimento da orde de retirada dos elementos que ocupen a vía pública, dará lugar ao exercicio da potestade de recuperación da posesión ou desafuizamento dos bens públicos ocupados indebidamente, podendo proceder á imposición de multas coercitivas de ata un 5% do valor dos bens ocupados, reiteradas por períodos de oito días ata que se cumpra a orde dada, segundo o disposto na lexislación de patrimonio, sen prexuízo de acudir á execución subsidiaria, mediante a retirada dos elementos da vía pública polo Concello, procedendo de acordo co disposto no artigo 149 desta Ordenanza.

3. No caso de que se producisen danos no dominio público, serán á conta da persoa titular os gastos necesarios para a súa restitución ao seu estado orixinal

4. Todo o anterior sen prexuízo de que se continúe virando as taxas correspondentes á ocupación mentres non se proceda á retirada da instalación.

Capítulo 4. Autorización para a ocupación do dominio público con bandeirolas e prismas/tótems publicitarios de eventos de interese público ou especial impacto

Artigo 162. Obxecto de autorización

1. Está suxeita a autorización municipal o aproveitamento especial ou privativo do voo de dominio público mediante a instalación de bandeirolas en determinados soportes de iluminación pública e do chan de dominio público mediante prismas ou tótems publicitarios.

2. Para estes efectos enténdese por bandeirola o cartel ou pancarta con mensaxes de promoción e publicidade que se coloca nos báculos de iluminación mediante determinados elementos de suxeición. E por tótems/prismas enténdese conxunto de paneis impresos con mensaxes publicitarias sobre unha estrutura que se apoia no chan con contrapesos que garantan a súa estabilidade.

3. A autorización para a ocupación do dominio público con estes elementos está supeditada a que os mesmos anuncien a celebración de eventos, actividades ou espectáculos organizados ou promovidos polo Concello da Coruña ou para os que conste informe municipal que declare o seu interese público ou de especial impacto para a cidade da Coruña.

4. As bandeirolas e tótems ou prismas deberán axustarse ás características técnicas especificadas no artigo 165. En calquera caso, para as bandeirolas, o deseño e sistema de suxeición debe garantir a ausencia de esforzo ou mínimo esforzo engadido á instalación de iluminación. Este sistema de suxeición debe evitar a caída de elementos á vía pública. Para os prismas, debe garantirse a súa seguridade para evitar envorcar e esvarar.

5. A colocación de bandeirolas ou outros elementos de publicidade relacionados coas campañas políticas electorais rexerase polo disposto na normativa electoral.

Artigo 163. Procedemento

1. Poderán solicitar esta autorización as persoas físicas ou xurídicas que realicen directamente as actividades a que refírense os elementos publicitarios, así como as persoas físicas ou xurídicas que, de forma habitual e profesional, se dediquen á actividade publicitaria.

2. A solicitude deberá presentarse ante o Concello da Coruña cunha antelación mínima de dous meses á data solicitada para a súa instalación, deberá acompañarse da documentación que conste na sede electrónica para este procedemento, e en todo caso de:

- a. Solicitude específica debidamente cumprimentada.
- b. Memoria explicativa da creatividade para incluír na bandeirola, as súas dimensións e características, cantidade a colocar, días que estarán instaladas e rúas ou avenidas nas que se pretenden instalar, especificando o número de bandeirolas en cada rúa e/ou avenida.
- c. Seguro de responsabilidade civil que cubra, durante o período de instalación, os posibles danos causados aos bens municipais ou privados e a terceiras persoas con ocasión da colocación e retirada das bandeirolas, así como calquera dano que poidan producir durante o período no que estean instaladas nos farois municipais.
- d. Para bandeirolas, declaración responsable relativa ao cumprimento da normativa de aplicación para traballos en altura.

3. A autorización outorgarase polo órgano municipal competente, tramitada conxuntamente coa do evento ou actividade correspondente e recollerá, polo menos, o seguinte:

- a. Persoa física ou xurídica titular da autorización.
- b. Prazo de validez e número de bandeirolas/tótems, rúas ou avenidas que comprende.
- c. Condicións xerais e específicas que lle sexan de aplicación.

Artigo 164. Condicións xerais das autorizacións

1. A autorización entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo das autorizacións ou informes sectoriais que procedan por razón da competencia e da materia.

2. A autorización queda supeditada aos intereses públicos municipais de acordo coa normativa vixente en materia de bens das entidades locais e de patrimonio das administracións públicas.

3. Queda prohibida a colocación de bandeirolas publicitarias nos farois de tipo artístico ou ornamental.

4. Unha vez finalizado o prazo de ocupación, e dentro do prazo dos 2 días seguintes, as bandeirolas e/ou os prismas deberán ser retirados pola entidade titular da autorización, conxuntamente con todo o material auxiliar de sustentación; en caso contrario a administración municipal procederá á execución subsidiaria a cargo da persoa titular, sen prexuízo da imposición da sanción correspondente.

5. A persoa titular da autorización adoptará todas as medidas de seguridade necesarias para evitar danos a particulares, mantendo a instalación en perfectas condicións de seguridade e ornato público; así mesmo, será responsable de retirar e/ou substituír as bandeirolas/prismas deteriorados, por calquera causa, nun período máximo de dous días desde que se lle notifique a incidencia por parte do Concello. Se non o fixese, a administración municipal procederá á execución subsidiaria a cargo da persoa titular sen prexuízo da imposición da sanción correspondente.

Os servizos de emerxencia municipais poderán actuar de modo inmediato se se aprecian riscos para a seguridade na vía pública.

6. A entidade titular da autorización será responsable de reparar os danos causados na vía pública ou nos seus elementos estruturais ou calquera outro, e de indemnizar os danos e prexuízos que se poidan producir durante o período en que

as bandeirolas/prismas estean colocados; en caso contrario, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria a cargo da persoa titular sen prexuízo da imposición da sanción correspondente.

Artigo 165. Condicións técnicas

1. A superficie máxima da bandeirola, con carácter xeral, será de 1,20 metros de longo por 0,90 metros de ancho.
2. As bandeirolas serán de material microperforado para que non se provoquen esforzos engadidos no báculo de iluminación. Poderán non ser microperforadas no caso de que o sistema de suxeición non propicie que se produza o efecto vela polo vento, como no caso de bandeirolas suxeitas só a un soporte superior.
3. Os elementos de fixación das bandeirolas, que en todo caso deben ser removibles, e ser retirados tras a ocupación, deben ter unha superficie moldeable, de 3 milímetros de espesor como mínimo na zona de contacto con soporte de iluminación. Esta superficie debe ser continua e incorporada directamente na zona do mastro de fixación de forma que non caia durante o proceso de instalación ou retirada da bandeirola. A protección deberá ser da mesma cor que o mastro de fixación ou transparente. Deberase garantir que todas as pezas instaladas teñan a superficie moldeable en correctas condicións.
4. En canto ao contido, a imaxe ou creatividade incluída nas bandeirolas non resultarán contrarios ao decoro, deberán integrarse na paisaxe urbana e, en calquera caso, respectarán as disposicións normativas vixentes.
5. A instalación e retirada das bandeirolas deberá realizarse mediante un camión cesta exclusivamente, garantindo que non se apoian elementos auxiliares no báculo.
6. A colocación de bandeirolas e prismas realizarase seguindo as indicacións dos servizos municipais, e, en todo caso, as bandeirolas e prismas ou tótems non poderán dificultar a visibilidade da sinalización e dos dispositivos reguladores do tráfico, nin prexudicar a circulación de persoas nin vehículos nin danar os elementos do mobiliario urbano onde van instaladas, así como tampouco árbores ou calquera elemento vexetal instalado na vía pública.

Artigo 166. Revogación

O incumprimento das obrigacións establecidas nesta Ordenanza, así como as condicións establecidas na autorización da ocupación poderá dar lugar á perda da vixencia da dita autorización, sen necesidade de revogación expresa, sen que a persoa titular teña dereito a indemnización.

Igualmente poderán ser revogadas as autorizacións, sen dereito a indemnización para a persoa titular, cando desaparecen as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou cando sobreveñesen outras que, de existir, xustificasen a súa denegación ou por calquera outra causa contemplada na normativa.

A declaración da perda da vixencia da autorización ou a resolución pola que se declare a revogación da autorización levará aparellada a orde de retirada da instalación da vía pública.

Artigo 167. Inspección e control da legalidade

1. O exercicio das funcións de inspección corresponderá aos e ás axentes da Policía Local, así como ao persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia.
2. A entidade titular da autorización ten o deber de exhibila a pedimento do persoal funcionario encargado da inspección municipal, atendendo as ordes e instrucións que poida impartirlle este persoal ou a Policía Local.
3. O incumprimento da orde de retirada dos elementos que ocupen a vía pública, dará lugar ao exercicio da potestade de recuperación da posesión ou desafuzamento dos bens públicos ocupados indebidamente, podendo proceder á imposición de multas coercitivas, de ata un 5% do valor dos bens ocupados, reiteradas por períodos de oito días ata que se cumpra a orde dada, segundo o disposto na lexislación de patrimonio, sen prexuízo de acudir á execución subsidiaria, mediante a retirada dos elementos da vía pública polo Concello, procedendo de acordo co disposto no artigo 149 desta Ordenanza.
4. No caso de que se produciron danos no dominio público, serán á conta da persoa titular os gastos necesarios para a súa restitución ao seu estado orixinal.

TÍTULO NOVENO: INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS.

Capítulo 1. Inmovilización

Artigo 168. Medidas Provisionais

O órgano competente en materia de xestión de tráfico ou as e os axentes da Policía Local que se encargan da vixilancia do tráfico, poderán adoptar, de forma motivada, medidas provisionais de inmovilización nas vías urbanas, de calquera tipo de vehículo, incluídos ciclos, bicicletas, ciclomotores e motocicletas, así como os VMP regulados nesta Ordenanza, por razóns de protección da seguridade viaria cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos da normativa específica que sexa de aplicación ou da presente Ordenanza, poidan derivarse riscos graves para a circulación, as persoas ou os bens, especialmente, nos supostos establecidos no artigo 104 do TRLSV.

Artigo 169. Lugar de inmovilización e gastos pola inmovilización

O vehículo quedará inmovilizado no lugar que indique a Policía Local e non se levantará esta medida preventiva mentres non se emenden as deficiencias que a motivaron ou se retire o vehículo nas condicións que as autoridades determinen, previo o pago da taxa municipal esixible conforme ao que dispoña a Ordenanza fiscal reguladora.

Capítulo 2. Retirada

Artigo 170. Retirada de vehículos

1. As e os axentes da autoridade poderán ordenar a retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao depósito correspondente cando se atopen inmovilizados ou cando estando estacionados constitúan perigo, poidan causar graves perturbacións á circulación de vehículos ou viandantes, ao funcionamento dalgún servizo público ou deterioro ao patrimonio público, e cando poida presumirse racionalmente o seu abandono.

2. Enténdese que o vehículo estacionado constitúe un perigo, causa perturbacións graves á circulación de vehículos ou viandantes, ou ao funcionamento dun servizo público nos seguintes casos:

- a. Cando estacione formando unha segunda fila ou en dobre fila.
- b. Cando un vehículo permaneza estacionado indebidamente nos carrís ou partes das vías reservadas exclusivamente para a circulación ou estacionamento para o servizo de determinados usos ou persoas usuarias tales como:
 - i. Zonas peonís, rúas residenciais ou de acceso restrinxido salvo que estean expresamente autorizados.
 - ii. Lugares reservados para carga e descarga nos días e horas en que estea en vigor a reserva.
 - iii. Zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público, nos espazos sinalizados como aparcadoiro de motocicletas, organismos oficiais, consulados, prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida e outras reservas debidamente sinalizadas.
 - iv. Vaos correctamente sinalizados e autorizados destinados á entrada e saída de vehículos, así como os destinados á supresión de barreiras arquitectónicas nos itinerarios peonís.
 - v. Lugares que vaian ser ocupados temporalmente para outros usos ou actividades, sinalizados adecuadamente polo menos con dous días de antelación.
- c. Cando sufra un accidente ou avaría que lle impida continuar a marcha.
- d. Cando, inmovilizado un vehículo en lugar que non perturbe a circulación, transcorresen máis de 24 horas desde o momento de tal inmovilización sen que se emendasen as causas que a motivaron.
- e. Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houbese lugar adecuado para practicar a dita inmovilización, sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.
- f. Cando a persoa infractora non acredite a súa residencia legal en territorio español, o ou a axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe, procederase á retirada no caso de non haber lugar adecuado para practicar a inmovilización.
- g. Cando o vehículo permaneza estacionado na vía pública en condicións que fagan presumir fundada e racionalmente o seu abandono de conformidade co establecido nas disposicións medio ambientais.
- h. Cando un vehículo se atope estacionado impedindo e obstaculizando a realización dun servizo público de carácter urxente como extinción de incendios, salvamento e similares.
- i. Cando o vehículo se atope estacionado en itinerarios ou espazos que haxan de ser ocupados por unha comitiva, procesión, cabalgata, proba deportiva ou actos públicos debidamente autorizados.
- j. Cando sexa necesario retirar o vehículo para poder realizar obras ou traballos na vía pública.
- k. Cando se estacione no medio da calzada, agás que expresamente estea autorizado.
- l. Cando un vehículo permaneza estacionado, sen unha autorización visible, en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de estacionamento reservado para o uso de persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida.
- m. Cando un vehículo permaneza estacionado en zona ORA sen colocar o distintivo que o autoriza ou cando se rebase o triplio do tempo abonado.
- n. Cando un VMP ou ciclo incumpra as características técnicas establecidas na presente Ordenanza ou no resto de normativa aplicable, supoñendo un grave risco para a seguridade viaria e das persoas.

Artigo 171. Gastos pola retirada

1. Salvo nos casos de subtracción, accidente, por motivos de seguridade, por causas xudiciais, por investigacións policiais e outros supostos debidamente xustificados, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior serán por conta da persoa titular, da arrendataria ou da persoa condutora habitual, segundo o caso. O pagamento da taxa municipal constitúe un requisito imprescindible para levantar a medida de inmovilización preventiva, sen prexuízo do dereito de recurso.

2. O axente ou a axente da autoridade poderá retirar o permiso de circulación do vehículo ata que se acredite o abono dos gastos referidos.

3. A Administración deberá comunicar a retirada e depósito do vehículo á persoa titular no prazo legal establecido. A notificación axustarase ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na restante normativa aplicable.

Artigo 172. Depósito do vehículo

1. A retirada do vehículo levará consigo o seu depósito nos lugares que para o efecto determine quen sexa responsable do servizo de retirada. Transcorridos máis de dous meses desde que o vehículo fose depositado, tras a súa retirada da vía pública por orde da autoridade competente, presumirase o seu abandono, requiríndose a quen sexa titular para que no prazo dun mes retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que, en caso contrario, procederase ao seu tratamento como residuo e ao seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento, podendo acordarse a substitución do tratamento residual do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia do tráfico, segundo establece o artigo 106.3 do TRLSV. A notificación axustarase ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na restante normativa aplicable.

2. A persoa propietaria do vehículo virá obrigada ao pago do importe do traslado e da estancia do vehículo no depósito, previamente á súa recuperación e conforme ao establecido na Ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 173. Disposicións específicas para a retirada de VMP, bicicletas e ciclos

1. As autoridades competentes poderán retirar un VMP, bicicleta ou ciclo da vía pública, se quen ten a obriga non o fíxese, nos seguintes casos:

- a. Cando procedendo legalmente á inmovilización do vehículo non houberse lugar adecuado para practicar a mesma.
- b. Cando o VMP, bicicleta, o ciclo ou algún dos seus compoñentes considérense abandonados ou se, estando amarrados, dificultan a circulación de vehículos ou persoas ou danan o mobiliario urbano.

2. Terán a consideración de VMP, bicicletas e ciclos abandonados, para os efectos da súa retirada polas autoridades competentes, aqueles VMP, bicicletas ou ciclos presentes na vía pública faltas de rodas, co mecanismo de tracción inutilizado ou cuxo estado demostre de maneira evidente o seu abandono.

3. A autoridade municipal poderá proceder ao corte do elemento de seguridade ou cadea das motocicletas, ciclomotores e bicicletas, ciclos e VMP que se atopen estacionados amarrados con cadeas, cadeados ou calquera outro elemento de seguridade nos supostos que, conforme á presente Ordenanza e á normativa de tráfico e circulación, proceda a retirada de vehículos da vía pública.

4. O Concello da Coruña levará os VMP, bicicletas e outros ciclos abandonados ao depósito municipal. Transcorrido o prazo de dous meses contados desde a data na que se constatase polos/as axentes da autoridade municipal a presunción de abandono das bicicletas ou dos VMP, sen que quen acredite a súa titularidade ou sen que a persoa debidamente autorizada por tal titular procedese á súa recollida, polo órgano municipal no que se delegou a competencia de xestión do tráfico, ditarase resolución pola que se declararán como residuo e ordenarase, se non reunisen condicións adecuadas para a súa recuperación ou uso, o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento para a súa posterior destrución e descontaminación, ou ben, se estivesen en perfecto estado de uso ou fosen susceptibles de reparación, a súa reutilización en actividades municipais ou en calquera outro tipo de actividade que se desenvolva por organizacións, asociacións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que teñan finalidades educativas, sociais, culturais, medioambientais ou de interese xeral, previa reparación no seu caso por tales organizacións.

5. Para os efectos establecidos no apartado anterior respecto da reutilización dos ciclos, bicicletas ou VMP cando sexan declarados como residuo, en calquera das actividades enunciadas, polo órgano competente poderase subscribir convenios con organizacións non gobernamentais, colexios públicos, asociacións con fins sociais, educativos, medioambientais ou outras entidades de interese xeral sen ánimo de lucro para a cesión gratuíta de tales vehículos de acordo á lexislación vixente.

TÍTULO DÉCIMO: RÉXIME XURÍDICO SANCIONADOR

Capítulo 1. Normas xerais

Artigo 174. Réxime xurídico aplicable

1. O incumprimento das normas reguladoras do tráfico, a circulación de vehículos e a seguridade viaria contidas na presente Ordenanza e no resto de normativa vixente nesta materia, supoñerá a aplicación do réxime de infraccións e sancións establecida nesta Ordenanza e na vixente lexislación estatal sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria.

2. O incumprimento das obrigacións, prohibicións ou medidas establecidas especificamente para os vehículos de motor por motivos medioambientais, supoñerá a aplicación da normativa estatal, autonómica e local sobre calidade do aire e protección da atmosfera e, concretamente, do réxime de infraccións e sancións da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de Calidade do Aire e Protección da Atmosfera, na medida en que non afecten á seguridade viaria nin á ordenación do tráfico.

3. O incumprimento das normas reguladoras da protección fronte ao ruído contidas nesta Ordenanza, supoñerá a aplicación do réxime de infraccións e sancións establecida na Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.

4. O incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións recollidas na presente Ordenanza e no resto de normativa aplicable, que non se refiran ao establecido nos tres apartados anteriores, rexeranse polo réxime de infraccións e sancións desta Ordenanza e polo disposto no Título XI da LBRL, así como, no seu caso, pola normativa que resulte de aplicación en función do incumprimento do que se trate, e en todo caso suxeición aos principios que para o exercicio da potestade sancionadora recóllense na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

5. Cando se trate de accións ou omisións que puidesen ser constitutivas dos delitos tipificados nas leis penais, o Concello da Coruña, suspenderá a tramitación do expediente sancionador e poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal por se houbese lugar ao exercicio da acción penal. A suspensión da tramitación interromperá o cómputo do prazo da prescrición da infracción.

A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa nos casos en que se aprecie a identidade do suxeito, do feito e do fundamento. De non estimarse a existencia de delito ou falta ou de non apreciarse identidade de suxeito, feito e fundamento, o órgano competente continuará a tramitación do expediente sancionador.

6. As responsabilidades administrativas que se deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa esixencia á persoa infractora da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e prexuízos causados, que será determinada e esixida polo órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 175. Suxeitos responsables

1. Serán considerados suxeitos responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións na presente Ordenanza ou que teñan a consideración de responsables de acordo co disposto na normativa que sexa de aplicación á infracción de que se trate.

2. No caso das infraccións relacionadas coas ocupacións do dominio público, serán suxeitos responsables as persoas titulares da autorización e/ou as propietarias das instalacións colocadas en dominio público e, no caso dos vaos, tamén poderán ser as propietarias ou posuidoras lexítimas do inmovible ou as promotoras da obra para os vaos provisionais de obra.

3. Cando o cumprimento das obrigacións previstas corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan.

Artigo 176. Adecuación da sanción coa gravidade da conduta infractora

A gravidade das sancións impostas deberá gardar a debida adecuación coa gravidade da conduta infractora, en consideración dos seguintes criterios:

- Aqueles previstos na lexislación vixente sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria.
- A existencia de intencionalidade, reiteración ou persistencia da conduta infractora.
- A natureza dos riscos ou danos causados nas persoas ou seguridade viaria.
- A intensidade da alteración da orde provocada coa conduta.
- A reincidencia na comisión no termo dun ano de polo menos dúas infraccións da mesma natureza declaradas firmes en vía administrativa. Entenderase que dous ou máis infraccións son da mesma natureza sempre que, coa súa realización, se conculquen preceptos contidos nun mesmo Título da presente Ordenanza.

Artigo 177. Concorrenza de sancións

1. A quen cometa dous ou máis infraccións reguladas na presente Ordenanza, imponse as sancións correspondentes a cada unha das sancións cometidas.

2. Con todo, cando, en aplicación da presente Ordenanza, unha persoa cometa dúas ou máis infraccións entre as cales exista unha relación de causa e efecto, imponse unha soa sanción, correspondente á sanción máis elevada.

Capítulo 2. Procedemento sancionador**Artigo 178. Principios**

1. O procedemento sancionador aplicable ás infraccións tipificadas na presente ordenanza tramitarase de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e cos principios da potestade sancionadora recollidos na Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, excepto en materia de tráfico e seguridade vial no que se tramitará de acordo ao TRLSV sendo a dita Lei 39/2015 de aplicación supletoria.

2. O órgano competente para a súa iniciación poderá adoptar as medidas de carácter provisional que sexan necesarias para evitar que se produzan ou manteñan no tempo os prexuízos derivados da presunta infracción.

3. De acordo coa normativa indicada no punto primeiro deste artigo, o órgano competente para resolver o procedemento poderá aplicar as reducións de multas previstas nas ditas normas, condicionado á desistencia ou renuncia de calquer acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Artigo 179. Competencia.

1. A competencia para sancionar as condutas constitutivas de infraccións tipificadas na normativa estatal de tráfico cometidas en vías urbanas corresponderá á Alcaldesa ou órgano que tivese delegada esta atribución, segundo o disposto no artigo 84 da TRLSV.

2. Nos supostos de uso especial de dominio público, a incoación e resolución do procedemento sancionador corresponde ao órgano municipal competente para conceder a correspondente autorización.

3. A competencia para sancionar condutas que constitúan infraccións, distintas das anteriores, tipificadas na presente ordenanza corresponde á Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegase esta competencia, segundo o disposto na Lei de Bases de Réxime Local.

Artigo 180. Denuncias

1. Á Policía Local deberá denunciar as infraccións da normativa estatal en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria, así como as infraccións a esta ordenanza que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación e de seguridade viaria, no exclusivo ámbito das súas competencias.

2. O persoal que exerza labores de control do servizo de estacionamento regulado ORA denunciará todos os feitos que poidan constituír infraccións á normativa municipal de estacionamento que observen no desempeño da súa tarefa.

3. Así mesmo, calquera persoa poderá denunciar, conforme a TRLSV, os feitos que poidan constituír infraccións á normativa de circulación e seguridade viaria ou a esta ordenanza das que sexa testemuña ou teña coñecemento.

Artigo 181. Prescrición

As infraccións e sancións prescribirán de acordo co que para ese efecto estableza o réxime xurídico aplicable a cada infracción e sanción.

Capítulo 3. Infraccións e Sancións tipificadas na presente Ordenanza**Artigo 182. Disposicións xerais**

1. Terán a consideración de infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas na presente Ordenanza e que se clasifican en moi graves, graves e leves.

2. Salvo previsión legal distinta, as infraccións indicadas na presente Ordenanza sancionaranse con multas que, en todo caso, respectarán as contías fixadas polo artigo 141 da LBRL.

Artigo 183. Infraccións e sancións relativas a bicicletas, ciclos de transporte e VMP

1. As accións e omisións relativas a bicicletas, ciclos e VMP que constitúan infracción de acordo coa normativa de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria sancionaranse de acordo coa mesma.

2. As accións e omisións, distintas das indicadas no apartado anterior, que constitúan un incumprimento das prohibicións e obrigacións en materia de bicicletas, ciclos e VMP (VMP) contempladas nesta Ordenanza serán cualificadas como infraccións de carácter leve, salvo as cualificadas como graves e moi graves nos seguintes apartados.

3. Teñen o carácter de infraccións graves as seguintes:

- a. Circular en ciclo, bicicleta ou VMP superando a velocidade máxima establecida para cada tipo de espazo na presente ordenanza, salvo que teñan a consideración de infracción moi grave.
- b. Circular en ciclo, en bicicleta, ou en VMP de maneira negligente ou temeraria, salvo que teña a consideración de infracción moi grave.
- c. Circular en ciclo, en bicicleta, ou en VMP utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son, ou manipulando dispositivos que impliquen uso manual.
- d. Circular en VMP sendo menor de 16 anos.
- e. Circular en ciclo, bicicleta ou en VMP que non reúnan os características e especificacións técnicas esixidas pola normativa aplicable ou non dispoñer dos certificados de uso e demais documentación que resulte esixible en base á devandita normativa.
- f. Circular en ciclos, en bicicleta, ou en VMP en espazos nos que non permite a circulación deste tipo de vehículos.
- g. Non respectar a prioridade peonil nas zonas sinalizadas como de uso compartido ou nas rúas residenciais, salvo que teña a consideración de infracción moi grave.
- h. Circular sen casco de protección cando sexa obrigatorio.
- i. Circular máis dunha persoa en bicicleta ou VMP ou ciclos que só poidan ser ocupados por unha persoa, sen prexuízo do disposto para as bicicletas no apartado 3 do artigo 33.
- j. Utilización de remolques ou outros elementos non homologados conforme a normativa de aplicación ou incumprindo as condicións que se establecen no artigo 33.

4. Teñen o carácter de infraccións moi graves as seguintes:

- a. Circular en ciclo, bicicleta ou VMP de maneira temeraria ou negligente de forma que se poña en perigo ou risco ao resto de persoas usuarias do espazo ou vía públicos.
- b. Circular en ciclo, bicicleta ou VMP superando os límites máximos de velocidade establecidos, de forma que se poña en perigo ou risco ao resto de persoas usuarias do espazo ou vía públicos.
- c. Circular en ciclo, bicicleta ou VMP pola noite ou en circunstancias de visibilidade baixa sen facer uso da iluminación regulamentaria ou de pezas reflectoras.
- d. Circular en ciclo, bicicleta ou VMP non respectando a prioridade peonil nas zonas sinalizadas como de uso compartido ou nas rúas residenciais, cando con iso se poñan en perigo ou risco a outras persoas.
- e. Circular en ciclo, bicicleta ou VMP arrastrando ou sendo arrastrado por outros vehículos.
- f. Non dispoñer de seguro de responsabilidade civil cando este resulte obrigatorio.

5. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 100 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 200 euros.
- c. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 500 euros.

Artigo 184. Infraccións e sancións relativas a patíns, patinetes, monopatíns ou dispositivos similares non motorizados

1. As accións e omisións que constitúan un incumprimento das prohibicións e obrigacións en materia de patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados desta Ordenanza e do resto de normativa aplicable conforme o réxime xurídico anteriormente recolleito, serán cualificadas como infraccións de carácter leve, salvo os supostos que se regulan a continuación:

2. Teñen o carácter de infraccións graves as seguintes:

- a. Circular con patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados en zonas peonís de forma que se dificulte o uso a viandantes ou se altere a convivencia en tales espazos de forma grave, ou por espazos ou vías non permitidas para iso.
- b. Circular con patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados de maneira negligente.

3. Teñen o carácter de infraccións moi graves as seguintes:

- a. Circular con patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados mediante o arrastre doutros vehículos, xa sexa porque a persoa usuaria se suxeita a estes ou por calquera outro motivo.

- b. Circular con patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados de maneira temeraria.
 - c. Circular con patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados de maneira que se poña en risco grave aos demais usuarios e usuarias.
 - d. Circular con patíns, patinetes, monopatíns ou similares non motorizados pola calzada.
4. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:
- a. As cualificadas como leves con multas de 100 euros.
 - b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 200 euros.
 - d. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 500 euros.

Artigo 185. Infraccións e sancións das persoas viaxeiras no autobús urbano municipal e no taxi

1. As accións e omisións que constitúan un incumprimento do disposto na presente ordenanza en materia de obrigas e prohibicións para as persoas viaxeiras do autobús urbano municipal e de taxi ás que se refire a Sección 4ª do Capítulo 2º do Título Terceiro serán constitutivas de infracción leve agás as contempladas no apartado seguinte como graves o moi graves.

2. Considéranse infraccións graves as seguintes:

- a. Non pagar o prezo do transporte.
- b. Subir ou baixar do vehículo sen que este se detivese completamente
- c. Ingrepar á persoa condutora ou a outras persoas viaxeiras.
- d. Desobedecer as indicacións que realicen a persoa condutora ou encargada do transporte para a boa marcha do servizo.
- e. Subir ao vehículo, a pesar de ser advertido que non pode facelo por estar completa a capacidade do vehículo.
- f. Empregar dispositivos emisores de sonido con altafalantes (teléfonos móbiles, altafalantes ou similares).
- g. Fumar, consumir drogas ou bebidas alcohólicas no vehículo.
- h. Comer no interior dos vehículos ou portar vasos ou botellas sen tapa.
- i. Subir ao autobús con animal de compañía incumprindo as condicións indicadas no artigo 50.

3. Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. Desobedecer as indicacións que realicen a persoa condutora ou encargada do transporte para a boa marcha do servizo, poñendo en grave risco a seguridade das persoas e dos bens.
- b. Levar consigo materias inflamables, explosivas ou perigosas, e tamén armas de fogo.
- c. Subir ao vehículo con VMP
- d. Distraer á persoa condutora ou tocar os mandos ou mecanismos do vehículo.

4. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 100 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 200 euros.
- c. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 500 euros.

Artigo 186. Infraccións e sancións en materia de taxis

1. As accións e omisións relativas ao transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia que constitúan infracción de acordo coa Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro ou a normativa que a complementa ou substitúa, sancionaranse de acordo co réxime sancionador establecido na devandita normativa.

2. As accións e omisións distintas das anteriores que constitúan un incumprimento das obrigacións nesta materia contempladas nesta ordenanza serán cualificadas como infraccións de carácter leve, salvo as cualificadas como graves e moi graves nos seguintes apartados.

3. Teñen o carácter de infraccións graves, as seguintes:

- a. Fumar dentro do habitáculo, mesmo cando o vehículo estea parado e cos portelos baixados.
- b. A negativa á realización de inspeccións extraordinarias por parte do Concello da Coruña.
- c. O incumprimento das prohibicións sobre publicidade.

- d. Negarse a prestar o servizo sen causa xustificada.
- e. Negarse a exhibir o libro de reclamacións ao cliente.

4. Teñen o carácter de infraccións moi graves, as seguintes:

- a. O incumprimento das regras de coordinación que, no seu caso se establezan, en aplicación do artigo 70.4.
- b. O incumprimento dos calendarios que, no seu caso se establezan para asegurar a dispoñibilidade de vehículos adaptados a persoas de mobilidade reducida.
- c. Circular por zonas peonís sen autorización ou sen realizar a comunicación previa recollida no artigo 70.6 para prestar servizo a persoas titulares dunha acreditación de mobilidade reducida.
- d. Non prestar a axuda precisa ás persoas con mobilidade reducida.

5. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 400 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 1.000 euros.
- c. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 3.000 euros, coa posibilidade de declarar a caducidade do título administrativo habilitante.

6. A infracción relativa ao incumprimento das prohibicións sobre publicidade poderá carrexar ademais a obrigaón de eliminala.

7. En canto ás persoas usuarias de taxis, as infraccións e sancións serán as mesmas que as indicadas no artigo 185.

Artigo 187. Infraccións e sancións relativas ao transporte de mercadorías, ás restricións e limitacións á circulación de vehículos de transporte pesado e á autorización complementaria para transporte especial e en réxime de transporte especial, así como relativas á distribución urbana de mercadorías, incluída ás operacións de carga e descarga.

1. As accións e omisións en materia de transporte de mercadorías, restricións e limitacións á circulación de vehículos de transporte pesado e á autorización complementaria para transporte especial e en réxime de transporte especial e distribución urbana de mercadorías, incluídas as operacións de carga e descarga que constitúan infracción de acordo con esta Ordenanza sancionaranse de acordo co previsto na dita Ordenanza e supletoriamente e no non previsto nela, co establecido na normativa de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e na LOTT.

2. As accións e omisións non recollidas no anterior apartado que constitúan un incumprimento das normas que, sobre estas materias se contemplan nesta Ordenanza, serán cualificadas como infraccións de carácter leve, salvo as cualificadas como graves e moi graves nos seguintes apartados.

3. Considéranse infraccións graves as seguintes:

- a. A utilización das zonas de carga e descarga por vehículos que excedan de 8 Tm de MMA ou da máxima permitida segundo a indicación do sinal vertical sen contar cunha autorización municipal a tal efecto ou por vehículos que non sexan aptos para a DUM conforme esta ordenanza.
- b. A realización na vía pública de operacións de carga e descarga no marco da DUM fora das zonas habilitadas para a carga e descarga ou sen contar cunha autorización municipal a tal efecto.
- c. A realización das operacións de carga e descarga nas zonas habilitadas superando o límite máximo de tempo permitido ou fora do horario que se indica no sinal sen contar cunha autorización municipal a tal efecto.
- d. A realización das operacións de carga e descarga depositando na vía pública os materiais ou as cousas que sexan obxecto da carga ou descarga, salvo autorización expresa para ocupación da vía ou o espazo público, mediante reserva temporal de espazo, reguladas no Título Oitavo.
- e. Deteriorar ou ensuciar o pavimento e/ou o mobiliario urbano como consecuencia das operacións de carga e descarga, sen prexuízo das obrigas de reparación e limpeza por parte persoas encargadas destas operacións.
- f. Superar na realización da carga e descarga os niveis máximos de ruído fixados na normativa vixente en materia de ruído e de protección contra a contaminación acústica.
- g. Non realizar a carga e descarga, cando sexa posible, do lado máis próximo á zona de estacionamento/beirarrúa, ou de xeito que se dificulte a circulación tanto das persoas como dos vehículos.
- h. A realización de operacións de carga e descarga con elevación o descenso de materiais mediante mediante poleas, guindastres ou outro tipo de maquinaria que poda supoñer un perigo para o resto de persoas usuarias da vía ou sen sinalizar ou balizar a zona adecuadamente, cando sexa imprescindible a súa utilización.

- i. Non respectar a prioridade que teñen as persoas viandantes con respecto ás operacións de carga e descarga nas zonas peonís e demais vías de acceso restrinxido, ou obstaculizar nestas zonas o espazo destinado ao acceso a vivendas e comercios.

4. Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. Circular nas vías do termo municipal da Coruña -a excepción dos seus polígonos comerciais-industriais regulados na norma zonal de actividades económicas do Plan Xeral de Ordenación Municipal e aqueles que puideran incorporarse- con vehículos destinados ao transporte de mercadorías cuxa MMA exceda de 3.500 kg sen a autorización municipal a que se refire o artigo 83 da ordenanza ou con incumprimento das condicións da mesma.
- b. Circular os vehículos considerados de transporte especial ou en réxime de transporte especial sen a autorización complementaria de circulación á que se refire o artigo 84 da ordenanza ou con incumprimento das condicións da mesma.
- c. Circular os vehículos que transporten mercadorías perigosas sen a autorización referida no artigo 85 da ordenanza fóra dos horarios e itinerarios establecidos ou con incumprimento das condicións da autorización.

5. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 200 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 500 euros.
- c. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 3.000 euros.

Artigo 188. Infraccións e sancións en materia de paradas e estacionamentos

1. As accións e omisións relativas a paradas e estacionamentos que constituían infracción de acordo coa normativa de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria sancionaranse de acordo coa mesma.

2. As accións e omisións, distintas ás indicadas no apartado anterior, que constituían un incumprimento das prohibicións e obrigacións en materia de paradas e estacionamentos contidas no Título Sexto desta Ordenanza serán cualificadas como infraccións de carácter leve, salvo os supostos que se regulan a continuación.

3. Teñen o carácter de infraccións graves as seguintes:

- a. Parar ou estacionar en lugares non permitidos segundo a sinalización existente.
- b. Parar ou estacionar en lugares non permitidos entorpecendo ou obstruíndo a circulación de vehículos, viandantes ou bicicletas.
- c. Parar ou estacionar nas zonas de recarga de vehículos eléctricos, de maneira que se impida o uso dalgún dos devanditos puntos de recarga.
- d. Parar ou estacionar en lugares non permitidos de modo que se reste ou impida a visibilidade dun paso peonil ou dalgunha intersección ou bifurcación, poñendo en risco ao resto de persoas usuarias da vía pública.
- e. Estacionar nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público, organismos oficiais, consulados, persoas con discapacidade ou diversidade funcional que presentan mobilidade reducida e outras categorías de persoas usuarias carecendo da necesaria autorización habilitante, que no caso das prazas para persoas de mobilidade reducida, é a tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional que presentan mobilidade reducida, así como en zonas sinalizadas para estacionamento de bicicletas e motocicletas ou ciclomotores.
- f. Parar ou estacionar en lugares que impidan a retirada ou baleirado de colectores .
- g. Estacionar nos lugares que vaian ser ocupados temporalmente para outros usos ou actividades e se atopasen sinalizados adecuadamente polo menos con dous días de antelación.
- h. Estacionar en rúa residencial, salvo nos lugares expresamente sinalizados como estacionamento.
- i. Estacionar o ciclo, VMP, patinete non motorizado ou bicicleta amarrados ao mobiliario urbano ou árbores.
- j. Estacionar o ciclo, VMP, patinete non motorizado, bicicleta, motocicleta ou ciclomotor entre outros vehículos de tal maneira que impidan o acceso aos mesmos ou obstaculicen as manobras de estacionamento.
- k. Estacionar a motocicleta ou ciclomotor en zonas peonís e rúas residenciais, salvo sinalización expresa que o autorice, nos estacionamentos reservados para ciclos e bicicletas ou sobre os carrís-bici.
- l. Estacionar o ciclomotor ou motocicleta de máis de dúas rodas en estacionamentos específicos para ciclos e bicicletas ou sobre os carrís-bici.

- m. Estacionar autobuses, remolques, tractores, caravanas sen a cabeza tractora, vehículos especiais e camiões de peso máximo autorizado (PMA) superior a 3.500 quilogramos, en todo o termo municipal, salvo nos lugares destinados para ese efecto, así como os furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen prexuízo do seu PMA, oculten as fachadas de edificios ou poidan facilitar o escalamento ao interior dos mesmos, ou diminúan o espazo de calzada para circular.
 - n. O estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravana, de forma que obstaculicen a circulación ou supoñan un risco para o resto de usuarios e usuarias da vía ou sen inmovilizalos adecuadamente, de maneira que poidan ser desprazados espontaneamente ou movidos por terceiras persoas.
 - o. O estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravana, sobrepasando as marcas viais de delimitación da zona de estacionamento ou invadindo o carril de circulación
 - p. Estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper e vehículos con caravana, colocando elementos tales como toldos, patas estabilizadoras ou niveladoras, mesas, cadeiras ou calquera outro mobiliario doméstico no exterior, así como despregar calquera outro elemento que amplíe o perímetro do vehículo en marcha.
 - q. Adiantar a persoa ciclista deixando un espazo lateral de menos de 1,5 metros ou sen manter unha distancia de seguridade prudencial e proporcional á velocidade de maneira intimidatoria.
4. Sancións. As infraccións descritas neste artigo sancionaranse da maneira seguinte:
- a. As cualificadas como leves con multas de 100 euros.
 - b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 200 euros.

Artigo 189. Infraccións e sancións relativas a estacionamento en zona ORA

1. Teñen a consideración de infraccións da normativa de regulación de estacionamento as seguintes:
- a. O estacionamento sen título habilitante adecuado á tipoloxía da praza de estacionamento en zona ORA segundo as indicadas no artigo 107.2.
 - b. A indebida utilización do billete de estacionamento.
 - c. O estacionamento por tempo superior ao tempo abonado.
 - d. O estacionamento sen tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional ou discapacidade que presenten mobilidade reducida no caso da exención prevista no artigo 115.g ou non figurar a matrícula do dito vehículo no rexistro correspondente.
 - e. O estacionamento en zona verde en horario exclusivo para os residentes, sen que figure no rexistro correspondente de vehículos autorizados previsto no artigo 111.4.
 - f. Estacionar en Zona ORA calquera dos vehículos que o teñen expresamente prohibido nesta Ordenanza.
 - g. Estacionar fóra dos límites marcados na sinalización horizontal da praza.
2. As infraccións na zona ORA terán a consideración de leves, sempre que non se opoñan á normativa sobre tráfico, circulación e seguridade viaria vixente, sen prexuízo de que concorran con calquera outra infracción.
3. A comisión destas infraccións leva aparellada a imposición de multas de 70 euros.
4. No caso das prazas de estacionamento da zona de uso xeral, poderase eludir a imposición da sanción aplicable á infracción por non ter o título habilitante ou por excederse do tempo abonado, a que se refiren os supostos a) e c) do apartado 1 deste artigo, mediante o abono, nas máquinas expendedoras ou por medios telemáticos, das tarifas que se establezan a tal efecto na correspondente ordenanza fiscal para cada un deles, e dentro dos períodos de tempo que se determinen na dita ordenanza fiscal.

Artigo 190. Infraccións e sancións relativas a zonas de acceso restrinxido e a zonas de baixas emisións

1. As accións e omisións que constitúan un incumprimento das normas da circulación e o estacionamento nas zonas de acceso restrinxido e zonas de baixas emisións contidas nesta Ordenanza serán cualificadas como infraccións de carácter leve, salvo os supostos que se regulan a continuación.
2. Terá a consideración de infracción grave non respectar as restricións de acceso nas zonas de acceso restrinxido e na ZBE, en particular:
- a. O incumprimento da prohibición de acceso, circulación e estacionamento dentro da ZBE nas condicións establecidas no Capítulo IV do título I da Ordenanza.
 - b. O incumprimento da prohibición de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de acceso restrinxido, zonas peonís ou rúas residenciais sen permiso ou autorización.

3. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 100 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 200 euros.

Artigo 191. Vaos

1. Terán a consideración de infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o disposto na presente Ordenanza e o resto de normativa aplicable conforme ao réxime xurídico anteriormente recollido, de acordo coa seguinte clasificación:

2. Consideraranse infraccións leves:

- a. Non manter a sinalización de vao e as demais vinculadas ao mesmo en condicións de conservación adecuadas.
- b. A colocación de illas, espellos ou outros elementos autorizados vinculados ao vao sen adecuarse ás condicións de instalación establecidas polos servizos técnicos.
- c. Calquera outra acción ou omisión que contraveña o disposto nesta Ordenanza e non estea cualificada como grave ou moi grave.

3. Consideraranse infraccións graves:

- a. A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos ou da documentación achegada para a obtención do correspondente título habilitante.
- b. A negativa para facilitar os datos á Administración Municipal que sexan requiridos por esta, así como a obstaculización do labor inspector.
- c. Alterar ou modificar os horarios de vao concedidos no título habilitante.
- d. Non realizar as obras necesarias no tramo de beirarrúa e/ou vía pública afectada polo vao para a súa conservación e mantemento, tras o primeiro requirimento.

4. Considéranse infraccións moi graves.

- a. Non comunicar os cambios de titularidade, cesamento ou outras modificacións das circunstancias para as que foi autorizado o vao,.
- b. A utilización da beirarrúa ou calquera parte do dominio público municipal como paso de vehículos sen autorización municipal.
- c. A colocación de ramplas e elementos equivalentes que faciliten o acceso ao inmovible, así como a colocación de mini-illas sen obter a autorización preceptiva, e que impidan o uso do dominio público municipal por outras persoas.
- d. Non retirar o sinal de vao unha vez declarada a extinción do título habilitante de vao e ordenada a súa retirada ou non entregar a placa unha vez foi dado de baixa o vao.
- e. Os actos que supoñan unha deterioración grave e relevante dos elementos do dominio público.
- f. A colocación de sinais de vao distintas ao modelo oficial fornecido polo Concello, así como a colocación de sinais de vao para que preste o servizo nun local diferente para o que foi autorizado, que impidan o uso do dominio público municipal por outras persoas.

5. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 350 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 750 euros.
- c. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 1.500 euros.

Artigo 192. Outros usos especiais ou privativos do dominio público

1. Terán a consideración de infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o disposto na presente Ordenanza e o resto de normativa aplicable conforme o réxime xurídico anteriormente recollido, de acordo coa seguinte clasificación:

2. Consideraranse infraccións leves:

- a. Alterar ou modificar as condicións do título habilitante conferido, sempre que non supoña unha infracción grave ou moi grave.
- a. Calquera outra acción ou omisión que contraveña o disposto nesta Ordenanza e non estea cualificada como grave ou moi grave.

3. Consideraranse infraccións graves:

- a. A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos ou da documentación achegada para a obtención do correspondente título habilitante.
- b. A negativa para facilitar os datos á Administración Municipal que sexan requiridos por esta, así como a obstaculización do labor inspector.
- c. A colocación de sinais de reserva de espazo en vía pública cando non se autorizase esa ocupación polo Concello.
- d. Non colocar a lona sobre o colector situado dentro do valo de obra.
- e. A colocación de elementos na vía pública que non foron autorizados, ou ben, non retiralos unha vez que se extingui o prazo da autorización, cando non se considere unha infracción moi grave.
- f. Non emendar os danos que se ocasionen na vía pública debido á colocación dos elementos.
- g. O incumprimento da obriga de retirar as bandeirolas e/ou os prismas con todo o material auxiliar de sustentación dentro do prazo dos 2 días seguintes a finalización do prazo de ocupación.
- h. No caso dos aparcadoiros públicos, non dotar ao edificio dos puntos de recarga eléctrica indicados no artigo 133 desta Ordenanza.
- i. No caso dos aparcadoiros públicos, non cumprir coas obrigas establecidas no artigo 126 desta Ordenanza, excepto que afecten á seguridade das instalacións, sendo cualificadas nese caso como moi graves.

4. Considéranse infraccións moi graves.

- a. Non comunicar os cambios de titularidade ou outras modificacións das circunstancias para as que foi autorizado o uso especial.
- b. Non manter a instalación autorizada nas condicións de conservación, seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato público, conforme ao disposto na lexislación aplicable e a autorización.
- c. A colocación de valos, andamios, casetas de obra e outros elementos que ocupen o dominio público, recollidos nesta Ordenanza, sen autorización que supoñan un impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- d. Non retirar os elementos instalados na vía pública, unha vez declarada a extinción da autorización e ordenada a súa retirada, supoñendo un impedimento do uso do espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- e. Os actos que supoñan unha deterioración grave e relevante dos elementos do dominio público.

5. As infraccións tipificadas no presente artigo serán sancionadas:

- a. As cualificadas como leves con multas de 350 euros.
- b. As cualificadas como graves sancionaranse con multas de 750 euros.
- c. As cualificadas como moi graves sancionaranse con multas de 1.500 euros.

Disposición adicional única

O aproveitamento especial do dominio público con terrazas regúlase pola súa propia Ordenanza.

Disposición transitoria única

1. Todas aquelas licenzas ou autorizacións que non fosen preceptivas conforme a regulación anterior existente deberán ser solicitadas dentro do prazo de 6 meses a contar desde a data de entrada en vigor da presente Ordenanza.

2. Nos restantes supostos, deberán adecuarse a esta Ordenanza desde o momento en que se produza calquera alteración ou modificación que xustifique ou requira ditar un novo acto administrativo por parte do Concello da Coruña.

3. As autorizacións de vao que se atopen vixentes e que fosen outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, continuarán renovándose anualmente conforme as condicións da autorización no seu momento concedida no concernente á súa tipoloxía e para o resto das condicións axustaranse ao disposto na presente ordenanza.

4. As modificacións introducidas nesta Ordenanza con relación á Ordenación e regulación de aparcadoiro en superficie (ORA) respecto da anterior Ordenanza que se derroga coa aprobación desta, serán aplicables cando se formalice un novo contrato. Para o contrato vixente será de aplicación transitoria a Ordenanza municipal do servizo público de ordenación e regulación de aparcadoiro (ORA), aprobada definitivamente o 12 de xuño de 1998.

5. As modificacións introducidas nesta Ordenanza con relación ao transporte urbano regular de viaxeiros respecto da anterior Ordenanza que se derroga coa aprobación desta, serán aplicables cando se formalice un novo contrato. Para o

contrato vixente será de aplicación transitoria a Ordenanza municipal de transportes, aprobada por acordo do Pleno do 19 de outubro de 1992, a excepción dos artigos 50 e 185 da presente Ordenanza, relativos aos dereitos, obrigacións ou prohibicións das persoas viaxeiras e ás infraccións e sancións correspondentes, que serán de aplicación coa aprobación definitiva da presente Ordenanza.

Disposición derogatoria

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou opóñanse ao disposto na presente Ordenanza.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

- a. Ordenanza municipal de circulación, aprobada inicialmente por acordo do Pleno o 10 de marzo de 2003
- b. Ordenanza municipal de transportes, aprobada por acordo do Pleno do 19 de outubro de 1992.
- c. Ordenanza do servizo público de ordenación e regulación de estacionamento (ORA) aprobada por acordo do Pleno do 12 de xuño de 1998.
- d. Instrución Sobre a regulación de uso dos vehículos de mobilidade persoal (VMP), aprobada pola Concellería de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade do Concello da Coruña.
- e. Ordenanza reguladora da expedición de licenzas de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (vaos), aprobada por acordo do Pleno do 4 de outubro de 1993.

3. As referencias contidas en normas vixentes ás disposicións que se derogan expresamente deberán entenderse efectuadas ás disposicións desta Ordenanza que regulan a mesma materia que aquelas.

Disposición final primeira. Entrada en vigor

A ordenanza entrará en vigor cando o seu texto sexa publicado integramente no Boletín oficial da provincia da Coruña e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

Disposición final segunda. Competencia

A presente Ordenanza municipal apróbase ao amparo da competencia recollida no artigo 25 da LBRL, no artigo 7 do TRLSV, na LOTT e a súa norma regulamentaria, no artigo 14 da LCC e o RD 1052/2022.

Disposición final terceira. Modificación da normativa citada nesta Ordenanza

A normativa citada nesta Ordenanza, entenderase así mesmo referida á normativa que a substitúa.

ANEXO I. DEFINICIÓNS, SÍMBOLOS, ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

DEFINICIÓNS

A

Aparcadoiro municipal: Aparcadoiro municipal: espazo de titularidade ou xestión municipal baixo rasante, en superficie ou en altura, pechado perimetralmente, baixo cuberta ou sen ela, destinado ao estacionamento de vehículos e no que poden prestarse outros servizos urbanísticamente compatibles. Ditos espazos poderán ser xestionados por unha empresa pública municipal á que o Concello da Coruña asigne a xestión directa, ou ben, en réxime de xestión indirecta a través dunha concesionaria do servizo ou da obra pública.

Autocaravana: vehículo especial dedicado ao transporte de persoas para uso turístico, apto para circular polas vías urbanas e interurbanas, construído de maneira que inclúa unha zona habitable e, cando menos, algún do seguinte equipamento mínimo: asentos e mesa, camas ou liteiras convertibles en asentos, cociña e armarios ou semellantes.

Autocaravanista: aquelas persoas legalmente habilitadas para conducir e utilizar estes vehículos, así como toda persoa usuaria dos mesmos aínda cando non estean habilitadas para conducirlos.

B

Bicicletas: ciclo de dúas rodas

C

Calzada: é a parte da estrada dedicada á circulación de vehículos. Componse dun certo número de carrís.

Caravana: remolque ou semirremolque concibido e acondicionado para ser utilizado como vivenda móbil, permitíndose o uso do seu habitáculo cando o vehículo se atope estacionado.

Carril: é a banda lonxitudinal en que pode estar subdividida a calzada, delimitada ou non por marcas viarias lonxitudinais, sempre que teña unha anchura suficiente para permitir a circulación dunha fila de automóviles que non sexan motocicletas.

Carril-bici: é a vía ciclista que discorre pegada á calzada, nun só sentido ou en dobre sentido; denomínase carril-bici protexido a aquel provisto de elementos laterais que o separan fisicamente do resto da calzada, así como da beirarrúa.

Ciclos: vehículos que teñen polo menos dúas rodas e que son propulsados, exclusiva ou principalmente, pola enerxía muscular da persoa ou persoas que están sobre o vehículo, en particular mediante pedais. Inclúense nesta definición os ciclos de pedaleo asistido.

D

Declaración Coruña 30: acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 20 de maio do 2020 polo que se fixan os límites de velocidade nas vías urbanas no termo municipal da Coruña.

E

Estacionamento: toda inmovilización dun vehículo que non se atope en situación de detención ou parada.

G

Gálibo: perímetro que marca as dimensións máximas da sección transversal de un vehículo. Nesta Ordenanza refírese á altura libre debaixo de determinadas estruturas.

M

MMA: masa máxima autorizada.

Medidas de regulación de acceso urbano de vehículos: As medidas de regulación de acceso urbano de vehículos, (Urban vehicle access regulations – UVAR-, en terminoloxía da Unión Europea), son as que se aplican nos municipios para establecer criterios e medidas de control para modificar o acceso libre de vehículos a vías ou zonas da cidade.

O

Orde TMA: Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

P

Peón/Peoa: considérase viandante ou peón/peoa á persoa que transita a pé polas vías e espazos públicos, así como á persoa que se defina como tal na normativa xeral de tráfico.

PMR: praza para persoa con mobilidade reducida

Punto de reciclaxe: espazo habilitado exclusivamente para a reciclaxe de residuos xerados por este tipo de vehículos, tales como baleirado de augas grises (xabonosas) e negras (wc), residuos sólidos e enchido de depósitos de augas limpas (potables).

T

Transporte público urbano colectivo de persoas regular de uso especial: aquel destinado a servir, de forma exclusiva, a un determinado grupo específico de persoas usuarias.

V

Vehículos articulados: automóvil constituído por un vehículo de motor acoplado a un semirremolque.

Vehículo tipo camper: vehículos derivados dunha furgoneta para uso campista, acondicionado para, como mínimo, pernoitar no seu interior e, por regra xeral, con depósito para residuos.

Viandante: considérase viandante ou peón/peoa á persoa que transita a pé polas vías e espazos públicos, así como á persoa que se defina como tal na normativa xeral de tráfico.

VMP: vehículo dunha ou máis rodas dotado dunha única praza e propulsado exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de auto-equilibrado.

VMP para transporte de mercadorías ou outros servizos: son un tipo de VMP de polo menos 3 rodas, situándose 2 delas no eixo máis próximo á carga, e que dispoñen dunha plataforma ou caixón habilitado para este uso.

X

Xestora do aparcadoiro: suxeito encargado de xestionar, manter, conservar e prestar os servizos do estacionamento.

Z

Zona de Baixas Emisións: Enténdese por ZBE, conforme o artigo 14.3 da LCC como o ámbito delimitado por unha Administración pública, en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme a clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no RXV.

Zona de pernoitación e estacionamento reservado: espazos que só dispoñen de prazas de aparcamentos para o estacionamento ou parada exclusivos das autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas, independentemente da permanencia ou non de persoas no seu interior, tanto en horario diúrno como nocturno, podéndose abrir as xanelas coa única finalidade de ventilación nas condicións revisadas no artigo. No seu caso, poderán dispoñer de servizos básicos para o baleirado de fluídos, tomas de auga potable, recarga de baterías, limpeza do vehículo e semellantes. Poderán ser de titularidade pública ou privada e poderán estar localizadas tanto dentro como fóra do chan urbano.

Zona ORA: prazas de aparcadoiro regulado na calzada coas limitacións temporais e espaciais que se determinen.

SÍMBOLOS, ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

cm: centímetro

DXT: Dirección Xeral de Tráfico (DGT)

EPAC (Electrically Power Assisted Cycle): bicicletas de pedaleo asistido

ITV: Inspección técnica de vehículos

Km/h: quilómetro /hora

LBRL: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

LCC: Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética

LXV: Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos

m: metro lineal

ORA: ordenación e regulación de aparcadoiro en superficie

RXCIR: Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo.

Tm: tonelada

TRLSV: Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria (TRLSV en adiante)

UE: Unión Europea


VCC: voltaxe de corrente continua

VCA: voltaxe de corrente alterna

VERTE: vehículos en réxime de transporte especial

W: vatio


ANEXO II. PLANO ZBE CENTRO




ANEXO III. SINALIZACIÓN ZBE CENTRO

	SINAL DE PREAVISO
	SINAL DE RESTRICIÓN DE ACCESO

ANEXO IV. ZONAS DE ESTUDO E MONITORAXE DO FLUXO DE TRÁFICO E EMISIÓN S CONTAMINANTES



ANEXO V. ZONAS DE PLANIFICACIÓN ORA



2025/6242